


# terra *e* tempo

revista galega de pensamento nacionalista

Entrevista a  
**Teresa Alvajar**



Achega ao sistema financeiro galego

Algunhas ideas sobre a figura e obra de Carlos Maside

Galiza cara a Australia onte e hoxe

De Rosalía de Castro a Castelao: o rosto verdadeiro de Galiza

A nova esquerda nos Estados Unidos. Onde está?

DOSSIER | ROSALÍA-MURGUÍA



4

#### Opinión

[ María Pilar García Negro ]

[ Xoán Carlos Garrido Couceiro ]

6

#### Entrevista

Teresa Alvajar

[ Carme Vidal Laxe e Xoán Carlos Garrido Couceiro ]

19

#### Economía

Achega ao sistema financeiro galego

[ Clodomiro Monteiro Martínez ]

26

O turismo: unha actividade estratéxica para o desenvolvemento económico de Galiza

[ Xesús Pereira López ]



35

#### Cultura

Algunhas ideas sobre a figura e a obra de Carlos Maside

[ Rosalía Pazo Maside ]

50

Galiza cara a Australia onte e hoxe

[ María Jesús Lorenzo Modia ]



59

#### Pensamento

De Rosalía de Castro a Castela: o rostro verdadeiro da Galiza

[ María Pilar García Negro ]

68

#### Internacional

A nova esquerda nos Estados Unidos. Onde está?

[ Kathleen March ]

78

#### Viaxes

O canto das pedras

[ Xosé Vázquez Pintor ]



89

#### DOSSIER | Rosalía-Murguía

Rosalía de Castro-Murguía

[ María Pilar García Negro ]

Rosalía de Castro

[ Manuel Murguía ]

Ignotus

[ Manuel Murguía ]

Para lermos axeitadamente a Rosalía no terceiro milenio

[ Aurora López e Andrés Pociña ]

Rosalía, matrimonio e opción afectivo-sexual

[ Francisco Rodríguez Sánchez ]

Sombra do meu asombro

[ Marica Campo ]



Pouco teñen que ver as crenzas relixiosas para que o pensamento humano se inspire moitas veces nos mitos ancestrais da súa cultura. Rabindranath Tagore, de ascendencia brahmánica, non foi alleo á influencia do *Mahabarata* e do *Ramaiana*, as grandes epopeas do hinduísmo védico. Folga afirmar que moitas pasaxes bíblicas están presentes nas mellores obras da literatura occidental. Vou tomar eu unha parábola do Evanxeo de San Lucas –a do *Fillo pródigo*– para que me axude a comprender algúns desvaríos do presente.

Antes de nada convén advertir que resulta difícil ubicar a figura de Cristo nalgún dos bandos da confrontación social. Se cando malla nos mercaderes do templo aparece o Mesías revolucionario, case un Che Guevara prematuro, na parábola dos talentos amósase como axente comercial dos banqueiros. Depende da interpretación que del fagan os seus historiadores, os evanxelistas. Lucas, o autor da historieta do fillo gastador, non era un alcabaleiro calquera, como Mateo. Educado nas escolas gregas, tiña a carreira de médico, grande cultura e boa disposición para as artes plásticas. Ou sexa, que viña de casa grande, afeito a comer en mesa cuberta de mantel. Se for talvez arriscado calificalo de aristócrata, non lle podemos negar a súa condición de señorito. Diso vén a demora no relato dunha parábola que está ausente nos outros tres evanxelistas. Porque debería por glorificar a historia dun *bon vivant* da súa caste. A maioría dos lectores da miña xeración coñecen esta fábula, porque xurraba a fío nas prédicas do púlpito e nas leicións da escola. Vou traducila a enxoita prosa actual para facer o apólogo máis comprensíbel. O fillo máis novo dun facendado colleu a herdanza do pai e foise para lonxe, gastando en pouco tempo a fortuna en diversións e pendangas. Espido de roupa e de diñeiro, para matar a fame entrou a servir de porqueiro na granxa dun vilego, quen non lle permitía fartarse coas landras coas que alimentaba os porcos. Foi entón cando acordou retornar á casa paterna, non por amor senón pola mantenza. O pai vestiuno de gala e matou un xato para celebrar o retorno do fillo.

Queixouse seu irmán, e con moita razón, cando de volta da viña escoitou a música e as danzas organizadas para festexar a volta do pródigo. El, que despois de tantos anos servindo a seu pai, nunca lle dera este un carneiro nen unha ola de viño para ir de farra cos amigos. O único prato extraordinario que comera fora unha pepitoria feita coa galiña que un can mordeira na hora do veciño. O recebimento dispensado ao esfameado libertino máis parecía o dun enriquecido emigrante retornadeo de Damasco, lugar onde daquela se facían as Américas. O atractivo económico desta cidade quizais explique a accidentada viaxe de San Paulo. A ela se dirixían moitos aventureiros para medrar e divertirse e non para pregar.

Calmouno o vello: “Sempre me serviche con lealdade. Cando eu morra todo canto teño será teu. Abóndache a ti o meu amor. Na casa paterna nunca tiveche luxos, pero tampouco pasaches fame. Tes que decatarte, meu filliño, de que teu irmán estaba morto e resucitou, que se extraviou e reapareceu”. Aquí remata a parábola segundo Lucas relatou. Ignoramos cal foi a

reacción do fillo leal, pois non coído que asentise resignado ao sermón do pai. Puido entrar a vergallazos e desfacer a festa. Sería a resposta máis lóxica e valente. Puido irse a Damasco coas mans limpas, pois a herdanza xa fora comesta polo crápula. O silencio de San Lucas parece suxerir que acreditou nas razóns aducidas polo pai. Non atopei referencias a esta pasaxe en ningún dos outros evanxelistas, pois sigo a desconfiar da versión dada por quen procede dunha extracción social máis elevada. A mentalidade do narrador distorsiona as máis das veces a obxectividade do relato.

Nesta altura xa o lector se terá preguntado a onde penso levarlo coa miña versión da parábola evanxélica. Falar aquí do fillo pródigo é tan absurdo como volver ao conto da Lámpada de Aladino. Úrxeme, portanto, dar canto antes unha explicación a quen ten a paciencia de me ler. O tema do artigo veume suxerido pola situación que atravesa a economía occidental, e as medidas arbitradas polos gobernos para combatela. Se até nas perruquerías se fala dela non vou eu ignorala nos meus escritos. É ben coñecida a opulencia e molicie na que sempre viveu o capital, dilapidando alegremente as plusvalías obtidas da explotación do povo. Privatizou primeiro os recursos que a natureza nos deixou en herdo para servir a todos. Fixo despois, dos explotados, consumidores ademais de escravos. O que na especie humana sucedeu non tivo semellanza en nengunha outra. Dá figos a figueira para pombas brancas e para merlos mouros. Un caso único de privatización é a feita coa mexada polos cánidos, coa particularidade de que a usurpación do territorio non dura máis que o cheiro dos ouriños. Acouta o lobo para riscar camiños, non para expulsar competidores.

As relacións do Estado co capital son as máis parecidas ás do fillo pródigo co seu pai. O capital arreñegou do Estado desde que se fixo mozo tras a revolución industrial do dezaioito. Non é que renunciase só á súa tutela. Antes de convertelo en servo, trancoulle as portas para que non puidese fiscalizar as súas falcatruadas. A única lei, o único poder admitido por el é a autoridade do mercado. Mercado libre para manter cativa a sociedade que escraviza. Antes de esbarar, falarlle de Estado ao capital era mentarlle o saca-untos. E vén agora, non humilde senón petulante, a esixir dos poderes públicos que o saquen da latrina económica na que o mergullou o sistema que ten como único deus. Salvemos entre todos os bancos, que tantos sacrificios levan feito por sacar de apuros aos seus hipotecados. Botémoslle unha man á industria do automóbel, na que un conselleiro de administración gaña máis nun mes que en cinco anos calquera dos seus operarios máis cualificados.

Salvemos o euro, salvemos o dólar, salvemos o ouro, aínda que o doente teña que agardar á morte para curar o reuma. Que máis dá. No cemiterio hai covas abondo para enterrar obreiros. “Proletarios de todo o mundo, unídevos”, frase escollida de bandeira polos revolucionarios do século pasado, coreouna hai pouco en Washington a “Reunión dos 20”, trocando *proletarios* por *capitalistas*. Aquele reunión na que o Presidente español

Antes de esbarar, falarlle de Estado ao capital era mentarlle o saca-untos. E vén agora, non humilde senón petulante, a esixir dos poderes públicos que o saquen da latrina económica na que o mergullou o sistema que ten como único deus

ocupou unha cadeira emprestada. Chora o Estado, cando nunca verteu unha bágoa polos emigrantes que se foron nen polos que veñen. Aos atributos clásicos que lle outorga a ciencia política –benefactor, liberal, do benestar– hai que engadirlle o máis importante: Estado salvavidas de banqueiros. Dame a risa, e tamén o pranto, escoitar ás Administracións públicas estimulando entre os consumidores a compra de vehículos para alimentar a fraca carteira de pedidos dos fabricantes. Aumentou a clientela dos comedores económicos. Rara vez aparecen nos telexornais, precisamente nun medio que reserva os mellores espazos para as crónicas de sucesos. Nunca entrou esta clientela nos debates parlamentarios. A tribuna está reservada para a dura metafísica da macroeconomía, non para falar das coitas da microsociedade.

E que fai o vulgo –o fillo servicial– sobrio antes na fartura e agora ignorado na miseria? A parábola silencia a súa reacción. Das


interpretacións que eu dei para suprir este silencio, os barbudos de Cuba desfixeron a festa co vergallo. “Chegou o comandante e mandou parar”, así reza a cántiga que levan na gorxa os modernos mambises da illa caribeña. Eu non pido tanto. Non pido o sacrificio dunha nova violencia a quen sempre viviu na violencia. Pero, por favor, non tomemos outra vez o camiño de Damasco. Deixemos de bicarlle a man a quen a empregou para darnos labazadas. Estamos dispostos a morrer, pero xamais volveremos chamar salvadores aos verdugos, pois iso foi o que fixemos cando acreditamos na mentira de que era o amo quen daba de comer ao seu criado.



BAUTISTA ÁLVAREZ

## Jenaro Marinhoas del Valle (1908-1999): A memoria viva dun século de Historia da Galiza

[ María Pilar García Negro ]



Jenaro Marinhoas: memoria activa do século XX. Non só pola evidencia cronolóxica de a súa vida ocupar a práctica totalidade do século XX, decisivo por tantos factores na historia da Galiza, senón, e sobre todo, por ser modelo de galego moderno, isto é, fiel á súa Terra, leal coa súa patria, intelectual e escritor que, lonxe de calquer tentación de abandono en tan duras circunstancias como as que impuxo o desenlace da guerra civil española, continuou a tecer, amorosa e intelixentemente, a súa tea de significar, no teatro, na poesía, tamén na presenza pública vinculada ao nacionalismo galego contemporáneo, a Galiza toda.

Integrante das Irmandades da Fala; membro fundacional das Mocidades Galeguistas; discípulo que foi de Castelao ou de Suárez Picallo..., resulta ser un dos máis modernos, renovadores e adiantados autores do teatro galego contemporáneo, que, con limitadas edicións da súa obra en vida, hoxe podemos coñecer integralmente mercé á publicación da súa produción dramática completa realizada por Alexandrina Fernández Otero e Lino Braxe. O labor destes estudiosos, como o afán de Pablo González Mariñas e doutros membros da familia, unidos ao traballo rehabilitador de entidades como a Agrupación Cultural da Coruña “Alexandre Bóveda”, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega ou a Asociación de Escritores en Lingua Galega (da que fora nomeado membro de honra), así como da inestimábel colaboración institucional da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña, permite agora, a cen anos do seu nacemento, conmemorarmos debidamente a efeméride, nun acto de xustiza, de reubicación da nosa historia cultural e dunha memoria histórica galega merecente de tal nome.

Como Ricardo Carvalho Calero, Jenaro apuntouse á rectificación da historia da Galiza. Respeitando a tradición, desbota o tradicionalismo, mesmamente por lesivo para aquela. Profundo coñecedor da diacronía literaria galega, dedicou, en silencio e nun traballo constante de servizo a unha literatura galega que, malia todo, debía continuar e modernizarse á altura dos tempos, deixounos páxinas inmejorábeis do mellor teatro que se escribiu no século XX e que pede a gritos unha socialización

(leitura; coñecemento escolar; encenacións e representacións por toda a nación...) a que estas Xornadas desexan contribuír directamente.


Sabedor de que a lingua galega, e a cultura nela desenvolvida, teñen todo a gañaren na relación coa cultura portuguesa e en lingua portuguesa, practicou sempre aquel presuposto de estreitar vínculos con ela, herdado do nacionalismo galego de preguerra. Non demitiu nunca daqueles compromisos adquiridos xa na súa primeira xuventude e mantidos durante toda a súa vida. Porque xoven foi sempre e en contacto coa xente moza e coas xeracións posteriores á súa -que tanto e tan ben aprendemos del- estivo decote e, singularmente, nos seus derradeiros anos de vida. Sabedores nós, hoxe, de que todo llo debemos a persoas como Jenaro Marinhoas del Valle e de que a actual sincronía galega só se pode explicar e só ten sentido na recordación viva de tanta entrega intelectual e patriótica como a que el representou, convidamos a todo o público da Coruña, e da Galiza toda, a (re)coñecérmolos nel, na súa obra e no seu exemplo.



No cumio da Curota –na Barbanza– con Xosé Lois Seixo, Bautista Álvarez, Bieito Lobeira, Pilar García Negro, Marica Campo, Jenaro Marinhoas, Luz Rivas, Alberte Ansedo, Xoán Costa e Pilar Pallarés

## Ramón Piñeiro dende a discrepancia

[ Xoán Carlos Garrido Couceiro ]



Se facemos unha regra do tres, xa deduciríamos o previsíbel persoeiro que sería homenaxeado nas Letras deste ano. Xa non é sen tempo tendo en conta o panorama. Outro que xa tarda é Filgueira Valverde. Case o consegue desta volta. Figuras controvertidas ideoloxicamente mais que tiveron achegas relevantes ao sistema literario galego houbo outras e tiveron o seu ano. Lembremos os franquistas de primeira hora Risco (1981) e Cunqueiro (1991). E estivo ben que así fose, unha lingua e mesmo unha literatura non se sostén só con militancia impoluta. Agora ben, que achega tivo Piñeiro ademais de ser controvertido ideoloxicamente, por non dicir funcionalmente pertinente ao poder nun momento dado?

Xa sabemos que o amor é cego, e mesmo hai quen quere ver en cada carta deste case ágrafo intelectual un tratado de filosofía. Por que non? Todos os homes son filósofos, dicía Gramsci, mais tamén sinalaba que aínda que todo o mundo sabe cocinñar, non lle imos chamar cocineiro a calquera. O caso é que non seremos nós quen quite mérito á súa *Filosofía da Saudade*: estamos acostumados todos os días a atoparmos unha páxina de xornal dedicada a grandes sabios españois que non logran ir máis alá que dicir que "ETA y Al-Qaeda tienen unas estructuras muy parecidas" (José Antonio Marina), "una constitución sin posibilidad de fusilar a Ibarretxe es difícil que se mantenga" (Gustavo Bueno), "El nacionalismo es la enfermedad senil del izquierdismo en España" (Fernando Savater) e cousas polo estilo, e ninguén retira o título de filósofos a estes señores. Ese é o nivel que hai. Non se trata, pois, de nos pormos exquisitos agora cos autóctonos. Con todo, tampouco vale todo.

Non se pode falsear a historia para conseguir o obxectivo de construír un espantallo a medida para adoralo coma un deus á imaxe e semellanza dos seus fieis. Agardamos que se aproveite o ano por quen quixer dedicar tempo e enerxías a tal cousa para profundar de xeito rigoroso e crítico nesta figura. Nese sentido, vén de se presentar unha tese de doutoramento que axiña se substantivará nun libro que responde a un traballo serio e teimudo de Miguel Barros. Ese é o camiño. O seu resultado e as súas opinións poden ser discutíbeis, mais cando menos teremos ocasión de debatermos con fundamento e non limitarnos a asistirnos a cerimonia da confusión sen outro papel que a fe cega na verdade revelada do sacerdote que oficia as diferentes honras que se lle tributan, facendo loanzas vagas e xenéricas á súa calidade moral, ao seu talante dialogante ou á grande influencia da súa mesa camiña na política galega actual. Iso así en abstracto non aporta nada. Agora ben, discutamos en concreto, por exemplo, a súa paternidade do cativo autogoberno que temos. É sabido que, mesmo antes do 36, Piñeiro era reticente a respecto da oportunidade de presentar o Estatuto por canto consideraba que había outras prioridades. Están documentadas diversas respostas negativas á reconstrución do Partido Galeguista logo do 39 (Marino Dónega, Irmáns Saco) e non se decide a pór en práctica este labor organizativo até que teme que o Partido sexa refeito por Valenzuela desde unha óptica prosoviética. Tamén será decisivo na liquidación desta forza política, aínda que, por outra banda, se insiste en apuntar que é o promotor doutras (por exemplo o PSG). Mais o caso é que, na práctica, foi membro da candidatura dunha

forza Estatal, o PSOE, que Castelao sinalara como o maior inimigo do Estatuto Galego xa no seu tempo. E diante disto, cómpre preguntarse que calidade de autonomía se pode agardar reforzando partidos alleos dirixidos desde Madrid?

Contrariamente ao que se di, non é certo que se entrevistase con Giral, nin que lograra que Castelao fose Ministro do seu goberno no 46. Cando menos a documentación á que temos acceso indica todo o contrario (pode que nin sequer propuxera a Castelao para tal posto). Mais o caso é que o interese fundamental que tiña o nacionalismo nese goberno era fixar ao mesmo nivel que vascos e cataláns o status de Galiza, e non só agardar que desde alí se puidese derrubar Franco, cousa que alegou Piñeiro como escusa para se desentender da estratexia do Consello de Galiza. Nese sentido, Castelao era fiel á República, porque a foto fixa de tres estatutos no antes do 18 de xullo é o que máis se parecía ao recoñecemento da estrutura plurinacional do Estado, e non ás 17 Autonomías do "borrón y cuenta nueva" que sostiña e sostén o PSOE. Con todo, foi grazas ao traballo feito polos galeguistas de Castelao nas Cortes (en Montserrat, a pesar do boicot do PSOE galego, e en México, coa oposición belixerante dos prietistas) que foi posíbel que o noso Estatuto fose quedando fixado como dereito adquirido. E, cando no 78 volveron as andadas os "federalistas" de boca para fóra, non lles quedou máis remedio do que distinguiren entre nacionalidades e rexións e estableceren un diferente rango de competencias. Certo que logo veu a "aldraxe", e Piñeiro foi dos que capitaneou a resposta, nos termos de Casares Quiroga, isto é, "non aceptaremos para Galiza menos que para Cataluña". E así foi. Claro que o PSOE co seu "non menos para Andalucía que para Galiza", que logo se estendería a Murcia, A Rioxa..., conseguiu finalmente o que xa daquela temía Castelao: rebaixar "Cataluña" ao rango de Galiza, e finalmente rebaixar Cataluña, Euskadi e Galiza ao nivel das outras 15 Autonomías, isto é: o café para todos. Mais Piñeiro está en contra do concepto "decimonónico" de nación. Moi ben. Como chamalo entón? Ou isto é o mesmo que Cantabria? Agardamos ter a ocasión de que aqueles que apelan á súa escola maiéutica nos deran unha resposta a estas cuestións, ou cando menos nos permitiren manifestar a nosa discrepancia, e non que non ficaran todo nun canto delirante a unhas virtudes que en moitos casos (o culturalismo) non foron máis que unha necesidade ou unha obriga imposta.

Disque ten o mérito de "galeguizar" as forzas estatais: xa vemos o galeguizado que están. Sostiña que Galiza tiña que ter tres forzas homólogas co PC, a socialdemocracia e a democracia cristiá, e ao fin nunha destas características se demostrou axeitada á nosa realidade, en cambio, afirmaba que era imposible un sindicalismo obreiro propio, mais aí está, a pesares do seu prognóstico. Non deu unha. Con todo, véndennos que debemos veneralo pola súa lucidez política e mesmo hai quen o contrapón ao "xenial artista", Castelao, quen non tiña a súa habilidade pragmática para dirixir o nacionalismo. O que tiña Castelao era nacionalismo. O mínimo que se lle pode pedir a quen aspira a tal dirección. Mais o formato haxiográfico desta cerimonia de beatificación non vai axudar ao debate. Non lle negamos aos piñeiristas o seu dereito a renderlle culto, o único que esiximos é o respecto á verdade.

# M<sup>a</sup> Teresa Alvajar:



“Aínda  
vivo no  
desterro”

CARME VIDAL LAXE

XOÁN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

A nosa historia está escrita na biografía de M<sup>a</sup> Teresa Alvajar. Desde o seu nacemento na Coruña de 1922, os grandes acontecementos deixan pegada na súa vida atravesada por exilios e desgarramentos. Filla do xornalista e político republicano César Alvajar e da galeguista Amparo López Jean, o golpe militar pon fin á súa infancia feliz. Desde entón, a familia comeza unha peregrinaxe que os separará para sempre. Pasou polo cárcere da Coruña e polo desterro e soñou durante moitas noites nunha volta a Galiza que xa nunca se daría. M<sup>a</sup> Teresa Alvajar ten a memoria viva e sorprende co seu entusiasmo galeguista cada vez que volve á Terra. O “Viva Galiza Ceibe!” pronunciado por ela con entusiasmo na intervención na homenaxe Mulleres con memoria, organizada pola Consellaría de Cultura e Deporte en abril de 2007 no Teatro Principal de Compostela emocionou a todos os asistentes. Este verán tivemos oportunidade de conversar con ela, poucos días despois de ter recibido en Pontevedra o Premio Día da Galiza Mártir polo seu labor na recuperación da memoria histórica.

– **Vostede provén dunha familia burguesa e republicana. Que lembranzas ten da súa infancia na Coruña?**

Lembro unha casa na Cidade Vella, ao lado da Colexiata de Santa María. Esa casa téñoa gravada dentro de min, nunca a esqueceréi, tiña algo especial. Cando volvíñ despois de trinta anos fóra de Galiza, o primeiro que fixen foi ir vela por fóra. Quedei mirando e era como se vise todas as habitacións, unha por unha, a miña avoa sentada nunha butaca, coa ventá aberta mirando para a rúa... aquela casa ten moitas lembranzas. Nunca a esqueceréi. Logo fomos vivir á rúa Panadeiras, viciños de Casares Quiroga, e alí foi cando veu todo o mal que tivemos enriba. Aquela casa trouxo moi mala sorte.

– **Quen compartía esa casa?**

Os catro irmáns, meus pais e miña avoa por parte de nai, que fora mestra nunha aldea, en Vilaboa (Culleredo), onde nacera miña nai. Era unha persoa moi avanzada. Lembro que cando foran os sucesos de Asturias fun con ela cobrar a pensión que lle daban como mestra xubilada e vin que nun momento cruzou a rúa sen que eu soubera por que. Un amigo que andaba por alí preguntoulle onde ía e ela díxolle que non quería atopar con asasinós. "Os que nos salvaron, Adela, os que nos salvaron!" dixo o outro. Eu comecei a ver o que estaban a facer os fascistas e o seu labor de toupas contra a República.

– **De onde lle viña o apelido Jean?**

De orixe francesa. Era Adela de Jean pero ela quitou o "de". Non lle interesaba nada.

– **Que actividade tiñan os seus pais?**

Meu pai traballou na *Voz de Galicia* e no Concello da Coruña. Despois era presidente do Ateneo Republicano e de Unión Republicana. Primeiro era radical, do partido de Lerroux, pero cando este fixo o goberno, lembro que me dixo que publicara no xornal que xa deixara

de ser radical. Logo, cando se fundou, fíxose do partido de Martínez Barrio. Viñeron as eleccións do 36, que se gañaron limpamente, e meu pai fixo poñer a bandeira republicana no balcón da casa. Lembro dúas nenas da miña idade que dicían: "non importa porque os militares van implantar a ditadura". Quero dicir que, se elas facían ese comentario é que o oían na casa, que a cousa xa se estaba cocendo.

– **A súa nai tamén tiña actividade política como militante galeguista.**

Miña nai foi dos Irmandiños primeiro e logo a primeira afiliada ao Partido Galeguista na Coruña, na agrupación feminina no ano 35. Era republicana pero, por riba de todo, galeguista. Entre os dous había un respecto mutuo.

– **César Alvajar era republicano e anticlerical pero non galeguista. Logo evolúe e acaba sendo representante do galeguismo no exterior.**

Non é ben así. El dicía desde o comezo que non o tiñan por un dos bos e xenerosos pero si era galeguista. Fixo a campaña do Estatuto e traballou por todo iso.

– **Amparo López tiña ideas moi avanzadas.**

Era unha muller moi libre, que loitaba polo voto das mulleres. Niso, mesmo meu pai tiña receos pero logo convenceuse de que os homes e as mulleres tiñan que ter os mesmos dereitos. Miña nai era a primeira muller bacharel da Coruña. Estudara tamén música e francés e era galeguista dos pés á cabeza. Ademais, conviviu varios anos co meu pai antes de casar e só o fixeron polos seus fillos e despois de que nacéramos.

– **Foi quen promoveu que as súas fillas tivesen tamén estudos?**

Eu tiña menos, pero Amparo si. Ana María deixara os estudos porque lle tiraba o violín. Tocara na Orquestra Sinfónica da Coruña de violín primeiro. Miña nai e Amparo tocaban o piano.



Amparo e María Teresa na Coruña no 1935. A estes anos felices seguiron a guerra, a cadea, o exilio dunha familia leal co seu país



Diversos momentos da vida de María Teresa.  
No 1935 (a república), no 1942 (a ocupación nazi)  
e logo cos seus fillos Margarida e Rafael.

– **Acórdase de Castelao naquela época?**

Lembro que cando se topaba coa miña nai pola rúa dábanse unha aperta e dous bicos e saudábanse cun “saúde irmán” que era chocante para moita xente, tratándose dunha muller. Queríanse moito. Lembro a Castelao cando deu o mítin do Estatuto Galego na Coruña. Daquela había dous teatros, o Rosalía de Castro e o Linares Rivas. Falaron nun deles e no outro había altavoces para que a xente escoitara. Nese acto intervirá tamén meu pai. Eu sempre ía aos seus mítins.

– **Como se viviu a República na súa familia?**

Con moito entusiasmo. Meu pai desde que se proclamou a República foi sempre o secretario do alcalde.

– **Que idioma se falaba na súa casa?**  
O castelán, pero miña nai de pequena falaba só galego. A xente criticaba a miña avoa por deixala falar galego pero ela dicía que estaba moi ben así.

– **Despois marcha para Soria cando nomean a seu pai Gobernador Civil. Imos miña nai e eu. Ana María e Javier quedan na Coruña. Meu pai non quería ir de gobernador. Xa o quixeran nomear para Valencia e Pontevedra e rexeitara. Logo aceptou o de Soria e pediulle a miña nai que fosemos con el. Alí estamos moi pouco tempo, non foron máis de quince días.**

– **Falamos do tempo no que se desenvolve o golpe militar. Non vivían con temor?**

Non pensabamos que todo aquilo puidese pasar. Cando se proclamou en Soria o estado de guerra, meu pai quedou no goberno todo o que puido, en contacto con Madrid para ter noticias dos acontecementos. En Soria só había uns poucos gardas de asalto e gardas civís. Daquela lembro que o tenente coronel da garda civil se puxo de acordo coa columna de fascistas que viña sobre Soria. Viñeron ao despacho de meu pai proponéndolle matalo e el non autorizou aquel asasinato. Iso chegou aos seus oídos e foi o que nos salvou porque obrigou a meu pai a saír de Soria. El pensaba que era tan sinxelo como deixar entrar ao gobernador de Franco e darlle os poderes. Meu pai dixo que non abandonaba, que se non había forza maior el non marchaba. O tenente contestoulle: “esa forza maior son eu”.

– **Cando se decatan da gravidade do momento?**

Creo que nunca. Non percibín medo porque había esperanzas de gañar. Temor, intranquilidade, desasosiego... pode ser. A miña nai era moi optimista e sempre tiña na boca a frase: “cando volvamos a Galiza...”. E nuncaolveu.

– **Despois de Soria cara onde se dirixen?**

A meu pai danlle un posto na Xunta de Defensa e de aí transládano a Valencia co goberno.

– **Pero antes paran en Madrid, onde se atopan coa súa irmá Amparo.**



## CÉSAR ALVAJAR: A VOZ DE GALIZA EN EUROPA



César Alvajar, sentado rodeado da súa familia en París

César Alvajar Diéguez (1892-1965), empregado municipal e xornalista, político republicano coruñés afecto ó Partido Republicano Radical, polo que foi candidato nas eleccións constituíntes de 1931, dirixiu o Casino Republicano da Coruña e o semanario *Adelante*, amais de exercer de secretario de Manuel Iglesias Corral (alcalde en 1932-34). En 1934 converteuse, xunto co médico lugués Vega Barrera, nun dos líderes do partido Unión Republicana en Galiza. Durante a Guerra Civil, ocupou o cargo de subsecretario do Ministerio de Propaganda no Goberno Negrín. Exilado en Francia, onde dirixiu as revistas *La Nouvelle Espagne* e mais *República*, órgano de Acción Democrática Republicana Española, en decembro de 1957 foi nomeado delegado do Consello de Galiza en París.

Castelao levará unha boa impresión del na súa frustrante etapa no goberno da República no exilio e así llo confesará aos demais galeguistas. Nunha carta a Alfredo Somoza di: “Penso tamén en Cesar. Parece mentira que se porten con él como se portaron. Advírtoche que eu evitei que lle fixesen unha falcatrada no tempo de Giral. Por eso che perguntei, pois a min parecíame que non-o ían admitir máis e que as promesas que lle facían eran finxidas. Esas economías d-agora comprendoas ben, pois sei a cuantía dos fondos de que dispoñían cando caíu Giral. Dille a César que sinto no corazón este contratempo, e dalle un abrazo meu e saúdos de Virxinia que se lembra moito d-él. E cómo non imos lembrarnos, se él foi tan bo amigo ahí, onde tan poucos atopamos...”

Noutra carta máis explícita fai referencia a súa aposta por Alvajar: “Xa pensamos en César Alvajar. En Franza hai tres deputados galegos e non contamos con ningún d-eles, nin con Portela. Alí hai un tal Plá, galeguista, que somentes serve para armar líos —ese foi sempre o seu oficio— i estou seguro que líos armaría a César. Temos, de por parte, a Lister e os seus partidarios galegos (César non se pudo librar d-esta nefasta influencia). O ano que pasei en Franza fíxoseme interminabel a causa dos maquiavelismos dos comunistas, que

contaban co apoio do pequeno grupo galego que alí eisiste. O Plá está entregado a Lister e non cesa de escribir ao interior contando mentiras, inxuriando e calumniando a todos cantos non lle fagan caso a él. Foi por esto que eu fun o único Ministro que non tiña segredario. Pero, a pesares de todo elo, César Alvajar podía prestarnos un gran servizo e podíamos, de paso, axudalo.

Para eso vou a esplicarche o plan que estamos estudando. Como xa che dixen máis arriba, o movemento federalista europeo ocupa a nosa atención e o discurso de César na Sorbonne, falando en nome de Galiza merece o noso sincero aplauso. Será ben observar que os comunistas están fora do movemento federalista europeo e César Alvajar arrédase deles pol-o feito de ser federalista e levar a voz de Galiza n-esa custión. Pois ben; pensamos dirixirnos ao goberno vasco e ao Presidente catalán (que é o único que queda do goberno de Cataluña) a fin de entendernos con eles para aitar conxuntamente, en nome dos tres povos, no movemento federalista europeo.

Propoñeremos a constitución d-un soio Comité federalista ou a constitución de calisquer outro órgano representativo dos países autónomos de Hespaña, a fin de proclamar ante Europa os nosos ideais federativos dentro do Estado a que pertencemos, pois, en verdade, mal pode ofrecer ningunha garantía de armonía exterior un Estado que se nega a armonizar a súa propia diversidade nacional.”

Finalmente reproducimos o treito da carta de Suárez Picallo, o 31 de agosto de 1958, en nome do Consello de Galiza, se dirixe a Cesar Alvajar a respecto do movemento federalista europeo, do que xa falaba Castelao, e as relacións cos do interior: “Eiqué en Buenos Aires hai unha especie de ‘filial’ do movemento, mellor dito, do Consejo Federal Español, do que forma parte como galego o Presidente da Comisión de Facenda do Consello de Galicia, don Manuel Puente. Mais como todas as cousas españolas de eiqué é unha cousa morta, inerte, ou, como dis ti “inoperante”. Por eso queremos que ti ahí revivas o tema para aitar de cheo. Mentristanto quedas plenamente autorizado para aitar no noso nome, e ternos informados, para nos aitar en todo dacordo ás tuas suxerencias.

DO *INTERIOR DE GALICIA*: O teu fillo Xavier está levando maravillosamente os traballos de enlace con xente de Galicia. Estou preparando un informe sobre o Consello de Galicia -o que é, o que significa, o que fai e o que quer facer- para que el o faga circular no interior. Dille eso de parte miña e dille tamén que coidamos que o *centro de enlaces* con Galicia debe ser París, e debe estar nas súas mans, fóra da correspondencia persoal que eu poida ter desde eiqué. O grupo con quen nós tiñamos relacións —d arredor de ‘Galaxia’— é tamén inerte ou “inoperante” —góstame a palabra— e, como ti dis, está na figueira. Que siga no ‘cultural’, que neso —soio neso— esta moi ben! No outro non ven unha!”



Galeguistas velando o cadaleito de Antón. Enriba identificamos a Elvira Bao (á esquerda) e nai de M<sup>ra</sup> Teresa, Amparo López Jean

Amparo estaba no fronte de enfermeira e volvémonos ver cando ven a Madrid. Ela marchara con Casares Quiroga, ao gañar as eleccións, cun posto no ministerio. Despois estivo no servizo de espionaxe republicano. De aí debeu ser a confusión cando me meteron no cárcere e me acusaban de espía. Ese tempo en Madrid foi difícil. A meu pai acabóuselle o diñeiro e a min acolleume un masón, polo que estiven separada de meus pais. Pasei por varias casas até que meu pai tivo emprego e puiden ir vivir con eles. Ao pouco de partir o goberno a Valencia marchou Amparo e logo fomos nós.

– **En Valencia é onde casan Amparo Alvajar e Arturo Cuadrado.**

Con Castelao de testemuña de voda. O casamento celebrouse no palacio de xustiza e estaba cheo. Foron de viaxe de noivos a Denia, que era o lugar de orixe de Arturo, e leváronme con eles.

– **Que actividade política lembra de seus pais en Valencia?**

Meu pai non saía de casa. Dedicábase a escribir artigos que saían no *Mercantil Valenciano*. Miña nai e eu iamos todas as tardes a un café da rúa da Paz e atopabámonos cos galegos que pasaran ao noso fronte a seguir loitando pola liberdade. A miña nai preocupábase o que pasaba en Galiza. En Valencia viamos a Castelao, a Suárez Picallo... lembro un bombardeo monstruoso e tamén a imaxe da miña nai desescombrando unha perrucaría que estoupara cuns nenos dentro. Ela estaba tirando o escombro, chorando e dicindo "meus fillos, meus fillos". Miña nai traballou como mestra en Manises. Alí estivemos bastantes meses. Eu marchei a Barcelona con Arturo e Amparo e miña nai quedou en Valencia. Ela pasou a Barcelona a víspera do día que pecharon a estrada que chegaba de Valencia. Pasou cun galego chamado Martín Ferreiro que quedou na nosa casa. Logo morreu no campo de exterminio de Mauthausen.

– **Nese tempo en Barcelona, tiñan en mente a volta a Galiza?**

Nunca pensamos que ían tomar Barcelona. Miña nai sempre dicía: "cando gañemos a guerra...". Para min, a nivel persoal, non foi unha época mala porque alí foi onde estiven con Elixio, pasei un tempo precioso porque el foi o amor da miña vida. Logo pasaría moitos anos sen velo.

– **Como coñece a Elixio Rodríguez?**

No Partido Galeguista. Miña nai era secretaria do PG en Barcelona, con Suárez Picallo como presidente. Castelao tamén viña de cando en vez. lembro que tiña a cara moi triste. Os galeguistas tiñan un local e alí iamos polas tardes. Teño o recordo dun acto de Galeusca no que falaron vascos, cataláns e galegos defendendo a unidades dos tres. Ese acto fora na Casa de la Dona.

– **Os primeiros que marchan de Barcelona con destino Franza son Amparo e Arturo.**



Son. Papá traballaba nunha axencia de prensa e chamouno o xefe para dicirlle que non había perigo. Pediu-lle que continuara dando as noticias porque, se pasaba algo, xa lle mandarían un auto para sacar á familia de Barcelona. Ese auto nunca chegou.

– **Pero eles conseguen tamén atravesar a fronteira francesa.**

Porque os empurro eu. Cando vexo que o auto non chega e percibo o que está pasando obrígoos a marchar. Eles tiñan reparos polas maletas, polas cousas e a documentación que tiñan pero eu asegúreilles que me faría cargo de todo. Daquela xa era difícil saír de Barcelona. Había uns trens que saían da praza de Cataluña para a fronteira pero eles xa non os deron collido. Foi cando miña nai viu un camiión con militantes da CNT e parouno para pedir-lle que os levaran. Dalí foron para Girona, onde estaba Elixio.

Miña nai tiña un soño que se lle repetía sepre e era que, canto máis camiñaba, máis se afastaba de Galiza. E parecía que o soño se cumpría. En Franza, ela foi dar no campo de concentración de Argelès sur Mer onde vivían todos apiñados e a xente morría co frío, coas feridas ou coa fame. Cando meu pai conseguiu sacar a miña nai do campo de concentración, foron para Normandía, onde traballaban facendo uniformes para os soldados nunha fábrica de tecidos.

– **Vostede, en cambio, decide regresar á Coruña.**

Toda a miña ilusión era volver á Terra. Atopei nas Ramblas un soldado galego que resultou ser afillado dun amigo de meu pai e ofreceuse a levarme. Primeiro metérame nunha oficina de Falanxe para conseguir un dos bonos que xestionaban para que as persoas puideran volver aos seus lugares de orixe. Fixenme con un pero era difícil coller un deses trens co cal apañei un de pasaxeiros escondida tras un capote militar, facéndome pasar por home, porque non levaba nin documentación, nin cartos, nin nada. Tardei cinco días en chegar á Coruña.

– **Cada un dos catro irmáns ten, nese momento, unha situación difícil e diferente.**

Cando terminou a guerra non había dúas persoas da miña familia no mesmo sitio. Javier estaba escondido porque pasara ao fronte Republicano e xa non puido chegar onda nós. Estaba perseguido por desertor e tivo que agocharse nunha aldea. Cada quen escribía preguntando polo resto e ninguén sabía de todos. Eu, cando cheguei á Coruña, estiven controlada e perseguida. Veu un mozo a facerme preguntas de Barcelona e miña irmá Ana pediulle que me deixara, que estaba moi cansa. Despois veu un policía de Burgos coa acusación de que era roxa e presidenta de checas. Entrevi entón un amigo de meu pai que pediu que me trataran con consideración porque, de non ser así, tería andado de cárcere en cárcere.

Teresa participou xunto coa súa nai na intensa actividade que os galegos tiveron en Barcelona durante a guerra. Castelao será a figura que sobranceiramente planeará ao redor de todo o que se fai a prol da causa da nosa Terra que daquela era tamén a causa da República

A esquerda unha publicación que dá conta das actividades dos republicanos galegos na Francia e nas que tivo un papel relevante o pai de M<sup>a</sup> Teresa, Cesar Alvajar



Homenaxe ás mulleres represaliadas polo franquismo. M<sup>ra</sup> Teresa intervirá para lembrar ás súas compañeiras da cadea da Coruña.

– **Tardan moito en detela?**

Non. Viñeron seis gardacivís a casa a determe. Mira, tan pequena, tan pouca cousa e que medo tiñan de min! Leváronme ao cuartel e alí estiven desde as dez da mañá ate as seis da tarde tomándome declaración. Preguntábanme polo meu pai, porque pensaban que estaba agochado, e tamén pola miña nai. Convencino de que estaba fóra e os gardas dixeron que non había nada contra min pero leváronme aos militares que foron os que me mandaron ao cárcere. Non chorei, non lles podía dar ese gusto.

– **Coincide con moitas presas políticas?**

Lembro a Esther Casares, a Otilia Balboa, a Elena que era unha muller de Santiago casada con Alfredo Caamaño, unha que estaba mala dos ósos e tamén se me ven á cabeza outra que se chamaba Laura, á que lle mataran ao seu compañeiro por comunista. Acórdome dela porque cada vez que Franco ía á Coruña ela entraba no cárcere.

– **Que lembranza ten do cárcere? Estivo dentro cinco meses, non?**

Estiven. Lembro que me levaron para o calabozo un mes porque unha tarde me deu por cantar unha canción coa letra da Xoven Guardia e cinco persoas máis cantaron conmigo, cinco comúnes. Cando rematamos veu o xefe da sección a preguntar quen cantara e unha que se chamaba Antoñita, que estaba na cama, dixo que ninguén. Entón contestou: “Se non foi ninguén, este ala ao completo queda cas-

tigada sen patio e sen comida da rúa”. Cando oín iso acuseime, dixeron que fora eu, porque non quería que castigaran a ninguén. Alguén denunciou a dúas máis e nos meteron no calabozo. Estiven alí un mes, manténdome cun rancho que era incomíbel.

– **A súa cidade de nena desmoroñárase. Da súa familia só quedan na Coruña dúas mulleres novas, sen grandes recursos económicos e perseguidas polo réxime. A tranquilidade de antes convértese agora nunha situación tremenda.**

Pasamos a depender doutros que nos acollen. Miña irmá, cando eu volví de Barcelona, estaba a vivir cunha muller que fora neneira de meu pai. Cando eu saín do cárcere metémonos na casa dunha muller que pertencera á Agrupación Republicana Feminina, Adela, muller de Antonio Mejuto, ao que expulsaran do concello por republicano. Esa señora, que case non tiña para a súa familia, acolleunos a miña irmá e máis a min, e tamén foi a que agochou ao meu irmán, que estaba perseguido.

– **Cando marchan para Franza?**

Miña irmá comeza a tramitar a documentación e, ao comezo, néganlle os pasaportes. Cando os conseguimos comezamos a viaxe o 14 de abril de 1940 que saímos da Coruña ás vinte horas rumbo Franza pola fronteira de Irún. Chegamos a París e fumos á masonería -meu pai era masón- para pedir axuda co fin de chegar a Normandía, onde estaban meus pais. Quedamos unha semana en París.

## AMPARO, ANA MARÍA, M<sup>ª</sup> TERESA. TRES ALVAJAR CON HISTORIA



Amparo López Jean



Amparo Alvajar López



Ana María Alvajar López

M<sup>ª</sup> Teresa Alvajar López

Andada a década dos noventa, uns poucos pero sorprendentes datos puxéronnos sobre a pegada de Amparo Alvajar López. Daquela, a que fora funcionaria internacional en Europa, tradutora e autora e directora teatral, vivía retirada nun caserón en Monçao, ao outro lado do Miño pero coa mirada posta na Galiza á que nunca regresou. Filla de César Alvajar e Amparo López Jean, Amparo nacera o 8 de agosto de 1916 na Coruña, cidade na que desenvolvería a súa primeira formación e na que quedaría marca da súa modernidade e do seu vivir libre. Colaboradora de Casares Quiroga, marcha con el a Madrid, onde se establece antes do golpe militar que fai que se desprace a Valencia, cidade na que casa con Arturo Cuadrado para logo marchar a distintas cidades francesas e embarcar no Massilia

rumbo ao exilio bonaerense. Antes de baixar daquel barco, Amparo ten un aborto pouco despois da morte nun refuxio francés da súa filla de meses vítima dunha pulmonía. De Amparo Alvajar escribira Luis Seoane: “Cunha obra moi disgregada polas circunstancias, é unha das mulleres de formación intelectual máis traballada da Galiza de hoxe e unha importante escritora, con obra feita e tamén espallada nunha e outra cidade, Bos Aires, Nova York, París, Xenebra”. Na busca de Amparo Alvajar demos con Ana María, residente entón en Madrid e autora despois do libro *Notas sobre Amparo Alvajar, exiliada gallega* (Edicións do Castro, 2000), un volume que recolle a súa obra dramática e un conxunto de extraordinarias cartas da escritora.

A procura de Amparo abriunos a porta de Ana María, unha muller miuda e nerviosa que, nos seus últimos anos só tiña dous obxectivos vitais: ver publicadas as súas memorias e traer os restos dos seus pais á Coruña, como nos diría nun encontro nunha tarde de inverno en Madrid. O primeiro desexo poderíao ver en vida. Edicións do Castro tira do prelo no 2002 as súas memorias *Soltando lastre*, un relato da súa vida polo que transita toda a familia Alvajar e no que aparece, con presenza propia, M<sup>ª</sup> Teresa, a máis pequena dos irmás, sobre a que Ana María deita no libro o seu afán protector, en especial cando a cativa padece o cárcere da Coruña e cando, despois, deciden fuxir as dúas cara Franza. Violinista e escritora, Ana M<sup>ª</sup> mantiña o orgullo de familia burguesa xunto á necesidade de xustiza por todo o sofrimento que os seus tiveron que padecer. Nas últimas conversas confesaba que non quería morrer sen que César Alvajar e Amparo López Jean descansasen para sempre en Galiza. Infelizmente, Ana María non puido conseguir ver cumprido o seu segundo desexo. Morre poucos días antes de que, en xaneiro de 2006, as cinsas de seus pais descansasen para sempre en San Amaro, o cemiterio coruñés que ela tamén elixiu para ser enterrada.

Nese acto tan agardado ao que Ana María non pode xa asistir, M<sup>ª</sup> Teresa aparece como a última testemuña da historia das Alvajar. Alá está ela na imaxe dun acto histórico, recibindo na súa cidade corenta anos despois, a memoria de seus pais, as últimas cinsas daqueles César e Amparo que abridan na Cidade Vella unha casa feliz que M<sup>ª</sup> Teresa Alvajar López non esquecerá xamais.

Cando cheguei a Normandía miña nai dixo que era mellor que traballara eu no seu lugar na fábrica de tecidos para quedar ela na casa porque a miña irmá Ana chegara moi destruída e precisaba os seus coidados. Faciamos uniformes para soldados.

– **Alí teñen que vivir outra guerra.**

Cando os alemáns invaden Normandía instalan un campamento onde nós viviamos. Foi un medo terríbel. Meu pai agochou toda a documentación. Nós

daquela xa tiñamos os pasaportes para ir a América pero ao chegar os alemáns todo se foi abaixo. Logo pechou a fábrica de tecidos e eu tiven que ir traballar de criada á casa dunha muller alsaciana. Dese pequeno soldo e as leccións que daba meu pai iamos tirando con moitas penalidades.

– **Aínda falaban entón de volver a Galiza?**

Daquela xa vían que non ía ser posíbel.

– **Despois van para Montauban.**

## “VIVA GALIZA CEIBE!”



Intervención de Mª Teresa na homenaxe ao exilio

A primeira vez que tivemos oportunidade de asistir a unha intervención pública de Mª Teresa Alvajar foi en abril de 2007 en Compostela. A Consellaría de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, organizaba no Teatro Principal da capital galega a homenaxe “Mulleres con Memoria” na que foran convidadas máis de trinta mulleres que, dun xeito ou outro, viviran a represión franquista. O a de Alvajar fixo que Mª Teresa fora a primeira en subir ao escenario, apenas comezado o acto. O silencio do teatro rompeuse cun inesperado e enérxico “Viva Galiza Ceibe!” que estremeceu ao auditorio e fixo que os máis dos presentes se preguntaran quen era aquela muller da que apenas existían datos.

Mª Teresa Alvajar pasara case toda a vida fóra da súa Terra, lamentábase de que lle tiveran “roubado a lingua” pero, cando isto dicía, agasallaba cun discurso nun galego fluído, abofé que mantido como un tesouro nas súas casas de Barcelona, París, Montauban, Madrid ou Sevilla. Esa era a primeira intervención á que asistimos. A primeira imaxe viña dun ano atrás, cando ela é xa a única filla supervivinte que asiste ao enterro das cinsas dos seus pais César Alvajar e Amparo López



Recepción do Alcalde de Pontevedra con motivo do Día da Galiza Martir

pez Jean no cemiterio de San Amaro, na Coruña, despois de estaren corenta anos depositados en París.

Nestes dous actos, Mª Teresa Alvajar revélase como unha voz firme na recuperación da nosa memoria, como unha testemuña singular que continúa mantendo a xustiza como un dos obxectivos que conducen a súa vida. Recolle, na súa palabra, a memoria dos seus, de seu pai César Alvajar e, de maneira especial, de súa nai Amparo López Jean, de quen aprendeu a liberdade, o amor á terra e á lingua e a vontade de regresar sempre a este país. Tamén de seu irmán Javier e, con singular relevo, das súas irmás Ana María e Amparo, mulleres con biografías que se entrecuzan pero que, dalgún xeito, teñen como denominador común o ter vivido situacións difíciles e ter saído delas por si propias con valentía.

Quen tivo ocasión de ver falar a Mª Teresa Alvajar en Compostela non perdeu a oportunidade de asistir ás outras citas que a traerían a Galiza no transcorrer dos anos 2007 e 2008, convites que ela aceptou de contado e nos que participou emocionada e contenta polo traballo que se estaba a facer no fin de recuperar a memoria dos que tiveron que abandonar a Terra. Estivo en Compostela no seminario “Memoria e cidadanía” organizado pola CIG-Ensino e a ASPG, na Illa de San Simón na *Homenaxe ao exilio galego* e nas xornadas *Exilios femininos* da Consellaría de Cultura e Deporte en 2008 e pouco despois volveu a Pontevedra a recoller o Premio Día da Galiza Mártir. En todas as súas intervencións retrataba o que o golpe militar e a posterior represión supuxo para ela e para todos os seus. Da infancia feliz na Coruña pasaba ao “nunca máis nos volvimos xuntar” que tantas veces repetiron os membros da súa familia. A menor das Alvajar, posibelmente tamén a menos coñecida ate entón, comezou a ter voz propia, a ser a testemuña única que reaparece con forza para que todos nós lembremos, para convocarnos á súa memoria intacta, aos datos labrados con forza para non ser esquecidos.



Mª Teresa, diante do monumento a Bóveda, coa súa filla Amalia Bóveda.

Meu pai fixo un escrito pedindo que nos deixaran pasar para a zona libre. A Gestapo deunos consentimento. Iamos para Vichy e un policía francés que falaba español parounos antes de chegar. Miña nai tiña medo de que fora un policía de Franco e viña chorando dicindo que meu pai fóra detido. Cando viron que levabamos a documentación en regra deixáronnos marchar e fómonos bañar, porque foran cinco días de viaxe desde Normandía a Vichy. Meu pai decidiu ir a Montauban, onde Azaña tivera un enterro impresionante.

– **Alí vostede casa cun catalán.**

No ano 42. Foi un tema triste. El traballaba nos cuáqueros como xefe de compras e pasou algo do que prefiro non falar. Mandoume a Barcelona a casa da súa nai para contarlle os apuros que estaba pasando e o axudara a saír do pozo no que se metera. Alá fun e atopeime con tres sogras, a miña e as súas irmás, a máis nova de setenta anos. Ia cunha nena de meses e preñada dun neno sen sabelo. Alí tiven de todo menos cariño.

– **Súa nai morrera en Montauban.**

Un mes antes de nacer a nena. Son a única dos fillos que estou alí naquel momento. Miña nai morre de pena. Non teño dúbida. Ana María regresara para intentar mandar a meu irmán a Franza porque miña nai suspiraba por Galiza e polo seu fillo. Escribíalle cartas nas que dicía: "Mándame a estampíña que che pedín...". A estampíña era o seu fillo. Naquel tempo os alemáns invadiran Franza e xa non se puido facer nada.

– **Perde en Barcelona vostede contacto coa familia?**

Escribíame algunha carta con Ana María pero ela estaba tamén en mala situación e non me podía botar unha man. Amparo estaba en Bos Aires e meu pai só en Franza. Alí estiven en traballos moi duros, porque en todas partes dicían: "roxos non". Traballei, por exemplo, nun matoiro clandestino fóra de Barcelona. Erguíame ás cinco da mañá e tiña



unha tortilla francesa como única comida. Era unha vida insoportábel pero tiña que sacar adiante os meus fillos.

– **Co seu pai vólvese atopar de novo en París.**

No 58 volvo a París e estiven alí dous anos e medio. Separárame do meu home e tiña un compañeiro co que tivera unha filla. Cando a nena tiña dous anos pedín excedencia na Mutualidade na que traballaba e marchamos para Franza. Antes pasara por moitas calamidades e traballos moi duros. Son tempos que me fan mal. Non quero recordalos. Cando me atopo co meu pai levo desde o ano 42 sen velo. Avellentara moito. Xa sabía que non volvería a Galiza.

– **Alí ten a súa cuarta filla e ten que facer a súa vida soa.**

Unha vida tremenda. Tiro para adiante tamén grazas a Amparo que me axudaba un pouco. Entón ela estaba en Nacións Unidas e mandábame ca-

M<sup>a</sup> Teresa participou en todo canto acto foi convidada para lembrar aos silenciados e, sobre todo, ás silenciadas, como as súas compañeiras da cadea, aquí vémolas intervindo nun acto xunto a profesora Aurora Marco, autora do "Diccionario de mulleres galegas"



M<sup>ª</sup> Teresa en San Simón na homenaxe ao exilio feminino

da mes algo de cartos. Eu traballaba limpando casas e así fun saíndo adiante porque o meu compañeiro abandonárame.

– **Regresa logo a Madrid.**

Danme finalmente o reingresso na Mutualidade na que traballaba, na sucursal de Madrid, que tarda moito porque non podían soportar que tivese marchado co meu compañeiro a París sen casar. Cando entrei un compañeiro dixo: “coidado con esta que é roxa”. Xa ves o ambiente. Foron anos e anos sen poder falar, sen abrir boca. Cando oín por primeira vez a Internacional no altavoz duns coches que pasaban pola Gran Vía, onde traballaba, comencei a tremer de arriba a abaixo. Nunca deixei de pensar nos que morreran aquí.

– **Vostede volve con emoción a Galiza para participar en actos de recuperación da memoria histórica. Tamén Ana María compartía esa vontade pero Amparo decide non regresar nunca e pasa os seus últimos anos en Monção, na fronteira de Portugal con Galiza.**

Sofrira moito. Foi a Portugal porque, desde alí, podía ver Galiza. Sentaba na beira do río e íanse as mans sinalando. Quería estar en Galiza pero non podía. Creo que todo o que pasara a marcou para sempre. Nucna falou conmigo diso. Nunca quería falar.

– **Amparo ten un aborto antes de baixar do barco que a leva ao exilio de Bos Aires. Daquela xa lle morrera a súa primeira filla.**

Morrera con oito meses nun refuxio de Toulouse, dunha pulmonía. Logo separouse de Arturo Cuadrado.

– **Marcha para Europa.**

A traballar en distintos organismos internacionais. Primeiro na Unesco en París.

– **Dá a impresión de que as tres irmás Alvajar toman as rendas da súa vida con valentía. Teñen biografías inusuais para as mulleres do seu tempo. Inflúe niso a figura da súa nai?**

As tres temos moito da nosa nai. Eu débolle moito e por iso reivindico tanto a súa memoria. Dáme rabia que non se fale dela e só se mente o papel de meu pai. Lembro que cando os alemáns entraron en Normandía miña nai foi quen decidiu que tiñamos que marchar de alí. Entón dixo o que era o lema da súa vida: “o que sexa de un que sexa de todos”.

– **Como ve agora que se esté a recuperar a memoria daquel tempo?**

Moi ben, pero xa se debeu ter feito antes. Foi a peor das guerras. Galiza está chea de mártires. As estampas de Castelao son tremendas. Din dabondo do que pasou aquí, onde non houbo guerra senón crimes, asasinatos, destrución de familias. A min quitáronme todo, a lingua, a terra. Iso non podo perdoalo. Aínda estou no exilio, sigo no desterro, choro e soño por Galiza. Sabes o que é soñar noite tras noite o mesmo? Que volves á terra, que andas polas mesmas rúas, por onde viviches e terminas na Praza de María Pita, mirando a ventá da oficina onde traballaba meu pai. Iso todas as noites. E levántome tan cansa como se tivera feito a viaxe. Sempre co mesmo final, mirando aquela ventá.

– **A súa familia non volve á Coruña pero Ana María teima en traer á cidade as cinsas dos seus pais.**

Así é, e veñen pouco despois da morte de Ana María. Eu tiña pensado que cando morra me incineraran e levaran as miñas cinzas ao Parrote, pero miña irmá díxome que xa que de vivas non estiveramos xuntas pois que nos enteraran xuntas de mortas na Coruña ■



De haber un bico Galicia Calidade, sería este.



GALICIA CALIDADE, É SÓ AQUILO QUE PODEMOS CERTIFICAR,  
SÓ OS PRODUTOS E OS SERVIZOS COA MAIOR CALIDADE GALEGA CONTROLADA E CONFIRMADA.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Comisión Gallega de Promoción Industrial  
e de Normalización de Información



# UXFOR

Unidades de Xestión Forestal

<http://www.uxfor.info/>



# o monte interesa



- Polo seu valor.
  - Polos beneficios que achega.
  - Pola responsabilidade<sup>(\*)</sup> que temos os propietarios.
- (\*) Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



As UXFOR son unha ferramenta que interesa porque podemos revitalizar a propiedade e beneficiarnos das vantaxes da xestión conxunta e das permutas de xeito doado e gratuito.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



medio rural

# Achega ao Sistema Financeiro Galego



Non cabe dúbida de que no nacionalismo galego callou a idea da importancia de contar cun financiamento xusto para as institucións propias e da importancia de rachar co mito da Galiza subsidiada a través do estudo do balance fiscal, e o nacionalismo político ten afondado nestas materias e creou un discurso e propostas propios. No entanto, dentro do apartado financeiro, son poucas as achegas realizadas sobre o comportamento do sector financeiro, vital como podemos ver hoxe, despois da crise financeira, para calquera economía.

CLODOMIRO MONTEIRO MARTÍNEZ  
 Secretario Nacional da Federación da Banca da Confederación Intersindical Galega (CIG). Traballador en Caixa Galicia



Libreta da Caixa de Aforros de Pontevedra asinada polo seu promotor Alexandre Bóveda en calidade de Director

O PRIMEIRO atranco para calquera aproximación a esta cuestión é a falta de información, pois ao día de hoxe non hai ningún organismo nin institución galega que coñeza como son investidos, como e onde son prestados os aforros e os depósitos que os galegos e galegas, as institucións públicas e as empresas depositan nas entidades financeiras que actúan na Galiza.

Durante anos foi relativamente doado seguir o rastro do aforro galego, ao ser Galiza unha zona captadora de recursos que finalmente eran investidos noutras zonas do Estado antes de pasar polo mercado "interbancario", no que as entidades galegas prestaban diñeiro a outras entidades do Estado. Actualmente, bancos e caixas do País optaron por se expandiren fóra de Galiza, procurando "colocar" directamente os "excesos de tesouraría" noutras zonas do Estado, o que torna difícil controlar o destino dos depósitos e, polo tanto, cuantificar cal é o destino dos recursos financeiros xerados pola economía galega.

Neste caso, é de xustiza recalcar que non se trata totalmente de falta de competencias, senón dunha intención política clara de non exercelas por parte dos partidos españois que estiveron á fronte da Consellaría de Economía. O Estatuto de Autonomía de Galiza, no seu artigo 30, dota de competencias exclusivas en materia de Institucións de crédito corporativo, público e territorial e Caixas de Aforros. Sendo unha competencia exclusiva, Galiza ten capacidade lexislativa, regulamentaria e executiva. Lamentablemente, a lexislación galega a respecto das Caixas de Aforros é unha normativa de mínimos, de moito menor calado que noutras Comunidades Autónomas que non teñen a consideración de 'nacionalidades históricas'.

É hora, pois, de facer valer o marco competencial, mais tamén de negociar novas transferencias para conseguir un maior control dos recursos do sistema financeiro galego. Si algo nos está a ensinar a crise financeira mundial, é que o "posíbel" se torna

insuficiente, e o preciso se converte día a día en politicamente correcto.

**A SOLVENCIA DAS ENTIDADES DO ESTADO ESPAÑOL E O PAPEL DO BANCO DE ESPAÑA.** Desde o estoupido da crise, hai unha falsa percepción sobre a solvencia das entidades financeiras do Estado Español, e sobre o papel do Banco de España. Os analistas e responsábeis políticos do goberno central destacaron que estas entidades ficaron fóra da crise financeira mundial grazas ao papel do Banco de España: un mito que convén aclarar.

O Tratado da Unión Europea establece como un dos principios básicos o libre movemento de capitais dentro da Unión, o que leva á creación dun sistema financeiro europeo inserido nun sistema financeiro mundial totalmente liberalizado.

A adhesión do Estado Español á moeda única levou ao sometemento do Banco de España ao Banco Central Europeo. Así mesmo, o Banco de España forma parte desde o ano 2001 do Comité de Supervisores Bancarios de Basilea, sendo este organismo o encargado de elaborar as normativas de funcionamento da actividade bancaria que posteriormente son trasladadas aos Estados da Unión a través de Directivas Comunitarias.

Os Acordos coñecidos como Basilea I e Basilea II avanza cara a un sistema financeiro totalmente liberalizado, e no que a autoregulación das entidades, xunto coa regulación do propio mercado e a supervisión dos Bancos Centrais completan a supervisión e regulación da actividade do sistema financeiro, sendo esta unha visión ultra neoliberal que está na orixe da crise actual. As normas Basilea II son de aplicación a través das Directivas 2006/48 e 49 da Unión Europea.

Estas normas de carácter europeo complétanse a nivel estatal coa Lei 13/1985 e 13/1992, modificadas pola lei 36/2007 e pola Lei Financeira 4/2002 posta en marcha polo ex-Ministro Rodríguez Rato, gardián da ortodoxia neoliberal.

## O Estatuto de Autonomía de Galiza, no seu artigo 30, dota de competencias exclusivas en materia de Institucións de crédito corporativo, público e territorial e Caixas de Aforros

Este é o marco normativo neoliberal polo que o Banco de España supervisa o sistema financeiro do Estado Español a través da emisión de circulares e recomendacións.

Dentro da actividade reguladora do Banco de España, a única normativa diferenciada, cun alcance máis que relativo, é a obriga para as entidades de establecer provisións anticíclicas para casos de falta de pagamento, sendo esta unha medida adoptada despois da intervención do Banesto no ano 1993.

En outubro do ano 2008, a taxa de cobertura de Bancos e Caixas diminuíra até 87%, nomeadamente polo impacto no balance das Caixas do estoupido da crise no sector da construción. Ao peche do ano 2007, a cobertura das Caixas de Aforros estaba situada en 212% (chegou a ser de 300%), mais a final do 2008, malia as provisións voluntarias realizadas polas entidades, a taxa de cobertura estaba entre 60 e 50% en outubro de 2008 en Caja Madrid, Caixa Catalunya, Bancaja ou a CAM.

Os datos facilitados polas Caixas Galegas non hai que analizalos con certa cautela: Caixa Galicia dicía ter en outubro unha cobertura de 87% e Caixanova de 88,9%. Mais hai que lembrar que as dúas Caixas procederon á venda de empresas e participacións industriais, recollendo plusvalías multimillonarias que foron aplicadas a provisións voluntarias. A modo de exemplo, só coa saída de Unión Fenosa, Caixa Galicia tivo unhas plusvalías totais de 740 millóns de euros, e Caixanova de 465 millóns e euros.

Con todo, grande parte dos analistas sinalan que as provisións das Caixas se esgotaran en marzo de 2009, dado que no mes de xaneiro os activos dubidosos chegaron aos 32.260 millóns e euros.

Xa que logo, se a actividade supervisora e reguladora do Banco de España é limitada, hai que buscar a "fortaleza" do sistema financeiro do Estado Español que o mantiveron á marxe da primeira onda da crise fi-

nanceira internacional en características de seu.

As entidades de crédito do Estado eran tomadoras no mercado financeiro internacional, co fin de obter recursos para a súa expansión (internacional no caso da Banca e fóra dos territorios de orixe no caso das Caixas de Aforros) e para manter e alimentar a burbulla inmobiliaria.

Dado que eran tomadoras neste mercado, *a priori* estiveron menos expostas que as entidades do resto de Europa aos produtos tóxicos da banca de inversión dos EUA, as famosas hipotecas *subprime*, ou incluso as estafas piramidais, situación que pouco ou nada ten a ver coa actuación do Banco de España. Sen ir máis lonxe, na estafa e "Madoff" as entidades aparentemente non se viron afectadas pola estafa piramidal, mais si os seus clientes. Onde estaba o Banco de España?

Non é menos certo que a crise financeira internacional orixinou unha falta de liquidez nos mercados financeiros que afectou directamente bancos e caixas de aforros, nomeadamente estas últimas, que utilizaban en maior medida as emisións de títulos con garantía hipotecaria, nomeadamente células hipotecarias, para a captación de pasivo.

Os vencementos de débeda (dinheiro prestado ás entidades do Estado pola banca estranxeira) supuña unha ameaza para a liquidez e incluso para solvencia destas entidades, o que levou o Goberno a substituír o mercado coa inxección de 150.000 millóns de euros, cantidade practicamente idéntica aos vencementos aos que deben facer fronte caixas e bancos durante os anos 2008 e 2009.

Mais a ameaza para a solvencia das entidades financeiras continua, xa que están especialmente expostas ao estoupido da burbulla do sector inmobiliario. No ano 2007, a exposición media era de 60% -70% no caso das caixas e de 50% no caso da banca- feito sobre o que alertaron nos seus informes as distintas axencias internacionais de cualificación.



Caderno de estudos de Alexandre Bóveda, quen co tempo porá os seus coñecementos financeiros a prol da causa galega

Esta elevada exposición ao sector inmobiliario, a sobrevaloración dos bens hipotecados (as taxacións eran realizadas por empresas das propia entidades sen ningún control) e o posible medre da morosidade derivada do incremento do desemprego, constitúen hoxe unha ameaza máis que real para a solvencia de bancos, e máis especialmente das caixas de aforros.

Algunhas persoas defendemos esta tese desde o estoupido da crise, e agora é reconecida mesmo polas propias empresas. Na publicación de xaneiro 2009 dos *Cuadernos de Información Económica* da Funcas (Fundación das Caixas de Aforros), estas reconecen que os problemas no sector da construción teñen un tempo de maduración maior e tardan máis en aflorar que as perdas de capital asociadas a instrumentos financeiros, polo que a crise financeira chegará ao Estado de xeito máis paulatino.

#### O MODELO DE SISTEMA FINANCIERO E AS CAIXAS DE AFORROS.

Despois da inxección pública de liquidez ás entidades que tiña como fin garantir a súa supervivencia, a sociedade reclama que esta liquidez se traduza nunha maior financiamento a empresas e particulares. Como vimos anteriormente, non é que bancos e caixas non queiran prestar diñeiro (é a fonte da súa actividade); é que non poden, xa que está ameazada a súa propia supervivencia.

A crise económica actual derivada da crise financeira demostra sen dúbida algunha a importancia de contar con entidades de crédito solventes, da importancia dun sistema financeiro sano. En resumo, a importancia das políticas financeiras para calquera economía.

Historicamente, dentro do sistema capitalista distinguíronse dous modelos de sistema financeiro baseados na súa relación cos sectores produtivos, modelos que estaban a ser soterrados pola ofensiva neoliberal.

Por unha banda, o sistema anglosaxón, caracterizado pola relación

distante cos sectores produtivos, no que as entidades non participan directamente no capital das empresas, reducíndose o seu papel á intermediación financeira.

Por outra, o coñecido como 'sistema continental', o histórico modelo alemán ou xaponés, caracterizado por unha forte relación entre as entidades financeiras e os sectores produtivos.

Pódese afirmar que existe un consenso na sociedade galega sobre a necesidade de contar con entidades propias que podan apoiar as empresas e sectores económicos estratéxicos galegos en determinados momentos, e actualmente cada vez é maior o número de persoas que entenden que é preciso contar cunha Banca Pública que cumpra hoxe este papel.

Un papel que para moitos debora ser cuberto polas caixas galegas, que defendemos que a banca baixo control público xa existe, só fai falta regulala e afondar noutro modelo de xestión.

A lexislación sobre as caixas de aforros non cualifica a súa natureza xurídica, polo que foi obxecto de discrepancia xurídica o seu carácter de entidades públicas ou privadas, nomeadamente ante a consideración por parte da Unión Europea dos investimentos no capital de determinadas empresas ou os préstamos concedidos ás mesmas como axudas públicas. Esta polémica foi resolta por vía xudicial cunha sentenza claramente política que definiu as caixas como entidades privadas, algo que non podemos compartir. As entidades que naceron por iniciativa das administracións públicas, como é o caso das caixas galegas, son entidades públicas tanto pola súa fundación, como pola presenza das administracións nos órganos de goberno, e naturalmente pola súa natureza social. As nosas caixas de aforros están chamadas a desempeñaren o papel dunha inexistente Banca Pública.

**O DEBATE SOBRE A FUSIÓN DAS CAIXAS DE AFORROS.** Hai aberto na vila e corte de Madrid un debate

sobre a necesidade de avanzar nas fusións das caixas de aforros interterritorios, da necesidade de modificar a Lei Orgánica de Caixas de Aforros (LORCA) para que sexan organismos estatais os que decidan este tipo fusións. O Banco de España considera que o ideal sería que no Estado Español quedaren só cinco caixas, co obxectivo final de privatizalas a través da emisión de cotas participativas.

A Lei 44/2002 de medidas de reforma do sistema financeiro, a Lei Financeira coñecida no sector como Lei Rato, aprobada polo último goberno do Partido Popular, establecía a posibilidade de fusións entre caixas de distintos territorios. Hoxe son públicos os achegamentos do PSOE ao PP co fin de chegaren a un consenso para modificar a Lei Orgánica de Caixas de Aforros e centralizar esa competencia.

Tamén, e desde hai anos, dentro do sector abriuse un debate sobre a posibilidade dunha fusión virtual entre caixas de distintas Comunidades, un debate no que está implicada Caixa Galicia. Neste modelo, as entidades manterían a súa personalidade xurídica, a marca e a razón social, mais compartirían os servizos centrais.

Chegados a este punto, é inevitábel referirse ao debate artificioso sobre a fusión das caixas galegas, analizando en primeiro termo a situación actual do Sistema Financeiro Galego.

Caixa Galicia nace no ano 1978 coa fusión das Caixa de Aforros de Monte de Piedade da Coruña e Lugo (fusionadas previamente no 1944) e a Caixa de Aforros de Santiago. Na década dos oitenta, o proceso de concentración tivo un maior impulso coa absorción da Caixa de Aforros Provincial de Lugo (1982) e das Caixas Rurais da Coruña, Pontevedra e Ourense (entre o 1986 e o 1988).

Pola súa banda, Caixanova é o froito da absorción por parte de Caixa de Aforros Municipal de Vigo, da Caixa de Aforros Provincial de Ourense e da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra, entre o ano 1999 e o 2000.

En definitiva, o sistema financeiro galego é un dos máis concentrados de todo o Estado, as fusións-absorcións xa se deron en Galiza nos anos oitenta.

Malia o tempo transcorrido, non hai estudos sobre o impacto económico sobre o agro galego da desaparición das caixas rurais nos anos posteriores á entrada do Estado Español no Mercado Común Europeo no ano 1985. Non foi casual que desaparecieran estas entidades xusto cando o agro galego precisaría dun maior apoio económico para afrontar a reconversión imposta desde Bruxelas.

Tampouco hai estudos económicos sobre o impacto da perda de instrumentos financeiros propios para a Provincia de Ourense despois da absorción de Caixa Ourense por parte de Caixanova, malia que, sen dúbidas, os seus efectos se están a notar aínda hoxe.

En definitiva, unha fusión contribuiría a concentrar un maior poder económico e político, así mesmo tería un grande custo empresarial en materia de cohesión territorial, sen esquecer o custo laboral en materia de emprego. Todas as circunstancias desaconsellan esta opción, en favor dunha maior colaboración entre entidades.

**A AMEAZA DA PRIVATIZACIÓN.** A maior parte das caixas de aforros europeas desapareceron pola súa privatización e transformación en bancos. Non caben entidades públicas ou baixo control público nun sistema financeiro neoliberal.

Dentro do proceso de privatización europeo existiron varios modelos: no británico, a privatización levouse a cabo baixo a Lei de Caixas de Aforros de 1985, realizándose unha oferta pública de accións das caixas, revertendo os fondos obtidos na nova entidade, sen ser traspasados ao Estado.

Este foi o modelo elixido polo goberno de Felipe González para deseñar as cotas participativas, instrumento semellante, onde as accións sen dereitos políticos das sociedades

A maior parte das caixas de aforros europeas desapareceron pola súa privatización e transformación en bancos. Non caben entidades públicas nun sistema financeiro neoliberal



A expansión das caixas fora de Galiza dá lugar a un proceso de desgaleguización dos órganos de goberno, á perda da súa identificación co país, coas súas necesidades, coa súa xente, en definitiva, o desarraigo da nosa realidade



Os bancos dalgún país como Grande Bretaña están a ser intervídos pola administración poñendo en cuestión dogmas neoliberais que están na base da actual crise

anónimas, os fondos das emisións reverten na entidade, sen seren traspasados ao Estado, nin ás Comunidades Autónomas. O desenvolvemento deste instrumento financeiro veu da man da xa comentada Lei Financeira e polo RD 302/2004 “sobre cotas participativas das caixas de aforros”.

Malia o fracaso da única emisión realizada até o momento, a Caixa de Aforros do Mediterráneo (CAM) tivo que mercar 93% da propia emisión. A privatización é sen dúbida a maior ameaza para as caixas de aforros galegas.

**POR UNHA NOVA LEI DE CAIXAS DE AFORROS.** As caixas de aforros galegas están reguladas pola LORCA e pola Lei de Caixas de Aforros do Parlamento Galego 7/1985, pola Lei 4/1996 e modificadas pola Lei 6/1989 e Lei 1/2004, que como expuxemos anteriormente é unha lei de mínimos en comparación coa lexislación actual vixente mesmo en Comunidades que non teñen a consideración de nacionalidades históricas: Galiza ten unha Lei de Caixas de segundo nivel.

Visto que a crise financeira está por chegar e que o papel da supervisión estatal (Banco de España) foi practicamente nulo, será preciso afrontar os riscos actuais para a supervivencia das caixas galegas derivados dunha posible absorción por outras entidades do Estado, e a ameaza real de privatización dentro do marco europeo torna precisa unha nova Lei Galega de Caixas de Aforros.

**DEMOCRATIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO:** En primeiro termo é preciso afondar na democratización dos órganos de goberno, a súa composición ben fixado por lei, coa participación das Corporacións Locais, entidades fundadoras, empregados, Fundacións, asociacións ou corporacións de carácter cultural científico, benéfico, cívico, económico ou profesional de “recoñecido prestixio” no ámbito de actuación da caixa, e personalidades

de singular prestixio nas esferas mencionadas.

Para alén de procesos opacos, pouco democráticos e tutelados pola propia dirección das empresas e pola Consellaría de Economía que dá lugar a representacións que non refliten a pluralidade da sociedade galega, a expansión das caixas fóra de Galiza dá lugar a unha profunda desgaleguización dos órganos de goberno.

Os representantes das Corporacións Locais son elixidos dentro do ámbito territorial de actuación das caixas, a expansión fóra do país (Caixa Galicia ten 893 oficinas, 384 fóra de Galiza e Caixanova ten 540, das que 119 están fóra) fai que cada proceso electoral mingúe a presenza de Concellos galegos. Mais o mesmo sucede coa representación dos impositores (clientes) e dos traballadores e traballadoras. Neste último caso agravado por un sistema electoral que impide a presentación de candidaturas por parte dos sindicatos (o que pode ser inconstitucional) e que non respecta o criterio da proporcionalidade.

Neste sentido, é precisa unha profunda reforma que minorar a presenza de impositores e do caixón de xastre que supoñen as “entidades benéfico-sociais” e as “persoas de recoñecido prestixio”. Asemade, debería darse entrada a unha representación do Parlamento galego, minorando, á súa vez, a presenza das Corporacións Locais.

Debería darse entrada tamén a novos colectivos representativos da sociedade galega nos órganos de goberno das caixas, entre eles os axentes sociais.

En canto á elección dos representantes do persoal, debería establecerse o dereito dos sindicatos a representaren ao cadro de persoal, así como sistemas de eleccións que respectaren a proporcionalidade.

Por último, e malia que non ten relación directa coa Lei de Caixas, comentar que existen experiencias noutras partes do Estado, en canto á presentación de candidaturas nacionalistas ou de esquerdas dentro do



apartado dos impositores, con resultados moi positivos. Sen dúbida, unha materia pendente do nacionalismo político e sindical.

**INVESTIMENTOS E CORPORACIÓNS FINANCEIRAS:** Actualmente Caixa Galicia ten instrumentalizados os seus investimentos no capital de empresas a través dunha corporación financeira, sen que Caixanova dese até o de agora este paso.

O baleiro legal existente nesta materia facilitou que esta corporación teña órganos de goberno constituídos á marxe das normas establecidas na Lei de Caixas de Aforros do Parlamento Galego. O seu Consello de Administración esta formado pola nobreza económica galega, a través de parentes dos grandes nomes empresariais do País.

Loxicamente, é preciso unha reforma que establecer a composición dos Consellos de Administración deste tipo de instrumentos financeiros, cumprindo a lexislación existente para a propia caixa de aforros.

Un dos grandes problemas actuais para as caixas de aforros é a excesiva exposición ao sector inmobiliario, as dificultades que hoxe atravesan certas caixas debido a quebra das grandes construtoras estatais debería ser un motivo de reflexión.

É preciso regular por lei os sectores e empresas nos que as caixas poden participar como accionistas para evitar investimentos de grande risco que podan afectar a solvencias das entidades, establecendo un maior control por parte da Consellaría de Economía mediante da creación dun organismo de control e supervisión do sistema financeiro galego, nomeadamente das caixas.

**OBRA SOCIAL, A MATERIA PENDENTE DA COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL:** Por outra banda, hoxe as caixas de aforros son os maiores investidores, quitando as administracións públicas, en materia benéfico social, sen que haxa esta-

belecidos criterios de cohesión territorial e social na súa actuación. É un despropósito que unha grande parte do orzamento da obra social teña como destino a adquisición de bens inmóbeis que pasan a formar parte dos activos das caixas.

O destino da obra benéfico social debería ser fixado por lei, complementando as actuacións realizadas pola administración autonómica en materia de cultura, ensino e no establecemento dun sistema galego de benestar.

Fixando tamén un criterio de repartición baseado na cohesión territorial para evitar que se viren beneficiados determinados territorios por simples cuestións publicitarias ou por visións localistas. Os investimentos en obra social deben chegar a todo o territorio

Por último, a repartición territorial debería ter en conta as achegas realizadas por cada territorio aos beneficios da entidade, para evitar que determinadas Provincias ou Concellos ficaren fóra da repartición da obra social ou que recibiren cantidades menores.

**CONCLUSIÓN.** Hoxe son precisas unhas políticas financeiras públicas que contribúan a estabilizar a economía como paso previo para facilitar a recuperación. Dentro do marco das competencias, debe reformarse de xeito urxente a Lei de Caixas de Aforros. E fronte a unha banca universalista privada, son necesarias novas entidades baixo control público especializadas na atención aos diversos sectores económicos, nomeadamente o sector agrícola e gandeiro. É precisa unha Lei Galega de Cooperativas de Crédito que regule o funcionamento da Caixa Rural de Lugo e que prime a creación de novas Caixas Rurais de titularidade pública.

Mais este marco competencial debe ser ampliado para poder avanzar cara a un sector financeiro público galego. Se as entidades de crédito non cumpren a súa función económica, deberían ser nacionalizada ■



Cédula asinada por Alexandre Bóveda

# O TURISMO

## Unha actividade estratéxica para o desenvolvemento económico de Galiza

A Frouxeira, lagoa e praia

Os ingresos derivados do turismo nos últimos en Galiza anos alcanzaron unha importante porcentaxe do PIB territorial<sup>1</sup>, de modo que se pode afirmar que o turismo é unha peza estratéxica para a economía galega. Este transformouse nun sector impulsor a medio prazo da economía, non só polos seus impactos socioeconómicos directos, senón tamén polos efectos multiplicadores que as actividades provocan sobre outros sectores produtivos<sup>2</sup>. O turismo deixou de ser unha actividade accesoria e converteuse nun factor de desenvolvemento económico que ademais favorece a distribución da riqueza.

XESÚS PEREIRA LÓPEZ

Doutor en economía. Profesor de economía cuantitativa na Universidade de Santiago de Compostela, hoxe en excedencia. A súa actividade investigadora céntrase basicamente na modelización económica baseada na metodoloxía input-output. Director-xerente da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia) desde maio 2006



**INTRODUCCIÓN.** Dada a repercusión desta actividade económica no tecido socioeconómico galego, todo indica que procede actuar con responsabilidade á hora de aplicar as novas políticas e estratexias, tanto no ámbito da ordenación como no da promoción. Ao mesmo tempo, sempre debe estar presente o obxectivo de crear un turismo sustentábel e respectuoso cos recursos endóxeos de Galiza, e con maior capacidade para incrementar as rendas das galegas e os galegos.

Galiza, como destino turístico, destaca en aspectos que a definen como diferente e competitiva con outros destinos da contorna. Galiza dispón dunha ampla e variada oferta hostaleira que se vai incrementando ano tras ano dunha forma gradual. Na seguinte táboa plásmase a oferta de establecementos para o ano 2007.

Na administración galega, como norma xeral e a efectos de desenvolver a correspondente planificación política, recórrase sistematicamente a

ESTABLECEMENTOS DE GALIZA EN CIFRAS			
Tipo de establecemento	Número de establecementos	Número de cuartos	Número de prazas
Hoteis	767	27.498	49.491
Hotel*****	8		
Hotel****	77		
Hotel***	134		
Hotel**	236		
Hotel*	310		
Hotel-Apartamento	2		
Hostais e pensións	1.004	11.278	20.138
Hostal e Pensión***	73		
Hostal e Pensión**	368		
Hostal e Pensión*	563		
Cidade de vacacións	1	316	752
Fondas e casas de hóspedes	164	1.233	2.049
Apartamentos turísticos	88	966	3.518
Turismo rural	541	3.270	6.436
Campings	113	–	34.590
Restaurantes	5.225	–	336.612
Restaurante (*****)	1	–	200
Restaurante (****)	5	–	379
Restaurante (***)	24	–	3.773
Restaurante (**)	976	–	97.858
Restaurante (*)	4.219	–	234.402
Cafetarías	1.525	–	95.406
Cafetaría (☞☞☞)	4	–	646
Cafetaría (☞☞)	39	–	3.662
Cafetaría (☞)	1.482	–	91.098

Fonte: Memoria de actividade de Turgalicia 2.007, elaborada a partir do REAT

diversos estudos da nosa demanda turística. En liñas xerais, o obxectivo básico é o de coñecer a opinión dos turistas que visitan o noso país na tempada estival para coñecer os aspectos de interese. O coñecemento aproximado da realidade axuda a promover e mellorar a nosa oferta turística. Así, a grandes trazos, para o 2007 sábese que o perfil sociolóxico do turista galego é unha persoa que procede do mundo urbano (83,6%) cun ni-

## MOTIVACIÓN

A motivación principal dos turistas á hora de escoller Galiza como destino das súas vacacións é:

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
1. Coñecer natureza e paisaxes	25,1%	29,5%	20,8%	16,3%	24,9%	18,9%	22,2%
2. Razóns familiares ou de amizade	22,9%	23,1%	26,3%	29,4%	25,1%	21,9%	24,9%
3. Coñecer cultura e costumes	8,9%	10,9%	9,5%	10,1%	11,3%	9,3%	9%
4. Tranquilidade e descanso	15,5%	12,1%	9,6%	10,9%	11,2%	16,1%	14,6%
5. Camiño de Santiago	(s.d.)	6,2%	9,4%	11,9%	7,6%	11%	9,3%

Fonte: Memoria de actividade de Turgalicia 2007

vel de estudos superior (46,5%), asalariado (61,8 %) e que procede basicamente da Península Ibérica<sup>3</sup>.

Estas enquisas tamén permiten saber cais son as principais razóns polas que os visitantes (turistas e excursionistas) acoden a Galiza, motivacións que, ao final, se traducen nos verdadeiros atributos que contribúen a manternos nunha boa posición competitiva. Véxase o seguinte cadro.

Deseguido sinálase a evolución do gasto medio por turista ao longo dos últimos anos. Aparece desagregado o gasto, o que nos dá unha estimación dos sectores produtivos afectados directamente polo turismo. Os compoñentes destes vectores da demanda final reflicten a influencia en varios sectores, por suposto que o número se ve incrementado ao considerar os efectos indirectos<sup>4</sup>.

Pero o turismo galego, ao igual que outras actividades económicas, non é alleo á crise que afecta a economía mundial. Anos atrás, indicadores empregados habitualmente neste terreo, tais como os fluxos turísticos, o gasto medio por turista ou o nivel de ocupación hoteleira presentaban unha tendencia á alza, mais agora hai cambios de comportamento nos mesmos.

O crecemento da actividade turística corre perigo de desacelerar por distintos motivos, entre os que destacan unha maior debilidade do consumo turístico ou a menor puxanza tanto dos mercados estatais como estranxeiros que exercen e exerceron de subministradores principais de visitantes<sup>5</sup>. A contención da demanda turística aflora, provocada entre outros factores pola contracción do gasto dos turistas, polo notábel incremento das taxas de xuros e polo forte aumento do prezo dalgúns das principais subministracións de transporte e hostalaría. Así a modo de exemplo, as empresas de transporte aéreo, debido á presión na estrutura de custos,

## GASTO MEDIO DO TURISTA DE VERÁN (ESTRANXEIROS) EN EUROS

	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Gasto medio (diario)	65,67	71,08	68,79	76,63	74,49	77,78
Comida	20,91	23,90	22,96	24,44	25,33	26,19
Aloxamento	16,10	17,18	15,23	18,55	21,81	20,83
Desprazamento interior	6,84	11,10	7,19	8,16	8,86	7,65
Compras	9,63	11,10	10,65	11,66	10,28	9,34
Lecer	8,97	9,43	10,51	10,59	10,9	8,17
Outros	3,21	2,31	2,25	3,21	2,31	5,60
<b>Gasto en aloxamento</b>						
Gasto aloxamento hotel	35,55	44,53	39,37	43,02	43,4	40,19
Aloxamento cámping	8,40	9,13	8,77	11,72	13,82	12,32
Aloxamento Turismo rural	29,44	40,40	36,04	32,87	46,09	40,27
Vivenda vacacional alugada	14,88	16,54	17,02	20,94	21,6	19,80

Fonte: Memoria de actividade de Turgalicia 2007



O modelo turístico que se está a instalar en Galiza baséase na utilización racional dos recursos fronte á explotación abusiva destes. O modelo aposta por un desenvolvemento turístico orixinal

repercuten parte do incremento do combustíbel no prezo final dos billetes. Como é evidente, este feito, acompañado dunha menor capacidade adquisitiva, reforza aínda máis o estancamento da demanda.

Como cabe esperar, e á diferenza de anos anteriores, o tecido empresarial ligado directamente ao turismo tamén sofre mudanzas que implican un menor beneficio empresarial e que pode incidir negativamente no emprego sectorial. De aí que con este panorama a sociedade precise unha maior optimización dos recursos e un maior grado de coordinación entre as institucións e os axentes económicos privados.

**OS PRIMEIROS PASOS NA PROCURA DUN TURISMO SUSTENTÁBEL EN GALIZA.** Cando o nacionalismo asumiu o goberno, aplicou as políticas de desenvolvemento turístico que deseñara para o noso país, sendo estas accións que tenden a converxer cara a un eixo que representa a sustentabilidade. Unha vez que se contaba cunha oferta ampla, entendeuse necesario reforzar as accións de promoción, así como procurar unha maior internacionalización destas. Había un convencemento rotundo de que a conxuntura turística galega exixía unha aposta máis seria e constante pola difusión e a comercialización do destino e produtos turísticos. Ao mesmo tempo, tamén se considerou oportuno redirixir as liñas de axudas con vistas a mellorar a calidade da oferta turística.

No ámbito da promoción turística, buscouse unha maior difusión e xeneralización dos produtos e servizos turísticos, servindo de instrumento de apoio fundamental á comercialización, e actuouse decididamente no reforzamento da imaxe turística de Galiza nos distintos mercados mundiais. Participouse de forma activa no fomento do estímulo empresarial turístico, cunha orientación cara á comercialización dos produtos turísticos, tratando en todo momento de favorecer o labor empresarial de xeito que acadar máis e mellores niveis de actividade.

Un esforzo constante pasa pola comunicación de Galiza ao público final, ao sector e aos intermediarios como destino de prestixio baixo a súa marca turística. E, para prestixiar a imaxe de marca turística de Galiza, actuouse sobre distintos factores ligados á promoción e relacionados cunha comunicación centrada no estilo de vida dos galegos, unha boa mostra neste sentido foron os anuncios publicitarios emitidos estes anos. Entre os retos da promoción turística estivo tamén moi presente a traballo de manter e mellorar a información turística.

O modelo turístico que se está a instalar en Galiza baséase na utilización racional dos recursos fronte á explotación abusiva destes. O modelo aposta por un desenvolvemento turístico orixinal, con produtos propios que aproveiten as nosas vantaxes fronte a outros destinos, co obxectivo de conformar unha oferta

Santo André de Teixido e a Serra da Capelada



Ponte de Vilanova, Allariz

única, que os nosos clientes identifiquen como netamente galega. Ao longo destes tres anos, xa se tivo a oportunidade de pór en práctica unha parte da nova estratexia turística, con actuacións moi claras tanto na ordeación como na promoción dos nosos valores relacionados co turismo.

Agora está asumido que non se trata de aumentar a oferta desordenadamente, senón que hai que optimizala e reforzala onde máis se necesita. Por iso, elaborouse un bo número de textos legislativos co obxectivo primordial de racionalizar a oferta. É fundamental o control da expansión da oferta, ao igual que aposta pola calidade e o fomento da oferta complementaria. Nese sentido, as liñas de axudas económicas a empresas turísticas favoreceron considerablemente o desenvolvemento de actividades complementarias.

A nova lei de turismo de Galiza constituirá o marco xeral sobre o que descansará a nosa estratexia turística no futuro. Tamén se traballou na redefinición da imaxe turística de Galiza de cara a presentar o turismo con estilo propio, único e diferente do resto do Estado español: un destino no que a calidade dos seus produtos e a súa oferta lle dean carácter e prestixio dentro do marco europeo.

Con nos emerxeu unha reorientación do turismo rural en Galiza, tratando sempre de que estivese mellor distribuído no espazo, e favorécese o desenvolvemento do interior e con máis posibilidades que propiciasen

un maior beneficio dos cidadáns do rural. Apostouse tamén pola promoción e desenvolvemento dos centros históricos das nosas cidades, coma un dos valores turísticos máis seguros. En contacto con diferentes departamentos do Goberno e os Concellos, así como dos empresarios e outros axentes económicos, tamén se está a traballar na dinamización dos centros monumentais das cidades.

**OBXECTIVOS BÁSICOS NO ÁMBITO DA PROMOCIÓN E NA MELLORA DA CALIDADE DA OFERTA TURÍSTICA.** Enlazando co anterior e a modo de resumo pódese dicir que os obxectivos básicos no ámbito da promoción turística de Galiza son os seguintes: comunicar Galiza como destino turístico; manter e mellorar a información turística; reforzar e promoción e consolidación dos produtos turísticos; mellorar a imaxe de marca turística de Galiza; liderar a identificación de Galiza con termos propios do destino; sensibilizar a poboación galega en materia de cultura turística; premiar a fidelidade dos turistas; mellorar a calidade da oferta turística; e afondar no coñecemento da realidade turística galega.

Un dos ámbitos nos que se incidiu de xeito especial e ao que máis recursos económicos se destinaron foi o de comunicar Galiza como destino turístico. As accións foron destinadas sobre todo ao público final, deixando de forma gradual os investimentos encamiñados cara aos intermedia-



Comezouse a empregar termos ligados ao destino atlántico, que se identifican plenamente con Galiza e marcan a diferenza co resto do Estado no ámbito internacional

rios. Deuse un paso importante na emisión de campañas de publicidade, que se desenvolveron tanto no ámbito galego, como estatal e incluso internacional, aínda que no último caso dunha forma máis testemuñal. O núcleo central foron as campañas nos medios de comunicación estatais para comunicar aos nosos potenciais clientes o noso destino, correspondendo coas épocas de maior demanda turística.

En xeral, e non só neste tipo de actuacións, sempre se buscou a identificación do destino con termos propios xa que esta forma de actuar nos mercados turísticos nos diferencia doutros destinos e nos coloca como exclusivos. Comezouse a empregar termos ligados ao destino atlántico, que se identifican plenamente con Galiza e marcan a diferenza co resto do Estado no ámbito internacional. En canto á identificación turística de Galiza con elementos propios do país, considerouse oportuno facer un especial fincapé en apoiar turisticamente a marca Xacobeo e todo aquilo relacionado co Camiño de Santiago. Ademais, tamén se relacionou o noso destino co descanso e a tranquilidade, tendo en conta que son atributos moi ben valorados polos nosos clientes.

Quizais o elemento máis innovador fose o deseño de campañas de sensibilización da poboación galega a través dos medios de comunicación co obxecto de apoiarmos a actividade turística sustentábel, por suposto que cada un coa súa responsabilidade, e

para que a sociedade for consciente da importancia deste sector para o noso país. O obxectivo é o de concienciar a cidadanía galega da transcendencia que ten o factor humano no desenvolvemento turístico e comunicar aos galegos e ás galegas a necesidade de adoptaren actitudes positivas cara aos visitantes. A mensaxe primordial destas accións publicitarias refírese en positivo a que o xeito de actuar da cidadanía vai influír na percepción que os turistas teñen do destino, e unha actitude pasiva e negativa fará que puider rexeitarse e perder competitividade.

Outro dos aspectos nos que se incidíu especialmente é a potenciación de determinados valores ligados ao destino. En concreto, un dos valores que máis se destacou foi a fidelidade<sup>6</sup> que mostran cara ao destino os visitantes. O turismo en Galiza tamén se enfronta ao fenómeno da estacionalidade, e por iso se procurou o incremento da demanda turística fóra da tempada alta mediante novos instrumentos. En todo momento, trátase de delimitar as carencias e as fortalezas do destino Galiza para maximizar a rendibilidade dos investimentos neste ámbito, obxectivo que non é fácil de alcanzar.

O goberno nacionalista sempre se empeñou en introducir e xeneralizar os procesos de calidade en todas as áreas da súa competencia porque entendeu que a aplicación das normas de calidade son esenciais para incrementar a competitividade das nosas

Pazo da Torre Xunqueira, A Pobra do Caramiñal



Illa do Faro desde Punta Príncipe, Illas Cies

empresas e servizos. No caso do turismo, se cadra este empeño foi moito máis intenso, e por iso se apostou por difundir e apoiar os procesos que conducen ao incremento da calidade tanto nos servizos como no destino.

As liñas de axudas por parte da Administración sempre tiveron en conta o respecto ao medio e outros aspectos como a accesibilidade ou o aproveitamento intelixente dos avances tecnolóxicos. Estas axudas procuraron as melloras en determinados establecementos turísticos para incrementaren a súa categoría, noutros casos favoreceron a modernización das instalacións existentes, incidindo especialmente nas condicións de accesibilidade e a supresión de barreiras. E por suposto, en todo momento incidíuse na implantación de enerxías renovábeis e sistemas de calidade específicos.

Dado o carácter transversal do turismo e obxectivo histórico do nacionalismo de contribuír decisivamente a un mellor desenvolvemento do rural, deuse un tratamento especial ao fomento do turismo nas áreas rurais. Así, dentro das subvencións públicas procurouse a creación de comercialización de paquetes turísticos no medio rural e favoreceuse o uso das novas tecnoloxías na promoción e comercialización neste ámbito. Outros obxectivos a destacar poden ser: o impulso da modernización das infraestruturas e dos servizos, así como a creación de establecementos turísticos que supoñan a recuperación de

edificacións dos núcleos históricos en cidades e vilas, de edificacións de valor etnográfico e a creación de aldeas de turismo rural e de establecementos balnearios e de talasoterapia.

**APOSTAS PARA O FUTURO INMEDIATO.** É prioritario seguir avanzando no recoñecemento da propia realidade da oferta turística, creando unha oferta orixinal e totalmente sustentábel que contribuír para un maior desenvolvemento económico e social. Galiza conta cun patrimonio arquitectónico e natural distribuído por todo o seu territorio. Un feixe de elementos que conservan unha riqueza sociocultural e ambiental que pode ser explotado con fins turísticos e en beneficio de toda a poboación, sen que iso implique unha deterioración das súas condicións.

Galiza debe enfrontarse aos seus propios obxectivos aproveitando as súas potencialidades, mais para deseñar novas políticas que satisfíxeren as necesidades do turismo tamén é preciso estudar a fondo todos os aspectos da nosa demanda turística. Nun contexto tan competitivo neste ámbito como o actual, e unha vez que Galiza acadou importantes cotas de desenvolvemento turístico como destino recoñecido e solvente, tampouco debemos baixar o nivel de exigencia no que se refire á promoción.

O obxectivo fundamental pasa polo incremento do gasto medio que realiza cada visitante e non tanto polo incremento de fluxos turísticos.





O turismo galego destaca pola súa diversidade, polo que hai que tratar de xeito preferente os compoñentes diferenciais a respecto doutros destinos como a gastronomía ou o turismo termal

Sábese que as facilidades das novas tecnoloxías e a flexibilidade laboral permiten aos viaxeiros incrementar o seu número de viaxes ao longo do ano. É evidente que no actual contexto o aproveitamento ao máximo das centrais de reservas a través de internet e as melloras de conexións aéreas son unhas boas bazas para lograr o obxectivo mencionado.

O fenómeno do Xacobeo é sen dúbida unha oportunidade para poder salvar a crise económica. A proximidade do Xacobeo 2010 debe ser explotada dunha forma prioritaria, de aí que medidas dadas a coñecer polo Goberno recentemente darán un maior pulo a este fenómeno. O proceso de delimitación oficial dos Camiños en Galiza servirá para garantir a súa definitiva consolidación como vías de cultura. Nos próximos anos vaise continuar coa dotación das diferentes rotas xacobeas de albergues públicos, completando así a rede galega de albergues. Outras medidas son os traballos de mantemento e recuperación dos Camiños para que estiveren nas mellores condicións posibles para o tránsito dos peregrinos, o establecemento dun sistema que permita manter os monumentos arquitectónicos da contorna do Camiño abertos aos visitantes ou as axudas para a recuperación da arquitectura popular.

O turismo galego destaca pola súa diversidade, polo que hai que tratar de xeito preferente os compoñentes diferenciais a respecto doutros desti-

nos como, por exemplo, a gastronomía ou produtos característicos como o turismo termal. Mais probablemente, os esforzos máis significativos tiveren que ir encamiñados cara ao colocación da marca de destino e cara á creación de produto turístico en sentido amplo ■

<sup>1</sup> No último lustro a achega do turismo ao PIB superaba lixeiramente 11%, sendo no ano 2004 (Xacobeo) a máis significativa, en concreto de 11,6 %.

<sup>2</sup> Impactur estimou para o 2006 que o efecto directo da actividade turística sobre a economía galega supuxo 7,6% do PIB e 6,5 % do emprego xerado na economía. Tamén estimou que os efectos indirectos, ou sexa, os constituídos polos impactos xerados polas ramas de actividade que subministran bens e servizos intermedios, supuxeron para o mesmo ano 3,3 % do PIB e 3,5 % do emprego.

<sup>3</sup> Para coñecer a fondo as características dos visitantes pódese ver as enquisas de destino e excursionismo.

<sup>4</sup> Existen distintos estudos de investigación acerca dos sectores produtivos que conforman o complexo turístico galego.

<sup>5</sup> Para o 2007 os fluxos de turistas procedentes do Estado representan 84% e nos últimos anos deuse un incremento de turistas estranxeiros. Os fluxos do estranxeiro correspóndese basicamente con Portugal, Alemaña, o Reino Unido, Francia e Italia.

<sup>6</sup> Segundo os datos dos que se dispoñen en estudos realizados por Turgalicia, 73,6 % dos turistas que nos visitaron en 2007 xa o fixeran en anos anteriores. Esta cifra mantense ao longo do tempo.

Devesa de Roqueira, O Caurel

# Tes dereito a unha atención en galego

"fariame o favor de..."

"sería tan amábel de..."

"desculpe, importaría..."

"por favor, podería..."

"se non lle importa, podería..."

... falarme  
en galego

Se non che  
falamos galego,  
podes  
solicitárnolo  
cun sorriso.

## É o teu dereito!

**A MESA**

POLA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

[www.amesani.org](http://www.amesani.org)



**Concello da Coruña**

Consellería de Mocidade, Solidariedade e  
Normalización Lingüística

# Algunhas ideas sobre a figura e a obra de Carlos Maside



Carlos Maside naceu na parroquia de San Lois de Cesures o 16 de marzo de 1897. O 10 de xuño de 1958, logo de case tres décadas de intermitentes crises de saúde a causa da diabete que padecía, finou en Santiago de Compostela, cumpríndose 50 anos do seu falecemento.

ROSALÍA PAZO MASIDE

É artista profesional desde 1981, data da súa primeira exposición. Publicou textos teóricos e de opinión, relacionados coa arte, en diversos xornais, revistas e catálogos de artistas. Colabora no grupo I+D Fondo de Arte e Cultura Contemporánea, da Universidade de Vigo, no proxecto de arquivo audiovisual "Rexistro de Nós"



Lavadeiras. 1934

SANTIAGO DE Compostela sería a cidade que lle proporcionara a meirande parte das imaxes para a súa obra gráfica e pictórica (os espazos arquitectónicos e os motivos populares que, ao xeito dunha instantánea, rexistraba en directo nos apuntes tomados nas rúas, na feira dos xoves na Carballeira de Santa Susana, ou ben nas pequenas tendas de teas e nos postos de venda do mercado). Vigo foi a outra cidade que escolleu para re-

sidir durante tempadas alternas coas estancias en Santiago; de alí proceden os motivos industriais (escenas de estaleiros, de fábricas de conservas, os deseños para as capas das revistas *Industrias Pesqueras* e *Industria Conservera...*), e os motivos mariñeiros, que tamén recolleu nas súas estadias en Vilagarcía, Noia e Combarro. Traballando de profesor de debuxo de ensino medio residiu un tempo na Estrada, onde pintou paisaxes, recantos vilegos, escenas rurais, retratos de nenos. Santiago, A Estrada, Noia e Vigo son as sucesivas prazas nas que exerceu a docencia entre 1931 e 1937, ano no que foi destituído mediante expediente disciplinario dada a nova situación tralo golpe de Estado.

Os sesenta e un anos que durou a súa vida comprenden un axitado período da historia española que vai desde o chamado "Desastre do 98" ata mediados da ditadura franquista. No ámbito europeo e mundial sucédense acontecementos que terán repercusións de índole diversa na sociedade española (a Guerra Mundial, a Revolución Bolchevique, a grave crise económica desde o crac bolsista do 29, o ascenso dos totalitarismos europeos...).

Na obra gráfica de Maside publicada diariamente ao longo de case vinte anos en diversos xornais e revistas galegos e madrileños, reflíctese todo tipo de cuestións relativas á actualidade do momento: os problemas endémicos dunha sociedade ancorada nos hábitos caciquís; a ausencia de liberdades durante a ditadura de Primo de Rivera e anos anteriores; as esperanzas iniciais de liberdade e de modernización social e cultural propiciadas pola República, moi logo ensombrecidas polos conflitos desenvolvidos no seo do paréntese republicano; as consecuencias da gran guerra, da crise económica, a preocupación polo ascenso do nazismo, etc.. A ideoloxía de esquerdas de Carlos, fundamentada desde moi novo en conviccións de índole marxista, a súa ética rigorosa e esixente, a súa capacidade de observación e análise e o

seu implacábel xuízo crítico unido a un humorismo complexo, imprimiron ás súas viñetas un interese que, alén da calidade do debuxo (este adquiriu unha singularidade novidosa, única no campo do xornalismo gráfico, ao incorporar nas viñetas e estampas a experiencia das técnicas de gravado), permanece vixente polo valor de testemuño crítico dos acontecementos do seu tempo, tanto no nivel galego e español como no internacional. Esa innumerábel obra gráfica, xunto coa pintura, constitúe tamén un rexistro histórico dos trazos culturais e da idiosincrasia colectiva da sociedade galega, afectada por unha acelerada transformación que poñía en risco de desaparición os modos de vida tradicionais por mor da progresiva industrialización, causante da migración interior do ámbito rural ao urbano e dunha abrupta modificación dos costumes.

O conxunto da obra publicada en prensa entre 1918 e 1936, nas súas tres modalidades: *viñeta* (debuxo de crítica política e social enmarcado por un recadro de liña e cun breve texto ao pé que completa o significado do debuxo ou lle dá unha volta de sentido); *estampa popular* (debuxos ou gravados representando escenas populares, case sempre de mulleres en diversas actividades e oficios) e *caricatura* (máis ben retratos sintéticos, de poucas liñas, sen intención de esaxeración grotesca, senón destacando os trazos máis expresivos da personalidade do retratado e que representan polo xeral a persoas do mundo da cultura e da política, entre elas as que interviñeron na elaboración do Estatuto de Autonomía); todo este conxunto, dicía, constitúe, ademais dunha galería de personaxes da época, unha permanente incitación ao debate de ideas e un aguillón contra o conformismo da opinión pública e contra a autoxustificacón que alimenta o *statu quo*.

En troques, na pintura desaparece a crítica explícita para dar prioridade á investigación estética, á resolución das cuestións pictóricas ou artísticas de

seu, como son os -para el fundamentais- problemas da representación. Carlos definiu a súa pintura como “representativa” e “realista”. E conxugar a *representación veraz da realidade* coa innovación artística leal a aquela representación, constitúe a tarefa investigadora na que, desde o principio, se van conformando nunha única peza a ética e a estética masidianas.

Mais o concepto de “veracidade” na representación realista non responde a criterio moral ningún. Para Maside, como explicou en diferentes anotacións e máis tarde expuxo implicitamente, xunto a outros eixes da súa teoría estética, no ensaio “En torno a la fotografía popular”, publicado por Galaxia en 1950, “o verdadeiro” da realidade é “o substancial”, o intemporal e eterno malia súa transitoriedade; o que, estando presente, resulta velado polo superfluo da aparencia e cómpre captar para a representación. E para esa captación do substancial é necesario un distanciamiento emocional que permita a “obxectividade” no proceso de síntese.

Así, o realismo veraz na pintura refuga a imitación naturalista, a idealización, o pintoresquismo e os tópicos costumistas ateigados de anécdotas non significativas, o sentimentalismo que anubra a obxectividade. En suma, o concepto de “realismo veraz” ou “realismo obxectivo” rexeita a arte académica e ancorada en esquemas caducos que se practicaba en Galicia nas primeiras décadas do século XX, impermeábel ás achegas formais da vangarda e compracente cun gusto burgués moldeado baixo as directrices da metrópole centralista. Daquela, só o admirado mestre Castelao racha co academicismo decimonónico cunha obra universalizábel e singularmente galega, mais sen superar aínda o esquema modernista.

Este posicionamento ideolóxico respecto da arte non é exclusivo de Maside, se ben a súa actitude atenta ás correntes europeas de pensamento e a contumaz análise intelectual dos problemas da pintura a prol de aca-

O realismo veraz na  
pintura refuga a  
imitación naturalista, a  
idealización, o  
pintoresquismo e os  
tópicos costumistas  
ateigados de  
anécdotas non  
significativas

dar unha arte galega de calidade –ou, en palabras de Rafael Dieste, de “establecer a categoría estética de Galicia”-, singularizan o seu pensamento e o seu traballo artístico e o facultan como dinamizador do cambio de paradigma no eido da plástica galega.

Xa antes de se consolidar colectivamente o ideario artístico que deu lugar á *xeración do trinta*, Maside formara parte, con Manuel Antonio e Rafael Dieste, do núcleo de xoves

amigos arredor de cuxa actividade –e quizais a raíz do clima de rebeldía promovido polo manifesto *Máis Alá*, de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro-, foi xestándose o grupo d'*Os Novos*, que representaría unha actitude intelectual e artística máis crítica coa realidade política e social, máis implicada cos problemas da sociedade, máis aberta, radical e vangardista que a da *Xeración Nós*, con cuxos membros, aínda respectando o seu maxisterio, mantiveron públicos debates ideolóxicos arredor da concepción da cultura e o nacionalismo –cómpre salientar a polémica con Risco que inicia Maside en 1925 a través das páxinas de *El Pueblo Gallego* e á que pouco despois se incorpora Dieste cos seus artigos na sección *Temas Galegos*; manterase o debate ata que en 1928 Carlos e Rafael marchan a Madrid<sup>1</sup>.

**CONVERXENCIA COA ARTE EUROPEA.** A de Maside, como a dos outros artistas da *xeración do trinta* e a do movemento español de renovación cultural, é unha afirmación do realismo na arte que coincide coas diversas tendencias transnacionais de *volta ao realismo* –ou *volta ao orde*, como o denominou Cocteau– da época de entreguerras. Só que o que para numerosos artistas europeos, e algúns estadounidenses, esgotada xa a linguaxe do futurismo, cubismo e expresionismo, era unha saída á primeira crise da vangarda a través de novas formas de representación do real<sup>2</sup>, no territorio español consistía na modernización serodia dunhas formas realistas nunca abandonadas. Por outra banda, se a recuperación de elementos da cultura popular se dá simultaneamente en manifestacións artísticas de varios países –especialmente nas dos combativos alemáns da Nova Obxectividade, como Grosz e Dix, ou do belga Maserel, dos que Maside recolle en París influencias na utilización da técnica tradicional de gravado en madeira–, na obra dos renovadores galegos a valoración do popular se compromete coa dignifica-

Círculo baixo o paraugas. 1935



ción da imaxe do pobo e dos seus valores culturais, converténdose, no caso particular de Maside, nunha misión indiferenciada da práctica da arte. Así, as características antes aludidas de representación da realidade confirenllas ás escenas populares unha presenza poderosa desprovista de calquera trazo de vulgaridade, unha certa solemnidade que adoita relacionarse coa "monumentalidade" atribuída á *estética do granito* –termo utilizado para definir as obras dos renovadores galegos que acharon as fontes formais da estética popular na tradición escultórica dos canteiros e do románico do Mestre Mateo-, e que inaugura en 1930 o cadro de Maside *Muller sentada*, considerado desde o primeiro momento a obra máis emblemática das adscritas a esa denominación. Pero, no meu parecer, a monumentalidade atribuída a esas obras debe entenderse unicamente en referencia ao aspecto escultórico e simplificado das figuras. O certo é que Maside amosaba verdadeiro rexeitamento polo concepto de monumento, por esa idea enfática e grandilocuente de permanencia inmutábel que leva asociada, pola xestualidade ampulosa e teatral das personaxes das estatuas (diso dá fe a serie de viñetas satíricas titulada *O que din as estatuas*, publicada en El Pueblo Gallego entre 1925 e 1927). De igual xeito, a solemnización das imaxes non procede dun intento de magnificación, senón do estatismo sereno, do distanciamento emocional e da supresión da temporalidade que resultan de eliminar todo elemento adxectivo e circunstancial, á maneira dos retratos fotográficos populares que Maside analiza no seu ensaio do ano 50, nos que os campesiños retratados procuran a maior sobriedade nas poses hieráticas, carentes de afectación -en contraposición á buscada aparencia de naturalidade típica do retrato burgués-, evitando toda expresión que indique accidentalidade, toda continxencia que remita ao momento puntual da fotografía, pois se

trata dunha imaxe para o recordo familiar que ha de representar o substancial da persoa, o contido profundo translucido trala aparencia. O resultado é unha imaxe solemne e intemporal que expresa a dignidade dos humildes campesiños retratados. E esa sensación de intemporalidade, de tempo detido, non elimina a historicidade da imaxe, que, pola contra, conserva os trazos persoais e culturais significativos.

A reflexión sobre todas estas cuestións, que teñen íntima relación cos problemas da representación na arte que tanto lle preocupaban a Carlos, definiu xa desde as primeiras obras o que Dieste denomina, co título dunha conferencia publicada en 1975 no nº 4 dos *Cadernos do Laboratorio de Formas de Galicia*, "a estética pictórica de Carlos Maside".

É así como atinxe Maside unha pintura que, representando imaxes recoñecíbeis pola xente galega do pobo, constitúe unha linguaxe universal ao transcender as particularidades non significativas. E porque tanto Maside como os pintores galegos da súa xeración reclaman a contemporaneidade estética para a súa arte, danlle importancia prioritaria á innovación formal, pero manténdose dentro das marxes que fan posíbel a representación do real naquela empresa colectiva de "estableceren a categoría estética de Galicia".

Isto abondaría para recoñecer a calidade dunha arte de grande validez cultural para o seu contexto que, ao tempo, acada valores comunicativos universais. Pero o certo é, ademais, que a arte galega, partindo dunha elaboración propia, confluía co que, sen ser un movemento articulado e uniforme, estaba a xeneralizarse por numerosos países de Occidente como a arte representativa dun momento histórico no que as condicións sociais e a propia crise da idea de vanguardia reclamaban un cambio no concepto de modernidade (cómpre ter en conta que moitos dos artistas que emprenderon esta "volta ao orde" fo-



Libro que percorre a comprometida obra de Carlos Maside durante o período republicano



Maside desde moi novo publicou colaboracións nos xornais

ron anteriores abandeirados das vangardas que, sen renunciaren aos logros formais dos diferentes "ismos", dirixiron a mirada innovadora sobre valores clásicos, procurando novas interpretacións da figura e do obxecto).

En 1925 o crítico de arte Franz Roh escribiu un libríño sobre o *postexpresionismo*, a arte alemá de entreguerras que el denominou "*Realismo Máxico*" (un termo que, desprazado polo de *Nova Obxectividade*, logo derivaría nun uso comercial un tanto arbitrario e se implantaría con significado propio na literatura latinoamericana). Roh define o *postexpresionismo* con lóxica ambigüidade, pois non se trataba dun movemento organizado senón dun clima artístico xeral; e o fai por oposición ao *expresionismo*, expondo unha serie de características moitas das cales atopamos no ideario estético masidiano (representación verista e depurada, distanciamento emocional ou visión non sentimental do tema, sobriedade no tratamento do asunto, estrutura unificada, dominio do estatismo, debuxo vigoroso e contorno nítido das figuras, aproximación á esencia da realidade das cousas, etc.). Pero se na definición que Roh elaborara a través dun listado de categorías de contrarios había certa inxenuidade, na obra do pintor galego aqueles elementos están procesados con rigor intelectual e coa depuración que, para o seu criterio, a función social da arte esixía.

Se Carlos Maside lera o libríño de Roh, nono sabemos. De que coñeceu

en París a obra dos alemáns, temos certeza. Tense falado abondo da influencia nas súas xilografías das de Otto Dix e de George Grosz, dos que trouxo catálogos xunto ao do belga Maserel. Da primeira e interesante produción pictórica realizada ao regreso de París e da presenza nela do Dadá berlinés ten falado admirativamente Luís Seoane. O porqué de que destruíse esta obra tan logo rematou a súa primeira exposición individual ten sido obxecto de especulacións; a patente influencia –visíbel na fotografía que se conserva– sería para el razón abonda; pero coído, ademais, que a súa escrupulosa entrega á elaboración dunha arte moderna baseada na investigación e interpretación duns principios estéticos galegos, arraigados nunha sorte de clasicismo popular, fíxoo, quizais, desbotar esas obras por canto escapaban a tales principios (aqueles cadros estaban inspirados en motivos populares dos carteis de cegos, pero o tratamento pictórico deformando as figuras, e maila temática tremendista -crimes pasionais-, saían da contención expresiva que Carlos procurou para a súa pintura. Sobre o tema do "cartel de cego" fixo outras obras, xa na liña presentativa que lle interesaba).

Quer dicir que as concomitancias que poidan observarse na obra de Maside coa doutros autores non son nunca imitativas –nin sequera semella que poida haber influencias inconscientes de importancia–, senón produto de decisións meditadas sempre acordes co seu ideario estético. No tocante a aqueles trazos coincidentes coa definición de Roh do *postexpresionismo* (moitos dos cales poden aplicarse á xeneralidade da arte de entreguerras cualificada de "volta á orde", aínda coa escasa precisión que permite a grande heteroxeneidade desta arte), veñen constatar a actitude atenta ao acontecer social e cultural que transcende o contorno inmediato, pero tamén, fixándonos na coherencia con que encaixan na formulación filosófica da estética masidiana,



demostránnos o rigor e a singularidade con que se conforma esa estética.

Unha referencia implícita aos citados trazos aparece nos textos de Álvaro Cunqueiro e Ricardo García Suárez ("Xohán Ledo") incluídos na monografía sobre Maside que editou Galaxia en 1954. Cunqueiro exponnos dunha forma transversal, máis literaria. Xohán Ledo, máis exhaustivo e analítico na descrición da pintura, vai sinalando as características formais, pero tamén as de contido filosófico, ingredientes indispensábeis para a comprensión da obra masidiana.

Rafael Dieste, que viviu o proceso de renovación da pintura acompañando, ou máis ben dinamizando, as conversas sobre arte e achegando, xunto con Maside, ingredientes teóricos aos debates, na súa "Charla sobre Carlos Maside"<sup>3</sup> fai referencia á faceta filosófica do pintor, no contexto das súas conversas con este e máis con Colmeiro, Souto, Laxeiro e Seoane: "(...) no que se refire ao diálogo, o meu diálogo con Maside era máis metódico. Era, pudéramos dicir, un diálogo case platónico, pero dos mellor organizados, como pode ser o Parménides, ou un destes diálogos conceptuais; non un diálogo como o Banquete, que este se parecería máis aos que podía ter con outros sofistas, con Seoane, ou con Colmeiro. Con Maside o diálogo parecía-se máis ao Parménides; así, perfectamente levado. E algunhas veces temos discutido –cosa que non me sucedeu con case nengun dos outros–, e poñiamos-nos sempre de acordo, pero con unha lealdade común a un mesmo fito, que era descubrir unha verdade que estaba alí.

(...) (Maside) *estabelecía paseniño as categorías pictóricas, é dicir, as categorías da realidade en canto a realidade pode ser incitadora da pintura ou se pode brindar á pintura. (...) De aí que a táboa das categorías da realidade, da realidade que corresponde contemplar ao pintor, se corresponde con outra táboa de problemas, ou sexa, con unha problemática pictórica. E Maside era o que tiña un em-*

*peño do mais teimudo en atopar iso (que, naturalmente, é imposible de atopar dun xeito absoluto).*

(...) *Maside era o mais racionalista. Non é que fose mais racionalista que os outros, pero era-o dun xeito explícito, manifesto. E non o era nun sentido maniático, terco, de querer argumentar, de querer facer trifulca conceptual. Non; mais ben, e esta é a palabra mais nobre que se pode empregar, o mais filósofo, o mais explícita e directamente filósofo.*


(...) *Aquel era un momento en que a filosofía da arte deixaba de ser cousa de filósofos unicamente, para ser cousa de pintores".*

**A REPRESENTACIÓN DA MULLER NA OBRA DE MASIDE.** Na vontade de dignificación do popular que manifesta invariabelmente Carlos Maside, recibe unha atención central a muller galega traballadora. Poderíase dicir que, dado o marco de representación da realidade na que desenvolve a súa obra, o protagonismo destacado da figura feminina responde a unha obviedade sociolóxica: a importancia do rol feminino na sociedade galega. Non obstante, nunha análise máis polo miúdo do tratamento que lle dá á muller nos diversos campos da súa obra, descóbreanse características que resultan novidosas e especialmente progresistas para o seu tempo.

Tal afirmación resulta evidente aplicada a esa vertente da súa produción que el denominaba *viñetas*<sup>4</sup>. Xa nunha primeira ollada reparamos naquelas que amosan mulleres conversando sobre problemas políticos, sociais, económicos -o Estatuto de Autonomía, a lei de divorcio, a contribución agraria, as rendas forais...-; mulleres desenvaiñando a ironía crítica verbo dos abusos do poder caciquil, da desigualdade clasista, da discriminación sobre a lingua galega, etc.

Algunhas viñetas son tan eloquentes como esta: o debuxo dunha labrega sachando, que, baixo a lenda *A Venus galega precisa dos brazos*, constitúe, ademais do obvio recoñe-

Na vontade de  
dignificación do  
popular que manifesta  
invariabelmente Carlos  
Maside, recibe unha  
atención central a  
muller galega  
traballadora



Muller sentada

cemento ao traballo da muller rural, unha réplica aos modelos hexemónicos de beleza, que sempre implican clasismo, aquí aludidos ironicamente pola idea de "Venus".

Entre as "viñetas electorais" (adoitaba adxetivar as viñetas segundo o tema que tratasen), son varias as dirixidas a reclamar o voto feminino. Entre elas destaca, pola caracterización das personaxes, a publicada en El Pueblo Gallego o 19-XI-1933, na que


unha muller, personificando o voto feminino, ocupa o espazo central sentada nunha cadeira nobre e arrodeada de galantes pretendentes masculinos en actitude solícita. É a única ou das escasas ocasións en que representa á muller como obxecto de desexo, e o fai servíndose dunha metáfora desposuída de sentido sexual para simbolizar a importancia da participación activa das mulleres co poder do seu voto e facer unha sátira sobre as ansias que este esperta nos "pretendentes" políticos.

No canto da tópica representación da "Maternidade", presente ao longo dos séculos na iconografía artística de signo tanto tradicional como vangardista, os seus debuxos de mulleres con nenos evitan a imaxe idílica e adoitan aludir ás condicións de pobreza e soidade que afectan aos máis desfavorecidos (ex.: *As muñecas das probes*, El Faro de Vigo. 10-II-1924).

Merece tamén comentario individualizado o cartel propagandístico do Estatuto de Autonomía ("El Pueblo Gallego", 24-VI-1936), no que o debuxo dunha muller con vestimenta popular e en actitude decaída leva a lenda: *si non queres unha Galicia sempre abatida e resignada, vota o Estatuto*. Trátase dunha viñeta eficaz, de aparencia sintética e directa, pero con certa complexidade nas lecturas: por unha banda, identifica a imaxe da muller, "abatida e resignada", cunha Galicia sen poder de decisión para resolver os problemas de seu; por outra, semella chamar ao voto feminino como instrumento contra a situación de desvantaxe da muller e o intrínseco sometemento de xénero. Esta segunda interpretación sería indiscutiblemente progresista; mesmo poderíamos inferir a idea, un pouco afortunada, dun Maside feminista. Mais da primeira dedúcese a influencia dun estereotipo conservador, dominante tamén hoxe en día, que identifica a patria coa nai; a muller co ancestral, coa terra; o feminino coa natureza. O "natural" representa o "instintivo" en oposición ao "intelectual", ao "racional", que se iden-

## DISEÑOS

por MASIDE



- Ustedes ¿por qué no hablan castellano?
- Porque non debemos falar por boca de gatsos.

tífica co masculino. Nesa lectura, a arte tería que ver coa creación, co pensamento, coa intelixencia, e a artesanía estaría ligada á tradición e á terra, ao feminino. Así, pasividade/actividade; intuición/intelixencia; tradición/modernidade; natureza/cultura, etc., son as oposicións sexistas que se agochan tras o estereotipo muller/home produto dunha conceptualización androcéntrica. Pero, nesta viñeta, o propio lema que a completa é unha incitación a rachar coa pasividade da "resignación" e o "abatemento" e, polo tanto, con aquela identificación negativa. Por outra banda, existe unha tendencia nas viñetas a facer unha asociación entre a muller e determinados conceptos por unha mera cuestión de xénero gramatical. Así, conceptos como Liberdade, República, Constitución, e o nome de países como Alemaña, ademais do de Galicia, aparecen representados con debuxos de figuras femininas. Quer isto dicir que habería que reconsiderar a significación anteriormente atribuída?


Non obstante, a asimilación da muller coa natureza, coa terra ancestral, é un tópico herdado da tradición de séculos que está presente, segundo as análises coincidentes de diversos historiadores e críticos, na obra de Carlos Maside así como na dos outros artistas considerados renovadores da arte galega. Botaremos agora unha ollada sobre esta cuestión na pintura de Maside e estableceremos comparativas coa obra dalgúns dos seus coetáneos.

Se ben o tema da pintura de Maside é a pintura de seu, verbo da que persigue insistentemente solucións para a problemática da representación, no plano simbólico semella constituír unha homenaxe á muller galega popular, síntese de Galicia e a clase traballadora (cómpre sinalar que xa nas primeiras estampas e viñetas coas que Maside colabora diariamente en diversos xornais desde o ano 1918, a idea do "popular" vai unido a esa concepción marxista do termo "pobo" que reivindica o papel social da xente traballadora e que máis tarde orientará ao movemento cultu-

ral republicano encabezado por intelectuais e artistas da *Xeración do 27*).

A emblemática *Muller sentada* (1930), a obra máis representativa da chamada "estética do granito" na que conflúen os artistas galegos da *xeración do trinta*, resume esa idea de homenaxe nunha figura "monolítica", de formas simplificadas, que non exhibe marcados atributos de feminidade, senón apenas o esbozo de trazos culturais na indumentaria de muller popular. Da mesma época -década dos trinta- son *Mulleres en roda*, *Parolando*, *Lavandeiras*; obras que presentan mulleres en grupo, dispostas no cadro de forma circular ou articulando entre elas un espazo que parece suxerir un mundo de seu, autónomo. Algo similar sucede nos cadros que se titulan *Tenda*, ou nos *Merca-*

Carlos Maside implicouse na defensa da nosa lingua e cultura denunciando aos renegados



Libro de homenaxe a Carlos Maside

versos e que, ao carecer de caracterización persoal individualizadora, funcionan como símbolo. En palabras de María Luisa Sobrino: "poderíase interpretar como se a muller para Maside encarnase o espírito de Galicia. Pero Galicia simbolizada non como etnia, senón como historia viva, como sociedade á que a emigración vacía de homes, quedando a muller como base e prototipo do pobo"<sup>5</sup>

En consecuencia, se fose pertinente a asociación do feminino coa "terra nai", na simboloxía masidiana respondería a unha vontade de recoñecemento da dignidade da muller enfrontada, soa, a unhas condicións sociolóxicas especialmente adversas.

En xeral, na súa obra, tan diversa en técnicas e destinos, non se atopan trazos que revelen prexuízos convencionais asociados á representación canónica da muller (afectado lirismo, pasividade, voluptuosidade...). Con certa vontade de rebuscamento poderíamos tentar achar signos desta índole nas diversas versións dos gouaches *Primavera* (1938) e no óleo *Verano* (1940), obras de carácter bucólico nas que o tratamento case inxenuísta do tema, e formalmente elemental, afástaas dunha interpretación arquetípica e moralizante do paraíso (mulleres todas, espidas ou vestidas, serían "Evas" sen serpe e sen Adán).

En *Rapaza na praia* amosa unha moza vestida, sentada na area, mirando ao mar de costas ao espectador. Non aproveita o tema para retratar carnalidade, senón unha escena de folganza contemplativa que induce a poñerse na pel dunha rapaza en trazo de gozo estético. Outra volta, a muller non é a musa; non é obxecto pasivo de inspiración; é suxeito que percibe o mundo en primeira persoa, e, cando Carlos a pinta, mantén a distancia respectuosa que profesa a todo ser con universo propio.

Rematamos este breve percorrido pola obra de Carlos Maside poñendo a específica mirada que nos atinxe nos retratos. É neste xénero onde a caracterización psicolóxica das personaxes

toma importancia relevante e onde abundan os debuxos de nenas do seu contorno en actitude de estudo, lendo ou escribindo. Pola contra, non lle coñeza ningún debuxo ou retrato de neno destas características, do que non hai que deducir outra cousa que a seguinte: na súa mirada de comunicador, a imaxe de xénero feminino non estaba ligada exclusivamente ao que-facer doméstico e ao duro traballo da campesiña ou da proletaria urbana.

Salvo Colmeiro, cuxa iconografía feminina levada á pintura ten, canto o que estamos a analizar, características similares á de Maside, nos demais coetáneos non atopamos a mesma asepsia no tratamento da muller, que adoita ser vista baixo o imaxinario conservador dominante. O caso máis manifesto é o de Arturo Souto, quen, nas súas escenas de prostíbulo, como tamén en *Escenas de cabaré*, *Mulatas con cántaros*, *Muller deitada*, *Dúas mulleres*, *Mulleres e peixes*, *Mariñeiros e nós*, *Contemplación*, *Maternidade*, etc., retrata mulleres espidas ou ataviadas con panos que aderezan o cadro deixando os corpos completa ou parcialmente nus, zumegando erotismo, ás veces exhibido ante a mirada de personaxes masculinos de traxe e sombreiro elegantes. Por outra banda, as formas sinuosas e pronunciadas das mulleres populares de Manuel Torres (*Regateiras*, *Vagar*), así como o lirismo erótico, ou, en ocasións, a caracterización abertamente sexual das mulleres pintadas por José Frau, falan dunha obxectualización da muller vista como "o outro sexo", corpo feito para a seducción. Poderíamos mencionar a moitos outros artistas, tanto galegos como de fóra de Galicia; pero citaremos só a María Blanchard pola especificidade do caso: muller que transmite esquemas ideolóxicos fortemente conservadores encargados de perpetuar a dominación masculina (véxase *Mujer y niño*, *La echadora de cartas*, *Niña cosiendo*, *Maternidad*, *La Toilette*...).

Visto que non hai unha relación de directa consecuencia entre ideoloxía



Mercado

progresista e autodepuración de estereotipos involutivos, podemos concluir que a observancia ética de Maside vai máis alá dun pensamento sociopolítico e estético adoito nun intelectual de esquerdas: de forma deliberada ou inconsciente consegue eludir, en considerábel medida, ese sedimento escorregadizo que se filtra no imaxinario e na linguaxe de todos; ás veces, mesmo de quen tenta combater a hexemonía da cosmovisión androcéntrica.

**A MODO DE HOMENAXE.** Cando Rafael Dieste, na charla de inauguración do Museo Carlos Maside, en 1970, ao referirse á arte galega dos anos 20 e 30, alude a esa etapa –mesmo aos anos nos que Carlos era aínda basicamente debuxante– como “a época de Maside”, e en 1972 o crítico de arte Fernando Mon escribe que “Carlos Maside é ademais de pintor toda unha época na historia da pintura galega” (*Maside*”, colección Artistas Españoles Contemporáneos, ed.

Dirección General de Bellas Artes), ambos queren dicir algo que hoxe se fai difícil de comprender vendo o esquecemento institucional ao que este artista foi sometido.

Incomprensíbel é que en non poucas recensións de arte galega, sen dúbida nesgadas, polos motivos que sexan, se teña prescindido da representación da súa obra, mesmo da cita do seu nome, estando, porén, presentes importantes artistas da súa época e máis outros non tan destacados. Unha directa consecuencia é o descoñecemento absoluto para as novas xeracións de artistas, e xa non digamos da sociedade en xeral, que, en troques, non descoñece tanto a outros dos renovadores cuxa obra ten sido máis divulgada. Sorprende aínda máis que para artistas menos xoves, os nados arredor dos anos da morte do pintor, a resonancia do nome “Maside” non vaia unida máis que a un coñecemento superficial do seu traballo pictórico e apenas das súas outras facetas.



Este esquecemento chama máis a atención se temos en conta o tratamento case de mito que ao referirse a el lle aplican numerosas persoas que o coñeceron, e do que temos constancia por escrito en textos de Rafael Dieste, Álvaro Cunqueiro, Ramón Piñeiro, Xoán Ledo, Luís Seoane, Díaz Pardo, Fernando Mon, Salvador García Bodaño... e un longo etcétera. Lembro persoalmente de Uxío Novoneira as palabras de sentida admiración dedicadas ao recordo de Carlos durante un paseo en grupo por unha rúa de Santiago -logo dun acto na sala Sargadelos nos primeiros anos oitenta, daquela aínda rexentada por Chichi Campos-. É curioso como, en todos eles, as referencias de respecto e admiración á dimensión artística, intelectual e humana de Carlos Maside, van acompañadas da lembranza da súa imaxe externa; da descrición do seu aspecto físico e a súa forma de expresarse: o seu porte, os trazos do seu rostro, os seus ademáns, a cadencia calma do seu falar e o seu camiñar; mesmo a súa indumentaria adevezada con chapeo de aba ancha, bastón e boquilla longa para os cigarrillos -por outra banda, nada inhabitual na época-, describindo a unha persoa carismática na súa presenza física, esta indisolublemente unida a unha profundidade humana, artística e intelectual.

Subliño isto, pese ao risco de caer nunha observación superflua, polo paradoxo que suscita: unha figura destacada da cultura, amplamente

valorada e reiteradamente descrita coas características dunha personaxe facilmente mitificábel e que, porén, resulta relegada, case esquecida fóra do círculo das persoas coas que mantivo contacto persoal.

(É de xustiza puntualizar o seu rexeitamento manifesto de toda mitificación, así como a repulsa que lle causaba o frívolo aderezo da imaxe persoal e a exhibición de xenialidade, do que dan proba algúns comentarios que ten feito sobre Dalí. Ao celo auto-crítico co que elaborou a súa obra acompañouno sempre a despreocupación por promovela, pese a estar concibida para perdurar como testemuño histórico, e pode ter certa responsabilidade no seu actual descoñecemento. Pero iso non exime ás institucións culturais da obriga que lles corresponde).

En 2008 cumpríronse 50 anos da súa morte e, malia estarmos en tempos dados a celebracións conmemorativas de índole espectacular, o aniversario pasou practicamente desapercibido, coa insuficiente excepción dalgunhas páxinas dedicadas a el na prensa. Vallan aquí como pequena homenaxe as palabras pronunciadas ou escritas por amigos seus, hai xa ben anos, moi acidas para ilustrar o paradoxo ao que veño de referirme.

Na conferencia "La estética pictórica de Carlos Maside" pronunciada no acto de inauguración da Galería Sargadelos de Madrid, en 1975, Rafael Dieste fai a seguinte caracterización verbal da figura de Maside (o texto orixinal está en castelán por ir dirixido ao público de Madrid):

*"O máis ostensiblemente persoal de Carlos Maside atópase fondamente compenetrado coa súa maneira de enfocar os problemas da arte e, ante todo, os que lle saen ao paso no seu proceso vital e no seu quefacer artístico."*

*Moitos dos presentes recordaremos a súa planta señorial e á vez modesta, o seu rostro tan transparente, imaxe da máis fonda lealdade, o seu xesto comedido, algunhas veces vagamente doloroso, pero sempre amistoso e aínda alegre, o seu modo*

parsimonioso de falar, a súa lentitude buscando a palabra xusta, a súa distinción nativa, a súa actitude sempre cortés, rara vez sublevada... Todo isto constitúe para calquera que o teña coñecido a suma de trazos máis notorios de Maside, que eran como o primeiro anuncio, nada enganoso, doutros máis recatados e profundos. Pero o que veremos agora suliñar é que Maside, ademais de ter esta inesquecible singularidade persoal e, así mesmo, un modo tan seu de enfocar os problemas, ten esta outra singularidade: que sendo tan persoal e tan distinto, o seu exemplo ten unha validez poderíamos dicir universal. Non era, pois, un "raro" e máis ben lle tería desacougado este mote, aínda aplicado coa intención máis loamiñeira. Pero tampouco era, a sabendas, un modelo, e se de pequeno lle houbesen chamado "neno modelo" teríase rompido inmediatamente os calzón para desmentir semellante dictame, e non por presunción anárquica, senón simplemente por amor aos outros nenos, os bos e os malos.

Coido que indagando ben no fondo dos propósitos, do designio de Maside, da súa preocupación fundamental no que se refire á arte, iluminaríanse moitos problemas que non só afectan á arte galega, senón á saúde da arte en xeral."

En 1958, a revista "Galicia Emigrante", dirixida por Luís Seoane en Bos Aires, recolleu no seu número 35, de xullo e agosto, textos publicados na prensa española e latinoamericana con motivo da morte de Maside. Seguidamente, algúns fragmentos deses textos, traducidos ao galego:

"Unha vez, fai xa tempo, vin a un home na rúa que camiñaba baixo a sombra dun ancho chapeu e levaba na boca un xesto que non se parecía a nada. Camiñaba de vagar e parábase diante de tódalas cousas, porque tódalas cousas teñen a súa cor. Seguín, sen darme de conta, aquel xesto ata que desapareceu nun portal.

Despois souben que, ás veces, Maside baixaba da súa hermita e se perdía entre os homes.

(...) Un día Maside colleu unha pluma e escribiu apenas seis páxinas. Sen dúbida o mellor que se publicou en Galicia sobre arte. Non se erixiu en filósofo da arte, aínda que lle sobrava talento para iso, nin deitou os seus coñecementos bibliográficos, aínda que lle sobaban lecturas. Nin unha soa cita e moitas interrogantes. A interrogante é o segundo drama de Maside –o primeiro, segundo Mourullo, é a sinceridade–. Esa fouce cun puntinho debaixo, que sega unha e outra vez as ideas, para que ao fin agromen con renovada vitalidade. A enfermidade da autocrítica só a poden padecer os homes superiores".

(Gonzalo Rodríguez Mourullo)

"Falaba de vagar, con pausas e titubeos, como se temese non atopar a palabra exacta ao seu exacto pensamento. Pero o resultado era sempre o mesmo: unha correcta conclusión clarísima e airosa, que non era home de tópicos, de convencionalismos, de fáceis ou fatais seguridades. Home obxectivo, pensando en alta voz. Asombrábanos o seu poder de ideación e a precisión dos seus discernimentos. E sempre dicía algo lóxico, atinado, fondo. Un discurso despexado e limpo, unha dialéctica directa. De aí a traza da súa pintura: clara, honesta, clásica. Cada cadro seu é un explícito teorema, unha realizada lección concluínte. Veraz, denso, noble".

(Ánxel Fole)

"Naquel xesto inesquecible da man, naquel sorriso, naquel cello, esa figura angulosa que verei parada fronte a un escarparte ao volver a esquiña, seguirá vivindo, para mín e para cantos o amaron, esa vida de Maside que se furta ao sepulcro"

(Aquilino Iglesia Alvarino)

"Finou-nos en Compostela. Era un ser humano dunha nobreza in-

En 2008 cumpríronse 50 anos da súa morte e, malia estarmos en tempos dados a celebracións conmemorativas de índole espectacular, o aniversario pasou practicamente desapercibido

Autocaricatura de Carlos Maside para Vida Gallega



VIÑETAS

por MASIDE



La "Unidad Nacional".

Carlos Maside e unha representación conceptual sintética da cuestión nacional no Estado Español

comparable. Era iso que Gracián dicía que é o máis fermoso do mundo: "unha cabeza ergueita, os ollos que te miran, a boca verdadeira, o noble corazón, é dicir, o gran duque de Alba ou o príncipe de Condé". Iso era, desda linaxe de fermosura esencial. E era un enorme, xeneroso, fiel amigo. (...) Quero dicir tamén, polo que a mín me toca, que perdín, coa súa morte, a un dos amigos para os cales foi precisamente feita esta palabra, e dunha fidelidade emocionante, irremprochable"

(Álvaro Cunqueiro)

Dicir algo sobre Carlos Maside, á parte a súa poderosa personalidade, é relacionarse un pouco co suprafísico. É algo así como enfrentarse coas esferas máis altas da humana perfectibilidade. Porque Carlos Maside era home; ou, mellor, era humanidade. Cando dicía –e o repetía frecuentemente– "eu pinto do lado do home", exercitaba un íntimo artigo de fe. Sentía fe ante o que creaba, e todo el era fe ante a Creación"

(Fernando Mon)

Falábamos nun alto balcón, fronte ao mar de Vigo. Oh, os nobles rigores da reflexión, tan arestada e xuvenil, fronte ao mar de Vigo, e con Carlos Maside!. Tal vez daquela chegaba de súpeto un anxo, tanto máis grave e máis inevitablemente grande poeta canto máis circense, dicindo roucamente polo baixo e como se berrase: Atopeina! Pasmosa, xusta, única! ¿Que? A palabra! (Xa os dous me deixáchedes, Carlos maside, Amado Villar). A reflexión e as cores e as liñas –pasmosa, xusta, única!– querendo ser buques, ser de verdade como os buques. Si, temos pensado en grande, Carlos, sen outros xestos que os da amizade sempre sorprendida.

E agora resulta que é verdade, que a nosa terra ámate, e que o teu exemplo –o fondo exemplo da túa persoa valerosa, que é máis que valiosa, da túa ética profunda, do teu serio amor

á beleza, da túa tenrísima responsabilidade de artista- vai ser, xa se ve, calada arenga alentadora para os nosos mozos, os de agora e os que veñan. Con todas as xentes da nosa terra, que entenden de colleitas e de números –de estrelas, danzas e cántigas-, díciímoste. Grazas".

(R. Dieste)

Maside é, fundamentalmente, un pintor galego. Ao noso xuízo o mellor pintor galego de tódolos tempos. Agora ben: Maside é pintor galego na mesma medida en que Goya é pintor español: sen mingua algunha da súa universalidade, a cal, en pintura, nin radica nos asuntos, senón nos problemas e os motivos. "Motivo" non é o mesmo que asunto ou tema; motivo, como denuncia o seu étimo, é incitación, problema presentado ao pintor pola realidade exterior, e esta realidade, no caso de Maside, é a realidade galega. ¿Que ten que facer o pintor con esa realidade? Redimila da súa fugacidade, salvala, facela transparente para a eternidade. Ese foi o problema da arte de tódolos tempos. Só nos nosos días se ten intentado esquivar ese problema: a pintura non figurativa. Pero esa pintura, o perigo da abstracción extrema, é unha das cousas que Maside soubo evitar".

(Celestino Fernández de la Vega)

Lembrámolo, dicimos, no seu andar lento, señoril, co ademán sereno, portando na man dereita permanentemente o álbum de apuntes xunto ás luvas e o bastón, e na esquerda o seu cigarro sempre unido a unha longa boquilla, dirixirse cara a feira onde trazaría unha e outra vez a liña que definiría unha e outra forma dun ser, un home, un cabalo ou unha vaca, que logo serviría á estampa, ao gravado ou ao cadro. Ou na mesa do café recollendo en silencio trazo a trazo as características do rostro do amigo contertulio. Podémolo recordar no seu estudio da Rúa del Villar 42 onde amoreaba soños, libros e cadros.



*Máis, recordámolo enteiro, en bloque, mellor, como un dos fundamentais pintores galegos, unha das personalidades máis importantes de Galicia, na súa actitude moral, na súa galegitude, na profundidade das súas convicións, no seu amor verdadeiro ao pobo de onde xurdira*

(Fragmento da audición de Galicia Emigrante reproducida na revista do mesmo nome. Luís Seoane)

Anos máis tarde, Salvador García Bodaño fala do que significou Maside para os xoves estudantes que o visitaban na derradeira década da súa vida:

*(...) "porque Carlos Maside fundamentalmente foi testemuño de integridade, presenza rotunda e firme, disciplina e rectitude –por riba da súa extraordinaria dimensión creadora para aquel fato de mozos galegos universitarios ou artistas coincidentes nas rúas ou nas aulas compostelanas uns anos por diante da morte de tan singular figura.*

*A súa rexa actitude clarificadora, a súa fonda significación humana e a súa xenerosa sabiduría cobraron un interés revelador para aquela mocidade –minoritaria aínda no nacente galeguismo europeísta dos anos cincuenta- que medrrou no contexto desolador dunha guerra interminábel á que cómpre referirnos para comprender a excepcional importancia de condutas tan exemplares e de maxisterio tan valioso"*

(Salvador García Bodaño, "Maside. Un pintor para unha terra". C.O.A.G., 1979)

Trátase de xente que o coñeceu e o quería; son por iso palabras que poden soar desmedidas, ou retóricas, afagos para un desaparecido. Mais non é o caso. Coñecida é a relación de cálida admiración e respecto que en vida a súa persoa e a súa obra espertaban.

O augurio que facía Dieste de que o exemplo de Maside había ser "calada arenga alentadora para os mozos, os de agora e os que veñan",

malamente se pode cumprir nunha época na que ao pasado se lle concede só un valor instrumental ao servizo dunha industria como calquera outra, esquecendo que *pasado, presente e futuro* forman parte dun mesmo proceso cultural e que, polo tanto, están intimamente entrañados e é imperdoábel falta desestimar as achegas anteriores para a experiencia do presente ■

Estamos nunha época na que ao pasado se lle concede só un valor instrumental ao servizo dunha industria como calquera outra, esquecendo que pasado, presente e futuro forman parte dun mesmo proceso cultural

<sup>1</sup> Sobre esta polémica, e para coñecer máis datos arredor d'*Os Novos*, pódese consultar o libro "Carlos Maside", de María Esther Rodríguez Losada (ed. Deputación da Coruña, 1993), o traballo máis completo sobre a vida e a obra de Carlos Maside publicado ata o momento.

<sup>2</sup> Considérase que as razóns que motivan a *volta ao realismo* teñen relación coa necesidade de devolver á sociedade a confianza na cultura a través da recuperación da perspectiva histórica e dos valores clásicos. A ruptura co pasado e a radicalidade formal practicadas polas vangardas históricas levaran a relación entre arte e sociedade a unha situación de fractura que era preciso corrixir. Por outra banda, a debilitada imaxe que tiñan de si mesmas as sociedades dos países derrotados na guerra, a crise de valores e de ideas orixinada nas consecuencias da contenda e máis no desencanto respecto do proxecto industrial por mor da "deshumanización" asociada á mecanización, espertou o desexo de acougo e de reconstrución e, por conseguinte, o rexeitamento de todo cambio abrupto e do axitado pulo vangardista.

<sup>3</sup> Conferencia pronunciada na exposición-homenaxe a Maside organizada polo Colexio de Arquitectos de Galicia na Delegación de Cultura da Coruña en 1980, publicada en "Encontros e Vieiros" (Edición do Castro).

<sup>4</sup> O libro de María Esther Rodríguez Losada *A época da II República vista por Carlos Maside*, editado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, recolle unha importante selección destas viñetas.

<sup>5</sup> in *Maside, un pintor para unha terra*. Edición do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Santiago, 1979.

# Galiza cara Australia ontem e hoxe<sup>1</sup>

Australia, quizais por tratarse dun continente afastado, aparece sempre nun segundo plano, desde o punto de vista europeo e galego en particular, a pesar da súa riqueza cultural e dos vínculos que unen aquelas terras coas nosas.

MARÍA JESÚS LORENZO MODIA

Directora do Departamento de Filoloxía

Inglesa da Universidade da Coruña

A GALIZA, dunha maneira especial, únennlle fortes lazos con Australia, que xa se puxeron de manifesto en diferentes traballos levados a cabo, tanto no País como no continente australiano. A literatura, a historia, o mundo poscolonial, a revisión dos conceptos de colonización, a emigración, o mundo dos aborixes, as relacións internacionais e o 160 aniversario da fundación de Nova Nursia polo galego Frei Rosendo Salvado son algúns dos elementos que consideramos que xustifican sobradamente o interese na cultura do continente austral desde o noso país.

No ano 2001 celebrouse unha exposición en Tui para conmemorar o centenario da morte de Frei Rosendo Salvado. Desde aquela, grazas en grande parte ao interese suscitado por este persoeiro, consolidouse e intensificouse o estudo das relacións entre Galiza e Australia, tanto no ámbito universitario e cultural coma no histórico e político. Podemos comezar mencionando os moitos exemplos de traballo desenvolvido até o momento en Australia. En Sydney constituíuse unha nova asociación galega, ademais do Centro Galego, e outros centros en Brisbane, Perth e Auberley, a *Galician Association of Sydney Incorporated*, e, coa axuda da Fundación Myer, estableceuse na Universidade de Queensland o proxecto para a transcrición e redacción dos diarios de Salvado. Na Universidade de La Trobe, creouse un proxecto sobre a cultura e costumes de Galiza con colaboradores de varias universidades. Tamén se fundou a revista *Antípodas, Revista de Estudios Hispánicos y Gallegos*, revista que chega ás mellores universidades do mundo, na que aparecen artigos sobre Galiza e a súa literatura como o de Roy Boland e J. Miguel Alonso Giráldez sobre o panorama da escrita galega na actualidade. Destaca o labor de estudiosos australianos dirixidos polo profesor Roy Boland (Universidade de La Trobe) ou o Dr. Roberto Esposto (Universidade



Rosendo Salvado y Rotea 1814-1900

de Queensland) que están a preparar unha proposta para solicitar fondos do *Australia Research Council* para investigaren a herdanza hispana e galega da misión en Nova Nursia fundada por Rosendo Salvado. Por último, no ano 2005 o Ministro de Defensa de Australia visitou Galiza co fin de impulsar a construción de buques por encargo do goberno australiano pola empresa Navantia radicada en Ferrol, contratos que se es-



Danza de aborixes cara a 1940.

En 1852, a banda de música de Tui recibiu a Rosendo Salvado interpretando Maquié, a danza australiana harmonizada por el

tán a levar a cabo na actualidade. En Galiza, o CEPAM (Centro de Estudos de Poboación e Análise das Migracións) dedicou varios traballos ao estudo das relacións entre Galiza e Australia, e publica a revista *Migratio*, na que apareceu un interesante artigo sobre o tema, escrito por María Xosé Rodríguez Galdo e Abel Losada López. Da mesma maneira, como xa mencionamos máis arriba, en 2001 celebrouse unha exposición en Tui sobre Frei Rosendo Salvado para conmemorar o seu centenario. O resultado de desa exposición é o interesantísimo libro *O bispo dos sen alma*, con destacados artigos de estudiosos como Francisco Díaz-Fierros, Xesús Vila Botanes ou Roberto Ledo Garrido, e que conta tamén con abundante material gráfico e un catálogo dos obxectos, principalmente fotografías, gravados e cartas, que se presentaron na exposición para ilustrar o seu labor. Pensamos que nos tamén, desde a Universidade da Coruña podemos contribuír a unha maior difusión desta importante figura galega desde un enfoque máis académico. Este labor de achegamento de Australia e a súa cultura a Galiza xa comezou no ano 2005 por medio dun ciclo de cinema australiano que tivo lugar no Forum Metropolitano da Coruña, coa colaboración de Embaixada de Australia en España e o Concello desta cidade. Neste ciclo proxectáronse dez filmes australianos en versión orixinal subtitulada, todos eles merecedores de diversos

galardóns, entre os que podemos destacar: *Radiance* (1998), *Two Hands* (1999), *Bootmen* (2000), *The Dish* (2000) ou *Looking for Alibrandi* (2000).

A diáspora galega, aínda que moi citada, é pouco coñecida en profundidade. Desde a Universidade da Coruña propuxémonos estudar, coa axuda de especialistas na materia procedentes de varios continentes, as relacións culturais e históricas entre Galiza e Australia por medio do primeiro congreso internacional que se celebrou na nosa terra, que saibamos, sobre este particular. Estas relacións foron levadas a cabo por viaxeiros, comerciantes, exploradores, misioneiros e familias enteiras, soñadores todos, á procura doutra vida nas antípodas.

As relacións de Galiza con Oceanía comezan coas viaxes dos habitantes de Galiza a aquelas terras. Xa no ano 1519 se poden atopar galegos nos barcos de Magalhães e Elcano, demostrando así seren mariñeiros valentes que se embarcaron en aventuras na era dos descubrimentos xeográficos ou na procura de fortuna e gloria persoais. Entre os anos 1526 e 1527 saíu do porto da Coruña a carabela San Lesmes coa finalidade de establecer unha rota comercial coas Illas Molucas (Migués). Porén, proxectos como este víronse minguados polas azarosas viaxes e polo escoramento dos nosos rotas comerciais debido ao desenvolvemento das relacións mercantís co novo mundo americano. Aínda que nos séculos XVII e XVIII hai novas viaxes a Oceanía de galegos e galegas, entre as que destaca Isabel Barreto<sup>2</sup>, non é até mediados do século XIX cando o crego bieito galego Frei Rosendo Salvado chega á *Terra Australis* occidental coa idea de vivir entre os aborixes e establecer alí unha comunidade de evanxelización, formación e traballo agrícola. A súa teima foi a do desenvolvemento da comunidade autóctona que fora rexeitada –e mesmo exterminada– por todos os colonizadores anterior-



Aínda que nos séculos XVII e XVIII hai novas viaxes a Oceanía de galegos e galegas, non é até mediados do século XIX cando o crego bieito galego Frei Rosendo Salvado chega á *Terra Australis* occidental

res, chegando a ser coñecido polo seu labor como 'o bispo dos sen alma'. A cidade que el fundou, Nova Nursia, é aínda na actualidade o centro cultural e comercial do entorno, e conserva o espírito do frade músico que foi quen de irmandarse e escoitar a música e as verbas dos poboadores autóctonos do continente austral e poñelas en sintonía con outras para o progreso común (Salvado Rotea, Russo, Pérez). Xa no século XX establecéronse colonias de emigrantes e negocios e industrias creados por galegos ou con grande participación dos nosos compatriotas en diferentes cidades, especialmente en Perth, Melbourne e Sydney, que perviven até hoxe. Aínda que Galiza e Australia están separadas por unha inmensa extensión de auga e terra, Galiza sempre sentiu un apego especial pola identidade australiana grazas aos vínculos que estableceron as cadeas migratorias, que foron especialmente activas nos anos sesenta e setenta do pasado sé-

culo, especialmente por vía indirecta desde o continente americano.

O congreso internacional que se organizou na nosa universidade analizou aspectos específicos destas relacións coas antípodas e subliñou a continuidade das mesmas ao longo do tempo. Simultaneamente coa realización desta *International Conference on Cultural and Historical Relations between Australia and Galicia* púidose ver a exposición *Galicia-Australia: Vello amigos*, cedida polo Consello da Cultura Galega, que foi preparada para ser exposta con anterioridade en Sydney, e que exemplificou de maneira plástica estes vínculos culturais e serviu como marco referencial á conexión entre dous pobos tan distantes xeograficamente. O congreso contou tamén con proxección de documentais sobre as relacións de Australia e Galiza cedidos pola Compañía de Radiotelevisión de Galicia, e sobre diferentes aspectos da vida e as paisaxes australianas. O

Frades e aborixes en Nova Nursia arredor do 1875



Nova Nursia en 1870 vista desde o leste por un pintor itinerante

programa do evento incluíu tamén o desprazamento dos congresistas e relatores ao Pazo de Mariñán, por deferenza da Deputación da Coruña, onde se descubriu unha placa que rememora os primeiros eucaliptos chegados de Australia da man de Frei Rosendo, en forma de semente, e plantados no recinto no século XIX pola familia propietaria, e que aínda se conservan nos xardíns de entrada ao pazo. Este acto contou coa presenza do Sr. Presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, do Agregado Cultural da Embaixada de Australia en España, Sr. Edward Palmisano, do Sr. Rector Magnífico da Universidade da Coruña, D. José María Barja Pérez, do Sr. Carlos Sixirei, da Secretaría Xeral de Emigración, da Sra. Teresa López, Decana da Facultade de Filoloxía, e do Sr. Barry McGuinley, Presidente de ASBA Galicia, asociación de amizade con Australia, que faleceu recentemente e cuxa perda sentimos con grande pesar. Mención especial merece, tamén, a presentación feita no congreso da tradución ao inglés da novela *Romasanta* do novelista galego Alfredo Conde, contando coa presenza do propio escritor e do tradutor australiano, Roy Boland, Catedrático de español e galego na Universidade de Sydney.

Ademais de todos os actos mencionados, as sesións desta reunión científica estiveron divididas en tres grandes bloques temáticos que contaron coa concorrencia de expertos australianos e europeos. En primeiro

lugar, os estudos sobre os galegos que historicamente viaxaron a Australia, desde o Renacemento até a actualidade, e en particular, de Frei Rosendo Salvado. En segundo lugar, fíxose unha visión sincrónica da realidade actual australiana, a través dos diversos medios de comunicación, incluso mediante os testemuños dun aborixe e as súas dificultades na vida diaria, expostas en varias publicacións da súa autoría, pero sen esquecer aspectos tan dispares como a xeoloxía do país austral e os seus paralelismos co noso territorio. En terceiro lugar, fixéronse análises literarias da narrativa australiana contemporánea desde a anglística europea e galega, establecendo as relacións con outras literaturas anglófonas.

No primeiro bloque temático, cabe destacar a conferencia inaugural pronunciada por Roy Boland, da Universidade de Sydney, en torno ao pasado e ao presente dos "Galegos e españois en Australia," incluíndo a emigración producida no século XX e que aínda ten unha colonia galega moi significativa en cidades como Sydney ou Melbourne, subliñando o seu significado na formación desta nación no mundo globalizado. Boland ofreceu unha visión de Australia como unha sociedade multiétnica na que ten cabida e importancia a cultura galega. O Dr. Vitor Migués, da Universidade de Santiago, analizou a documentación existente sobre a factoría coruñesa para o comercio coas Molucas, denominada Casa do Maluco, pondo de relevo os vínculos existentes entre a cidade da Coruña e as rotas marítimas do Pacífico no século XVI. O frade bieito da comunidade de Nova Nursia, David Barry, fixo unha análise da correspondencia inédita de Salvado entre Australia, Andalucía e Galiza a mediados do século XIX á luz dos arquivos existentes tanto en Galiza coma en Andalucía e Australia. O arquivista da Catedral de Tui, Avelino Bouzón Gallego deu conta da figura do frade ga-



Xa no século XX establecéronse colonias de emigrantes e negocios e industrias creados por galegos ou con grande participación dos nosos compatriotas en diferentes cidades, que perviven até hoxe

lego desde a perspectiva dos documentos existentes na cidade onde foi nado. Á luz da información achegada por Bouzón, Salvado aparece como unha figura extraordinaria e case mítica, e un fito nas relacións entre Galicia e Australia. O Profesor Roberto Esposto, da Universidade de Queensland, en Brisbane, falou da misión de Rosendo Salvado en Australia Occidental a través dos seus diarios inéditos, e da súa relación con outros discursos e prácticas socioutópicos cristiáns en Hispanoamérica. O profesor Peter Gerrand, Catedrático na Universidade de La Trobe ofreceu unha visión desde as antípodas do beneficio que suporía para a cultura galega a nivel mundial a existencia do dominio .gal en internet. Pola súa parte, a Catedrática de Historia e institucións económicas da Universidade de Santiago de Compostela, María Xosé Rodríguez Galdo, analizou o papel da emigración dos galegos a Australia no século XX. Centrouse nos trazos de identidade galegos dentro do contexto da emigración española ao continente australiano e nos aspectos que axudan a entender as relacións institucionais, económicas e culturais existentes na actualidade entre Australia e o país galego.

No segundo bloque de relatorios, sobre a sociedade australiana actual, destacou a presentada pola Directora do Centro de Estudos Australianos da Universidade de Barcelona, Susan Ballyn, que analizou a misión de Nova Nursia a través das impresións

dun aborixe que viviu nela desde neno, trátase do escritor Alf Taylor. O profesor Varela Tembra, da Universidade Pontificia de Salamanca, estudou o desenvolvemento da Igrexa católica en Australia. A profesora da Universidade da Coruña, Elena Alfaya, mostrou aos asistentes a presenza de temas relacionados con Australia no xornal galego *La Voz de Galicia*. Tamén estudaron os vínculos entre ambos os dous países, Australia e Galicia, Paula Lojo e Lidia Montero, a través dunha análise cultural comparando os estilos de vida e a lingua que se describen en dúas series de grande éxito de aquí e das antípodas: *Mareas vivas* e *Neighbours*. Os estudos culturais son tamén o centro do traballo da profesora Elizabeth Woodward, confirmando mediante a análise do significado dun termo especificamente australiano, referido á solidariedade nun accidente mineiro en Australia, que a competencia lingüística non é suficiente para apreciar os valores culturais dunha sociedade. Por último, na terceira parte do congreso, que serviu de foro para as visións de Australia, a súa cultura e literatura contemporáneas, desenvóléronse traballos sobre escritores e escritoras contemporáneos como Rosa Praed, Murray Bail, Peter Carey ou David Malouf, este último feito pola Profesora Lisa Armellino da Universidade de Turín, Italia.

Os resultados máis salientábeis deste encontro verán a luz este mesmo ano nunha publicación monográfica

Lembrando ao bispo galego que hoxe na Australia é unha figura fundamental para recuperar a súa historia



Eucalipto do Paseo da Ferradura de Santiago, atribuído a unha semente enviada polo padre Salvado. Logo é ben certo que esta especie chegou a ser endémica no país extendéndose por todas partes

fica bilingüe da revista *Antípodas*, que está a ser avaliada por pares, e que levará por título *Australia and Galicia: Defeating the Tyranny of Distance / Australia e Galicia: Vencendo a tiranía do afastamento*, que coeditaremos co Prof. Roy Boland. Con este título queremos facer referencia e prestar o recoñecemento debido ao texto clásico de Geoffrey Blainey *The Tyranny of Distance* de 1966.

#### BIBLIOGRAFÍA

- BLAINEY, Geoffrey. *The Tyranny of Distance: How Distance Shaped Australia's History*. Melbourne: Sun Books, 1966.
- BOLAND OSEGUEDA, Roy e José Miguel Alonso Giráldez. "Panorama da escrita en lingua galega entre os séculos XX e XXI." *Antípodas* (en prensa).
- BOUZAS, Pemón. *El informe Manila: Isabel Barreto, la que surcó los Mares del Sur en busca de las rutas de las especias*. Barcelona: Martínez Roca, 2005.
- CONDE, Alfredo. *Romasanta. Memorias inciertas do home lobo*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2004. [*Romasanta. Uncertain Memoirs of the Galician Wolfman*. Trad. de Roy C. Boland Osegueda. Sydney, Australia: Antípodas Monographs, 2006].
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco e Avelino Bouzón Gallego, comisarios. *O bispo dos sen alma. Exposición Frei Rosendo Salvado (1814-1900)*. Santiago de Com-

postela: Consello da Cultura Galega, 2001.

LORENZO MODIA, María Jesús e Roy C. Boland Osegueda, eds. *Australia and Galicia: Defeating the Tyranny of Distance / Australia e Galicia: Vencendo a tiranía do afastamento*. Sydney: Antípodas Monographs, 2008.

MIGUÉS RODRÍGUEZ, Vitor Manuel. "Primeiras vinculacións entre Galicia e o Pacífico: a coruñesa casa do Maluco." Lorenzo Modia e Boland Osegueda, eds.

PÉREZ, Eugenio. O.S.B. *La Misión de los benedictinos españoles en Australia Occidental. 1846-1900. La abadía española de Nueva Nursia en Australia Occidental*. Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores, 1990.

RODRÍGUEZ GALDO, M<sup>a</sup> Xosé e LOSADA ÁLVAREZ, Abel. "As relacións entre Galicia e Australia. De terra incógnita a un mercado prometedor." *Migratio. Revista de poboación e migracións* 2 (2003).

—. *Galicia-Australia. Viejos amigos*. Documentos de trabajo CEPAM, nº 1, 2001.

RUSSO, George, M. A. *Lord Abbot of the Wilderness. The Life and Times of Bishop Salvado*. Melbourne, The Polding Press, 1980. [Trad. *O señor abade do ermo. A vida e a época do Bispo Salvado*. Santiago de Compostela: Consello de Cultura Galega, 2001].

SALVADO ROTEVA, Rosendo. *Memorias Históricas sobre la Australia y la misión benedictina en Nueva Nursia*. Madrid: BAC, 1946 ■

<sup>1</sup> Este traballo foi posíbel grazas á rede de investigación "Rede de lingua e literatura inglesa e identidade" (2007/000145-0), financiada pola Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Agradécese esta axuda expresamente por este medio.

<sup>2</sup> Das súas andanzas e aventuras fíxose eco Pemón Bouzas na novela *El informe Manila: Isabel Barreto, la que surcó los Mares del Sur en busca de las rutas de las especias*.






DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



# CONSTRUÍNDO GALIZA

## DESDE OS CONCELLOS



UN XEITO DE SOÑAR GALIZA

# Nazón de Breogán



Labradores de  
La Armonía  
Campesina de  
Mabegondo y  
Contorna' coa  
bandeira do seu  
sindicato  
Arquivo do Resto  
de Galicia



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA  
DA IGUALDADE E DO BENESTAR

<http://vicepresidencia.xunta.es>

# De Rosalía de Castro a Castelao: o rosto verdadeiro da Galiza

Non por casualidade os nomes e a obra de Rosalía de Castro e de Castelao representan e simbolizan o máis definitorio e identificador do volkgeist galego na historia contemporánea. Sen ela, o XIX galego sería totalmente diferente a como se produciu e, sobre de todo, mudaría a posteridade do XX en todo o que este século significou de novo despertar da conciencia filogalega. Sen el, tamén non sería entendíbel unha centuria que deu de si o mellor das enerxías patriótico-intelectuais dos galegos postos ao servizo –no pensamento, na arte, na práctica política– da nación.

**EXORDIO.** Con efecto, as datas de falecemento e de nacemento de unha e outro (1885 / 1886) parecen conxuminarse, nunha sorte de *acordo máxico* para que o relevo da primeira (cuxa obra determina a segunda metade do oitocentos) estexa garantido coa produción do segundo (primeira metade do século XX). Ambos son intérpretes privilexiados do povo galego naquelas sincronías históricas. E sonno non como

*herois* individualizados e aristocráticos dunha rara xenialidade, senón mesmamente porque acertaron a exprimiren o mellor e máis profundo da distintividade galega, en materia cultural, artística e, en definitiva, social e política. Anuncia e precede a súa obra -ao tempo que del deriva- un movemento social pro-galego que houbo de actuar como revulsivo contra e sobre tantos anos de dominio estrutural (econó-

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Doutora en Filoloxía Románica e profesora da Universidade da Coruña.

Autora de numerosos ensaios, estudos e artigos sobre sociolingüística e literatura galega. É Directora-Xerente da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas



Souto dos gatos. Estrano cadro de Castelao que se conserva na casa de Otero Pedraio en Trasalba

mico, lingüístico) e superestrutural (político, relixioso, xurídico, cultural). Dominio que desinstitucionalizara a Galiza, até reducila a unha colonia ou provincia maltratada da Corte española, con todos os atributos negativos da coloniaxe non recoñecida como tal (os galegos seguían a ser brancos, non negros...) e con importantes doses de auto-colonización inoculadas no ser colectivo galego.

Tal é o estado de cousas que Rosalía de Castro (1837-1885) topa diante de si cando emerxe como escritora galega (e non só como galega escritora...). Tal é o panorama que defronta Castelao (1886-1950), *mutatis mutandis*, cando, xa na maturidade, sela definitivamente o seu compromiso coa causa de significar artística e politicamente a Galiza, sen pedir permiso, isto é, sen pagar tributo ás alfándegas de Madrid, como capital política, e sen negar para a expresión galega asunto nengún, pronunciamento nengún.

Rosalía de Castro, en fin, inaugura a literatura do Primeiro Renacemento e Castelao é a figura central do Segundo Renacemento. Ambos combinarán perspectiva lírica e épica, grande talento artístico, intensa innovación estética e agudo patriotismo e sensibilidade psicosocial. A primeira, aliás, vén ser a pioneira do feminismo galego, sendo medular, na súa obra, a preocupación pola fortuna das mulleres e por todo o universo feminino. O segun-

do, na súa polifacecía (artista plástico, dramaturgo, narrador, ideólogo e político do nacionalismo galego...) consagra o *revival* do renacentista italiano, aplicado á apoloxía e representación da súa nación. De por parte, ambos verán obras capitais da súa produción editadas na emigración-exilio americano: *Follas novas* (1880), de Rosalía, na Habana; *Sempre en Galiza* (1944), de Castelao, en Buenos Aires. Nova similitude, nova isotopía, que nos dá pé para comezar a enumerarmos, sumariamente, aspectos varios da coincidencia non casual entre unha e outro autor:

**1. A identificación cordial co país.** Sen pertenceren ás clases populares, sendo membro Rosalía da máis antiga aristocracia do país (só que sen recursos nen rendas...), sendo Castelao fillo de emigrantes á Arxentina que puideron retornar con bens suficientes como para se reinstalaren desafogadamente na vila natal, Rianxo, e para estudaren o fillo (a carreira de Medicina, na Universidade de Santiago de Compostela; o doutoramento, en Madrid... xa con Castelao incipiente artista e escritor), tanto ela como el "des-clásanse" para escolleren definitivamente a maioría social, as clases populares, as clases traballadoras como suxeito épico, centro da historia e protagonista da súa arte. Esta decisión -seren portavoces dos sen voz- arrinca dunha primeira identificación cordial co país, dun exercicio de amor consciente e activo, dun humanismo entendido non á maneira paternalista-caritativa, senón como identificación deliberada cos titulares do mundo do traballo, coas vítimas da opresión nacional en grado maior e, en definitiva, coa representación neta da galegitude non perdida, ben que ameazada e vilipendiada.

**2. A óptica desacomplexada.** Como antes se indicou, unha e outro non pediron permiso para iniciaren e consolidaren a súa obra de

emancipación nacional. Porque, na realidade, a proxección extra-artística que os dous acadaron tamén non é casual. Foi esta obra alavanca de creación de conciencia galega –tanto na Galiza territorial canto na Galiza da emigración / exilio– por ser metonimia do resto de representacións que lle faltaban ao país. Tal operación comeza por varrer os complexos de (auto)colonización que conducían inmisericordemente á xenoestima acrítica e ao autoodio correlativo. En imaxe ou metáfora semántica, o universo galego anterior a eles, na súa tónica dominante, sería máis unha *connotación* do que unha *denotación*, máis un adxectivo do que un substantivo de valor e cabida universal, nunca un *epíteto* ínsito á propia natureza e dereito de emerxencia autónoma da nación. Eles, renunciando a todo pintoresquismo, a toda peculiaridade  *cromática* integrábel nun conxunto español, van, en troca, representar artisticamente o universo galego coa dignidade, altura de miras e autonomía moral que merece, como calquer outro povo da Humanidade. Declinan o seu pensar e o seu sentir sen renunciaren ás súas raíces. Desvendan orixinalmente toda a forza acochada dunha cultura, unha economía, unha socioloxía, unha psicoloxía... cuxos signos caracterizadores non cabían no molde da España central(ista).

**3. A vontade de anagnórise rehabilitadora.** Unha e outro dispuxeron toda a súa ilustración, todos os seus saberes adquiridos, toda a súa densa cultura, ao servizo dunha necesaria emerxencia, onde patria e arte resultaban a cada paso tanxentes. A Rosalía de *Follas novas* dilata definitivamente os límites da lingua galega para dar cabida artístico-filosófica non só a calquer asunto relacionado coa especificidade galega senón a graves temas universais que tocan o corazón e turban o pensamento cómodo de calquer leitor do mundo. Á vista está que, na poesía e na narrati-



Rosalía nunha foto de xuventude

va (como labores predominantes da escritora), así como na estampa e no ensaio (como eixos da obra de Castella), a *fotografía* galega vai ficar inteiramente mudada, para dentro do propio país e consumo interno, tanto como para redefinir o retrato que da Galiza (dos galegos-as) se tiña fóra dela. Na recepción da súa obra literario-artística, unha e outro permiten e facilitan que o público receptor se contemple e recoñeza, humanistamente, en espellos non cóncavos e / ou convexos, propios do procedemento esperpentizador, senón en espellos realistas, acordes ás virtudes e defeitos dun povo calquer outro do planeta, mais de xeito singular e autónomo, non como permanente apéndice degradado dunha realidade estatal exterior e superior.

**4. O idioma.** Esta vontade de recoñecemento comeza, como non podía ser doutro xeito, pola exhibición, utilización como instrumento público, dignificación e apoloxía do idio-



Monumentos a Rosalía en Padrón, Rianxo, Uruguai, Arxentina, Barcelona, Vigo... Rosalía pasará a ser símbolo dunha terra con todo o perigoso que isto ten se non se funda nun coñecemento auténtico da súa personalidade e a súa obra

ma. É a lingua galega, naturalmente, principio organizador e definidor da súa obra, desde a "meniña gaitreira" que conduce o primeiro monumento da literatura galega contemporánea, *Cantares gallegos* (1863), até todas as mostras narrativas, artísticas e ensaísticas, en dúcias e dúcias de páxinas, que Castelao dedica á defensa da lingua galega, á súa problemática e á diseción dunhas eivas adquiridas desde fóra do código lingüístico. É así como unha e outro se ven obrigados a faceren, simultaneamente, lingua e metalingua, literatura e metaliteratura, auto-explicación... Precisamente porque en todos os contextos politicamente dominados e en todas as situacións de conflito lingüístico cómpre facer visíbel a evidencia negada; corporeizar o sepultado polo clasismo e a imposición cultural e mediática; instaurar, en fin, un novo paradigma de normalidade: aquel que visa desllocar dos lugares hexemónicos o elemento invasor (español) para colocar

no seu lugar o elemento nativo-nacional (galego).

**5. A inauguración dunha nova semántica, dunha nova sintaxe.** Permitásenos utilizar estas imaxes gramaticais para iluminarmos, sequer a modo de *flash*, a "reordenación" do universo galego que realizan Rosalía e Castelao. Sexa ao escriberen da emigración; do papel das mulleres e de toda a súa carga de discriminacións; do papel que a Galiza xoga na España; dos sentimentos e das aspiracións particulares dun povo que quer protagonizar a súa historia; sexa ao reflectiren maxistralmente tantos trazos da *weltanschauung* galega, do humorismo-ironía-retranca particulares, que comezan por recoñeceren capacidade pensamental-reflexiva aos suxeitos populares; sexa ao informaren de tantas particularidades da formación social galega, sen idealizacións nen idilizacións, mais, polo mesmo, sen *xibarizar* o ser galego (reducido en tanta literatura española a un ser cuase-humano, armacén de todas as deficiencias e cifra de toda a estupidez...). A radicalidade, aliás, de moitas das súas propostas (de forma máis acentuada nunha transgresora e *pecadora* constante como Rosalía, en quen toda ruptura ou toda heterodoxia se agranda xustamente por ser executada por unha muller...) certifica como o mellor e artisticamente máis logrado da cultura galega do XIX e do XX nace vinculado ao máis progresista, avanzado, moderno e innovador do pensamento e das artes deste tempo histórico. Nada a ver, por tanto, coa ollada ao pasado, co arqueoloxismo ou co espírito de reliquia etnográfica que caracterizaron outros movementos "particularistas" ou derivados dunha efervescencia "romántica" de curto voo.

**6. Rosalía de Castro: artífice esencial da modernidade galega.** Desde o poema inicial de *Follas novas* (auténtico manifesto xenérico-identitario-feminista): "Daquelas que cantan as pombas i as frores / todos din que teñen alma de muller. / Pois



eu, que n'as canto, Virxe da Paloma, / jaíl, ¿de que a terei?", desde este poema da súa obra capital, auténticas credenciais da autora e porta aberta a todo o oceano da súa proposta literaria e do seu diálogo libérrimo coas realidades históricas, morais, relixiosas, políticas e metaempíricas do mundo e do seu século, podemos intentar apreixar ou sintetizar, mesmo que sexa palidamente, as facés principais dunha obra proteica, poliédrica, que segue a deitar, como todo bon clásico, un manancial inesgotábel de interpretacións e de –autorícesenos o recurso emotivo– de consolacións:

O combinado ou "cóctel" que, na súa xénese, explica a produción rosaliana consta dos seguintes ingredientes: unha intelixencia invulgar; unha acusada sensibilidade psicosocial; unha formación cultural de enorme variedade e densidade; un sentido patriótico agudo; unha viva e persistente obsesión pola condición e a sorte das mulleres.

Esta recorrencia, esta preocupación mullerista, é medular na súa obra, de principio a fin. Constitúe unha especie de columna vertebral arredor da cal se articulan discursos poéticos e narrativos. O seu feminismo é correlato lóxico da súa posición biográfica, filosófica e política na vida.

Toda a súa produción pode ser lida como a concreción lírico-épica e mais a ficcionalización dunha doutrina, dunha filosofía, programaticamente desenvolvida, canto á Galiza e á súa emancipación; ás mulleres e á

súa liberación; á Humanidade e o seu ser e estar no mundo.

*L'amour n'a pas de lois*: como Carmen, a heroína de Merimée-Bizet, a autora renega da normativización do amor. Por iso, a amizade homomuller vese imposibilitada, ou entorpecida, polo muro da posesión masculina; por iso, o home "adorador" da muller está condenado ao fracaso, como o están as mulleres vocacionadas para obxectos (de explotación ou de ornamentación, mais obxectos ao cabo).

A harmonía da natureza, o ecosistema, parece chamar por un *ecerotismo*, por unha *equisentimentalidade*, por unha relación de iguais (non só no intelecto, senón tamén nos afectos).


Na súa sincronía, non era nada doado que tivese un lector-modelo: só minorías ilustradas e sensíbeis, e a comunión popular cos versos dela coñecidos (mesmo oralmente, sen os ler), podían *redimila* de tantos *pecados* (=transgresións) cometidos.

Na actualidade (e desde o comezo do século XX) o anonimato sofisticado non axuda nada á súa valoración. "Inmortal" e "xenial" poden ser encomios sinceros, mais teñen aforrado moitas explicacións factíbeis e posibles da súa obra. Obra que se materializa, que se vehicula, en galego e en español. E isto porque Rosalía de Castro é escritora galega (a que inaugura, en singular, a literatura galega contemporánea) e é galega escritora (e, portanto, submetida ás contin-

En todos os contextos politicamente dominados e en todas as situacións de conflito lingüístico cómpre facer visíbel a evidencia negada; corporeizar o sepultado polo clasismo e a imposición cultural e mediática

Faunalia, esta acuarela pertence á serie homónima que Castelao realizou entre 1940 e 41 ao pouco de chegar a Buenos Aires. Nela Castelao conecta a cultura pagá galega coa natureza do país a través dunhas figuras ambiguas que tratan de recrear a vitalidade da nosa Terra

1909: OS COMEZOS







A mitificación en falso de que foi obxecto (eufemística) e a minusvaloración que padeceu (disfemística) son indicativas de canto había que tapar e de que gravidade

xencias e ás marxes da práctica posíbel do idioma). En todo caso, ela foi máis aló na literaturización e diversificación temático-xenérica do galego do que calquer contemporáneo. Fixo, de certo, da necesidade virtude.

A súa obra percorre varios traxectos definidos e interconectados: o patriótico, o feminista, o intimista, o social-político, o filosófico, o relixioso (no sentido etimolóxico: a religación do ser humano a respecto dunha realidade transcendente). Clasificar, por isto, a súa poesía en “obxectiva” e “subxectiva” é dunha puerilidade irritante.

Penden aínda millenta incógnitas, mil enigmas sobre a súa vida e obra. Para alén das dificultades hermenéuticas, lóxicas en todo gran clásico, é altamente sospeitosa a desaparición ou vaporización de materiais documentais a ela referidos. Por centos de cartas de Murguía recentemente exhumadas<sup>1</sup>, consérvanse unhas poucas dela (ou a ela dirixidas) e algunhas, mutiladas. *Ubi sunt?* ¿Quen responde das páxinas de prensa cuidadosamente retalladas en datas ben significativas, da perda de papeis ou do negocio montado a custa da súa memoria?

A mitificación en falso de que foi obxecto (eufemística) e a minusvaloración que padeceu (disfemística) son indicativas de canto había que tapar e de que gravidade. Ela deulle un novo *locus* á Galiza, aos galegos, ás mulleres. Reconvertiu a sentenza terenciana (*Homo sum; humani nihil a me*

*alienum puto*) en beneficio noso: *Mulier sum; Gallaeciae nihil a me alienum puto*. Contribuamos nós a colocala no lugar merecido.

7. **Castelao: o que dá de si o povo galego.** Falarmos de Castelao implica retratarmos un político, un intelectual, un artista... , unha personalidade pública na cal dous dominios superestruturais se unen estreitamente, movidos pola mesma alavanca: o dominio da arte -plástica e literaria- e o dominio da actividade política, como representante maior do nacionalismo galego da primeira metade do século XX. Biograficamente, Castelao responde a un padrón que, nos seus derradeiros anos de vida, don Ramón Otero Pedraio aplicaba aos protagonistas da súa xeración: “... naquel intre, cando tan poucas cousas tiñamos, había que facelo todo: viaxar, botar discursos, escribir nos xornais, estudar xeografía, etnoloxía, historia da nosa terra, que estaba sin escribir. O que non se podía era estar calados e quedos, porque o tempo, xa daquela, loitaba contra de nós”. O noso autor fai ben certa, con efecto, a parábola evanxélica que pondera o traballo e o afán dos sirventes que empregaron e fixeron medrar os talentos entregados polo amo. Representa a antítese do retrato do ocioso, do intelectual especulativo, do *dilettante*..., a que Castelao se refere no “Adro” de *Sempre en Galiza*, composto durante o desterro de que o fai vítima o goberno de Le-

Estampa de Castelao utilizada como postal nos primeiros anos da súa carreira artística



Gaiteiro. Castelao en obras como "Os vellos non deben de namorarse" amosou a necesidade de diálogo entre as diferentes artes, desde a música, pintura até a danza e a poesía, para expresar emocións e contar historias sen retraerse nunha especialización que limite a creación

rroux, na cidade de Badajoz, durante o bienio negro da Segunda República, en 1935. Proclama o noso autor: "Ainda queda moita fina caste de intelectuaes, dos que a xente di que debemos facer pranto cando morran; mais eu quixera mellor homes de ación, que loitasen polo engrandecemento da nosa Terra, sen medo ao fracaso, nin á censura, nin tan siquera ás pedradas. Porque hai que loitar e crear, e non imos perder a vida metidos nas tripas dos problemas". É, pois, a propia explicitación de Castelao ("hai que loitar e crear") a que nos autoriza a desestimar certas versións da súa personalidade que nolo presentan como un idealista, un soñador, un utópico ou, aínda, como unha sorte de membro dunha Organización non Governamental (se valesse o anacronismo) voluntariamente empeñado en moralizar o país, homilías mediante... Nada máis lonxe, na súa traxectoria, da tipoloxía do soñador pondaliano (se este estereotipo o quixemos referir a un ilustre antecesor); nada máis distante da utopía, entendida etimoloxicamente (o que non ten lugar): "Era un ilusionado, pro estaba moi lonxe de sere un iluso", afirma quen ben o coñeceu, Eduardo Blanco Amor. Toda a súa vida adulta é explicábel mesmamente pola ansia e a tensión de converter en realidade certa o desexo de dotar á Galiza da representación adecuada á súa humanidade específica, á súa produción cultural, por lle

facer ocupar o lugar merecido no mundo, por dignificala cara adentro e cara afora.

Ben podemos dicir, por isto, que representa, a súa obra e a súa actividade, un auténtico antídoto contra o minifundismo, porque nos significou e nos universalizou através de espellos non falsificados. É proba do que dá de si o povo galego, cando a vontade de existir autonomamente (e non como individuos de Protectorado) se traduce en práctica social, en obra realizada, en exhibición realista e non caricaturizada. Porque, con efecto, Castelao emprega a fondo a caricatura cos que nos caricaturizaron e nos caricaturizan e retrata, en troca, realistamente, o ser galego, en moitas dimensións humanas.

**EPÍLOGO:** Alforxas moito máis cumpridas se precisarían (analiticamente, metodoloxicamente) para dar conta, sequer esquematicamente, da estatua nacional e artística destes dous campións da historia da Galiza. Sete letras-sete sons compoñen o nome de unha e de outro, nos seus nomes, Rosalía e Castelao, consagrados para a historia. Sete quixeron ser, nesta nosa viaxe, os fitos en que fixemos parada e comento. Romperon fronteiras destrutoras do ser galego e abriron campos de nova galegidade cunha coraxe e un amor patriótico proxectivos, que, profeticamente, chegan aos nosos días e seguen a iluminar, pola súa modernidade, pola súa vixencia en tantos aspectos, un camiño de recuperación nacional que aínda ten moitos itinerarios por cubrir. Con eles, a Galiza -os galegos e as galegas- terán un outro lugar no universo mundo, na irmandade por eles desexada entre todos os povos da Humanidade, na refutación máis radical de calquer política imperialista, na denuncia máis valente da natureza depredadora do capitalismo. Librementemente, sen intermediarios nen tutorías ■

<sup>1</sup> Vid. AXEITOS e BARREIRO FERNÁNDEZ (2003 e 2005).



pavillón dos  
**remedios**



Investindo en **deporte** e **lecer**



Sabemos, moitas veces, que os medios de comunicación nalgúns países, entre eles os Estados Unidos, están pendentes de presentar “a historia oficial” sen analizaren os feitos e os motivos. Con isto queremos dicir que prefiren, ou mesmo exixen, unha versión unificada dos acontecementos mundiais que, á vez, é unha visión que non lles faga cuestionar as condicións da súa sociedade, sobre todo o goberno e os valores que controlan esa sociedade.

# A Nova Esquerda nos Estados Unidos

## Onde está?

OS XORNAIS estabelecidos e as noticias da hora de cear falan case ao unísono a respecto dos eventos e opinións, locais ou globais; rara vez expresan críticas duras dun goberno, malia ter este unha imaxe pouco favorable. Non é que non haxa expresións de inconformismo, mais inclusive cando os temas son de grande importancia, como o alto custo do seguro médico ou a perda de postos de traballo, a visión máis ampla, máis concreta e máis realista non se presenta. Houbo un certo rexeitamento do manexo inepto da inundación provocada polo furacán Katrina da axencia nacional, FEMA. Non obstante, para alén dunhas queixas por parte das vítimas, poderíase afirmar que a crítica máis dura foi a dunha canción baseada nun comentario improvisado do rapeiro Kanye West<sup>1</sup> e nunha canción de *Gold Digger*, co seu correspondente vídeo titulado *George Bush Don't Like Black People* [George Bush non gusta dos pretos],<sup>2</sup> foi amplamente difundida e escoitada, correndo por moitas das as canles populares do internet como *Youtube*. Outros lugares onde se atopan análises duras e irónicas son programas de humor como os de Jon Stewart<sup>3</sup>, Stephen Colbert<sup>4</sup> ou *Saturday Night Live*<sup>5</sup>, un programa lonxevo, fundado en 1975, e recoñecido polo estilo e contido iconoclastas. Claramente existe, pois, un público interesado en non ler ou escoitar só a versión oficial da realidade.

A cuestión está en por qué os medios oficiais non fan caso ao sector do público que non cre e non quere aten-

der á información oficial e como atopan os disidentes á información que buscan. Malia o humor da televisión e algunha película como *"Outfoxed"*<sup>6</sup>, feita para mostrar o xeito en que a *Fox News Network* controla e moldea as noticias, tanta xente ve as noticias de *Fox* como a que ve *CNN* ou a que le o que presenta *USA Today*, un xornal que se distribúe moito nos hoteis, aeroportos e outros sitios públicos. As noticias das 6 da tarde e das 11 da noite seguen a ter un segmento cun nome semellante ao "Arredor do mundo en 80 segundos" de *Fox News*, con poucas noticias internacionais, ningunha con detalles. No entanto, cada 11 de setembro podemos ver un documental extenso sobre a destrución das torres xemelgas de Nova York. O 11 de setembro xa é o novo símbolo da nación, un punto de partida para falar de democracia e liberdade, a lembranza/proba de como a guerra foi –e é– necesaria. Pola información que dan nos medios de comunicación, é lóxico que moita xente xa confunda as causas do conflito en Iraq co que pasou en Nova York. Mais aínda así, moitos non teñen vontade de comprender nin a súa confusión nin máis solucións que a violencia. Quizais nun país que non promove o estudo doutras linguas agás o inglés<sup>7</sup> é fácil afastarse de todos eses "outros" que non pode comprender. Un exemplo dese afastamento –intencionado?– é que o público cre, ou quere crer, que as tropas están en diferentes partes do mundo "para nos protexeren". Outro exemplo é que os

KATHLEEN MARCH

Profesora de Literatura latinoamericana e española na Universidade de Maine (EUA). Fundadora da Asociación de Estudos Galegos dos EUA



Michael Moore é un cineasta e escritor estadounidense, Palma de Ouro 2004 no Festival de Cannes coa súa película *Fahrenheit 9/11*, autor de libros e películas nas que denuncia á sociedade e poderes estadounidenses, en particular e con esta película, o contorno do Presidente George W. Bush e o seu entorno a raíz dos atentados do 11 de setembro de 2001 (ós que fai alusión o título, que xoga co da novela *Fahrenheit 451* de Ray Bradbury). Por dito motivo, a película premiada foi vetada pola Disney para a súa distribución nos EUA

bloqueos, sexan de Cuba ou doutro país, son admitidos como simples métodos de defensa e castigo merecido: pouco se comentan os efectos dos bloqueos. A perda de postos de traballo, non obstante, crea sentimentos negativos contra outros países e contra os inmigrantes que chegan impulsados deses países pola globalización dun NAFTA (Tratado Norteamericano de Libre Comercio) ou CAFTA (Tratado Centroamericano de Libre Comercio). O goberno condena os abusos dos dereitos humanos doutros países, mais ninguén parece saber da política do goberno guatemalteco ou salvadoreño, e moito menos sabe de actuacións históricas como a política de non intervención de Franklin Delano Roosevelt aló polos anos 30 que favorecía o fascismo franquista a pesar dos protestos de moitos grupos estadounidenses. Os que por solidariedade loitaron nas Brigadas Internacionais foron marxinaados ou vixiados pola FBI á súa volta como "antifascistas prematuros". Foi a non intervención o que permitiu o comezo da segunda Guerra Mundial. A *History Channel*, en troques, mostra unha verdadeira teima pola vida e obra de Hitler, esquecendo a axuda que prestou á política rooseveltiana.

No seu libro *Manufacturing Consent: The Political Economy of the Mass Media*, Noam Chomsky e Edward Herman identifican claramente o modelo dos medios de comunicación oficiais e como os seus obxectivos obedecen a causas económicas. Din estes autores que hai cinco filtros que determinan o tipo de noticias que se presentan: quen é dono do medio; as fontes de financiamento dos medios; as fontes de información (normalmente o goberno e o exército teñen os medios para produciren noticias continuamente); o *flak* ou esforzo por desacreditar os disidentes como loucos ou descontentos; e a ideoloxía anticomunista, ou agora máis ben antiterrorista, que explota o medo e odio do público.

Á primeira vista, pois, os medios de comunicación parecerían ser ironicamente inútiles como fontes de in-

formación e, se cremos que non hai saídas para a opinión pública, a esquerda daría a impresión de estar en vías de extinción. Mais non é posíbel afirmar a ausencia completa doutro modo de pensar e de responder. Mentres que algúns agardan un presidente novo e insisten en que un deles trae esperanza e cambios basicamente porque eles se encirran en seren esperanzados e desexan apaixonadamente que haxa cambios, outros combaterán o pesimismo con movementos de base, aos que se chaman *grassroots* en inglés. Por suposto que sempre houbo movementos populares: chámanse revolucións labregas, protestos do proletariado, sindicatos dos traballadores, folgas... Algúns rematan en conflito armado, outros nunha manifestación breve de descontento. Houbo momentos mellores que os actuais a respecto da capacidade ou do desexo de resistir ao *mainstream*.

Porén, o pensamento popular, ou de base, continúa e maniféstase nalgúns medios de comunicación e en certo modo podería verse como a alternativa a un partido político progresista a nivel nacional. Non afiliadas con ningún partido oficial, aínda que moitas veces empezan nas marxes da esquerda do Partido Demócrata, as organizacións de *mass media* populares, os seus locutores e voluntarios, forman unha rede sorprendentemente forte e ampla que trata temas de interese local e global. É máis: a súa perspectiva moi ampla, o artellamento do local co global, representa un modelo que talvez deberían seguir moitas axencias ou organizacións gobernamentais, aínda que non o fagan de momento. Dito doutro xeito: os medios de comunicación populares, no terreo local, levados maiormente por voluntarios, están moi relacionados con e – isto é importante – están colaborando con grupos que representan as preocupacións globais como o cambio climático, a fame, o dereito á libre expresión, o medio... Este enfoque global maniféstase na súa programación cultural, nas noticias

que dan e tamén nos seus proxectos de colaboración ou “irmandamentos”.

Para ilustrar este traballo de base nas comunidades, podemos empregar o exemplo dunha emisora popular, WERU<sup>9</sup>, que ten a súa base na pequena poboación de East Orland, situada nunha zona moi rural do Estado de Maine. WERU ten unha cadro de catro persoas que traballan a tempo completo e catro que traballan a tempo parcial, cunha rede de aproximadamente 150 voluntarios que desempeñan unha variedade de tarefas, desde axudar os locutores até seren eles mesmos os encargados da programación. Afirmo Chris Stark<sup>10</sup>: “Sempre traballei como voluntario en algo: o Corpo de Paz, programas de hospicio, grupos de traballadores migratorios, PICA... e traballei como coordinador de voluntarios para dúas organizacións de saúde. Son orixinario de Nova York. No colexio escoitaba emisoras populares na zona dese Estado e de Connecticut.” Adam Lacher<sup>11</sup> explica que traballa en WERU “en primeiro lugar porque a emisora me permite a liberdade de ser creativo e de experimentar coas miñas responsabilidades. Gusto de traballar para unha organización que ofrece información importante e programación musical diversa e importante para a nosa comunidade.” A Dirección está composta de 10 voluntarios e hai un Consello de 18 persoas con sesións abertas para que calquera poida opinar e influír na programación e actividades da emisora.

WERU empezou a transmitir na costa de Maine en 1988 e o primeiro patrocinador foi Noel Paul Stookey, do coñecido trío Peter, Paul & Mary. En 1997 mudouse WERU a East Orland onde ten a súa sede actual nunha casaña modesta. Resumindo o que afirma na súa páxina web, é: “un servizo radiofónico mediante unha emisora popular, sen afán de lucro, sen anuncios comerciais, levada por voluntarios e apoiado polo público”. Pretende ser: “unha voz composta de moitas voces”. Comenta o responsábel, Matt Murphy: “Traballo en WERU porque a


comunicación é unha necesidade humana fundamental e porque a radio popular ofrece un medio de comunicación de base que é relevante, que ten razón de ser e que é democrático. Abrangue xente de todos os tipos, idades e orixes, xente que desexa comunicar e crear comunidade, tanto como produtores de programación como público. É atractiva a radio popular precisamente pola súa capacidade de abranguer todos.” Os membros da comunidade que queren propor e presentar programación ou que queren traballar noutras capacidades que requiran coñecementos técnicos reciben a formación correspondente. O acceso ás ondas é aberto a individuos, músicos, organizacións sen afán de lucro e di WERU que: “a radio da comunidade é un lugar onde a xente pode compartir música, información, ideas e máis...”. Nunha palabra: WERU quere ser un recurso para a construción de comunidades dentro do Estado de Maine. Opina Stark que: “É un lugar fantástico para traballar porque é unha emisora non xerárquica, onde os voluntarios están implicados na toma de todas as decisións, desde a programación, as finanzas, as novas tecnoloxías e máis. Ao meu ver, a comunidade de voluntarios e membros de WERU é un fato de xente que comprenden que somos cidadáns do mundo e recoñecen a importancia de estarmos o máis informados posíbel sobre o mundo no que vivimos.”

Os poucos empregados e os moitos voluntarios forman comités que fan recomendacións, organizan actividades e sempre toman as decisións por consenso. O apoio financeiro vén do público, os membros (hai máis de 2.500), a *Corporation for Public Broadcasting* e eventos especiais organizados co fin de recadar fondos. Aínda sendo unha emisora pequena, WERU é, no entanto, membro da *National Federation of Community Broadcasters* [Federación Nacional de Emisoras Populares], da *Maine Association of Broadcasters-AMARC*<sup>12</sup> [A Asociación de Maine de Emisoras -

Non afiliadas con ningún partido oficial, as organizacións de *mass media* populares, os seus locutores e voluntarios, forman unha rede sorprendentemente forte e ampla que trata temas de interese local e global



A campaña contra a guerra de Iraq é un dos eixos de actuación da esquerda americana



No plano teórico e na axitación social, a sociedade americana ten pulso e trata de buscar as súas propias formas de loita axeitadas a súa situación



AMARC'] e da *Maine Association of Non-Profits* [Asociación de Maine de Organizacións sen Afán de Lucro]. Tamén formou parte do grupo fundador da *Grassroots Radio Coalition* [A Coalición Popular da Radio]. WERU adoita montar unha mesa informativa en eventos como o festival Hope, o Festival de Blues do Atlántico Norte, o Festival *Full Circle* de Blue Hill, o *American Folk Festival* de Bangor e a Feira *Common Ground* de Unity, Maine. Tamén organiza ao redor de 10 concertos musicais cada ano.

A programación de WERU é moi variada e inclúe música celta, internacional, latina, indie rock, africana, infantil, árabe, latina. Tamén hai programas como *open mike* ['micrófono aberto'] onde chaman e opinan persoas do público, sátira, e diversos programas de noticias, incluíndo *Free Speech Radio News*<sup>3</sup> e *Democracy Now!*<sup>4</sup> Di Matt Murphy que: "Un dos logros principais de WERU, nos seus vinte anos de vida, é o xeito en que creou e sostivo un foro para toda clase de expresión musical, política e persoal. Temos programas sobre como criar os nenos, a enerxía renovábel, o desenvolvemento da comunidade, os políticos e como facer que sexan responsables, como construír barcos, a atención médica, os comercios familiares, o medio... . Temos programas de jazz, folk, hiphop, reggae, internacional, indíxena, country, techno... Todo iso prodúcenos voluntarios que animan o noso foro con ideas valiosas." *Democracy Now!* é "a syndicated program of news, analysis and opinion" que se emite por máis de 700 redes de Norteamérica. É, á súa vez, o programa modelo de Pacifica Radio. Fundada en 1996, a locutora principal de *Democracy Now!* é Amy Goodman. Esta emisora trata os temas pouco comentados ou os que son marxidados polos medios de comunicación oficiais, como por exemplo o verdadeiro problema do quecemento global e o activismo antiguerra<sup>5</sup>. Non admite financiamento por parte das corporacións nin a *Corporation for Public Broadcasting*,

Na Convención Nacional do Partido Republicano de 2008, varios membros foron detidos, incluíndo Amy Goodman, por "probábel incitación á desorde", porque filmaban como a policía detiña a xente. Goodman entrevistou Lori Berenson no cárcere de Perú, e *Democracy Now!* entrevistou Hugo Chávez, Evo Morales, Norman Finkelstein (fillo de dous sobreviventes do Holocausto e pro-palestino), Noam Chomsky, Edward Said e moitos máis. Goodman asistiu á manifestación contra a guerra en Iraq en Bangor, Maine (setembro 2008) e foi transmitida a súa intervención por WERU.<sup>16</sup>

*Democracy Now!* afirma a necesidade de ter medios de comunicación independentes, explicando que nas dúas décadas recentes houbo unha concentración sen precedentes dos medios de comunicación en poucas corporacións. Nos anos 80, dominaban 50 conglomerados; en 2000, só quedaban 6 que controlan todos os medios oficiais. Subliñamos que estes medios oficiais teñen legalmente a obriga nos Estados Unidos de maximizaren as ganancias dos seus accionistas. De Goodman se di que é a voz da radio da esquerda privada dos seus dereitos. É coñecida tamén polo seu traballo sobre Timor Leste e Nixeria. Como WERU, hai moitas emisoras independentes que retransmiten a programación, ou parte dela, de *Democracy Now!*<sup>17</sup>

Este grupo de Goodman está asociado con Pacifica Radio, unha rede de cinco emisoras sen anuncios comerciais apoiada polo público. Foi a primeira rede pública nos Estados Unidos e ten os arquivos sonoros máis antigos do país. Parte da súa programación é *The War Comes Home* [A Guerra Volta á Casa], un proxecto de KPFA Radio que fala dos custos humanos da guerra en Iraq, un tema que rara vez se presenta nos medios de comunicación oficiais, moito menos desde a perspectiva dos iraquís. Lembremos por exemplo, o asunto de Abu Ghraib e a falta de comentario público ou a destrución dun





importante museo de arte iraquí, xunto cos esforzos do grupo Blackwater<sup>18</sup>. Algunhas persoas saben polo menos que se está a falar dunha Disneylandia preto de Bagdad...<sup>19</sup>

*Democracy Now!* Ocupa, deste xeito, unha parte importante da programación de WERU de luns a venres, xunto con *Free Speech Radio News*, unha radio de noticias independente de cobertura nacional e internacional cunha temática de paz e xustiza social. Claramente WERU, e outras radios similares por todo o país, está integrado nunha rede radiofónica a nivel nacional que de moitas maneiras presenta desafíos á versión do Estado e cuestiona os intereses dos medios oficiais. Promove o que se denomina *citizen journalism* [‘o xornalismo dos cidadáns’] por medio dos chamados *Indymedia centers*<sup>20</sup> e, como obxectivo xeral, anima o seu público a opinar e/ou reaccionar. Algúns dirían que é un exemplo da *New Left*<sup>21</sup>. Así, WERU é un exemplo dunha canle de expresión para os que non admiten a ‘historia ou política oficial’ que mencionamos ao comezo, á vez que dá cabida a outras perspectivas. Opina Stark que: “Nos últimos oito anos a radio pública perdeu o norte e prestouse á mentalidade do tipo ‘choque e admiración”. Coa súa emisión de alcance limitado, a casaña de East Orland –unha melloría en comparación coa primeira sede, que fora un poleiro– permite pór a comunidade local en contacto con comunidades nacionais e internacionais. Faino a través dos programas a nivel nacional xa mencionados, mais tamén emprega outros métodos para artellar os ámbitos local e internacional. Cumpre mencionarmos un proxecto internacional en particular: a colaboración de WERU con MOFGA (*Maine Organic Farmers and Gardeners Association*)<sup>22</sup> e PICA (*Peace Through Interamerican Community Action*)<sup>23</sup>. Como tres ‘irmás’, traballan en relación co Salvador. Fundada en 1984, PICA (antes *Peace in Central America*)<sup>24</sup> estableceu unha relación con Carasque, un pequeno núcleo de poboación preto da fronteira



con Honduras en 1991<sup>25</sup>. En 2006, WERU irmandouse con Radio Sumpul, en Guarjila, non lonxe de Carasque. MOFGA, unha agrupación de pequenos agricultores orgánicos preocupada por cuestións do medio e sustentabilidade, comezou a traballar con CORDES<sup>26</sup> e CCR<sup>27</sup> no Salvador e trata temas como proxectos de minaría a ceo aberto das empresas canadenses e os seus efectos daniños na poboación ou no medio.

En 2007 unha delegación de dereitos humanos con representantes das tres colaboradoras de Maine desprazouse para o xuízo do grupo chamado “Os 14 de Suchitoto”, acusados de terrorismo por protestaren en contra da privatización da auga, cunha lei antiterrorismo semellante á dos Estados Unidos. Os de Suchitoto foron soltos, aínda que pouco despois fose asasinado un deles, polo que quedan 13. Os grupos de Maine tratan de dar a coñecer o que está a pasar no Salvador e de manter o interese do público por temas como as eleccións de 2009, ao tempo de manter conversas cos políticos a respecto do CAFTA, a importación de produtos feitos nas maquinadoras... WERU emitiu programas de Radio Sumpul mentres funcionaba o equipo e agora traballa para axudala a renovar o equipo danado. Esta emisora de comunidade foi a única das moitas que xurdiron despois da guerra civil que non foi pechada polo goberno salvadoreño. Anota Lacher, que foi membro da delegación ao Salvador en febreiro de 2007 comenta: “Fixen a carreira de Asuntos Internacionais, espe-

As protestas contra a política de Bush foron constantes durante todo o seu mandato



O que pase no interior de América repercutirá nos recantos máis alonxados do planeta. Por iso os pobos do mundo se manifestan contra o presidente deste país que non sendo o seu, goberna tamén a súa vida. Manifestación na Arxentina contra a visita de Bush

cializándome en Ciencias Políticas e estou moi contento de poder aplicar os meus estudos de maneira directa coa xente da comunidade de aquí, de Maine, e ao mesmo tempo coa nosa emisora irmá no Salvador, Radio Sumpul.”

En outubro houbo unha xuntanza nacional en Bangor de Cidades Irmás EUA/O Salvador, organizada coa colaboración de WERU, MOFGA e sobre todo PICA. Cada entidade ten un papel específico dentro da agrupación e traballan para difundir a información sobre por qué as comunidades dun Estado como Maine - rural e en moitos sentidos afastado de preocupacións internacionais - en realidade está moi afectado pola política exterior. Recentemente houbo un intento de consolidar o irmandamento aínda máis mediante un logotipo conxunto proposto por unha voluntaria.<sup>28</sup>

PICA ten un programa que se chama “*kNOw US and THEM*” [‘coñéceos e coñécenos’], cun xogo de letras para que se lea tamén “*No US and THEM*” [‘que non haxa eles vs. nós’] que intenta ligar o da inmigración co tema dos acordos de comercio, xa que moita xente de Maine (e do resto dos Estados Unidos) non sabe como están relacionados, como a emigración é provocada pola suposta creación de empregos mediante a deslocalización das fábricas. Mesmo os que se preocupan polos problemas dos acordos e das persoas afectadas por eles adoitan traballar en dúas bandas en vez de se xuntaren para analizaren mellor como o NAFTA e o CAFTA afectan o empre-

go neses países, provocando a emigración xunto cun rexeitamento dos novos residentes. Tanto en Maine como no Salvador ou outros países latinos hai traballadores desprazados con problemas de todo tipo. Unha rama de PICA, *Youth Adelantando*, está composta de xente nova que promove programas de información nos colexios, formando así activistas desde unha idade máis temperá.

Maine, como outras partes dos Estados Unidos, perde postos de traballo e percebe que está a medrar o número de inmigrantes e traballadores migratorios sen saber cantos hai nin onde están nin se son legais ou ilegais. A chegada é inevitábel: Maine ademais linda con Canadá, pola que pasan o son detidos moitos documentados e indocumentados. A pesar de ser un Estado rural, está mudando de perfil racial e lingüístico: o castelán comeza a ser unha lingua cuxo coñecemento resulta ser imprescindible nos cárceres, nos hospitais e nos centros de ensino por ser o grupo que máis medra en Maine o dos hispanos<sup>29</sup>. WERU ofertou unha programación en castelán e procura ter máis contacto coa poboación latina do Estado. Xunto cos hispanos, chegan máis haitianos e outros grupos que están a mudar o aspecto dunha zona rural que no pasado tiña catro linguas indíxenas, o contacto cos franceses que deixou a forte pegada da lingua francesa na zona e inclusive a presenza dos pescadores vascos que chegaron a crear unha lingua *pidgin* na lingua da tribo míkmaq. Mais estes elementos fican esquecidas ou non difundidas como do xeito que deberían. O máis valioso de WERU é que valora o pasado e o presente: hai un espazo na súa programación para tratar temas moi locais e están convencidos asemade de que os temas internacionais tamén son relevantes. Xunto con outros grupos como MOFGA e PICA, os medios de comunicación populares como WERU son a resposta aos medios que moito din e nada informan. Son o lugar onde quizais a opinión pública máis aberta e ampla pode efectuar mudanzas nunha

Houbo unha concentración sen precedentes dos medios de comunicación en poucas corporacións. Nos anos 80, dominaban 50 conglomerados; en 2000, só quedaban 6 que controlan todos os medios oficiais

política de Estado que moitos querían cambiar. Di Adam Lacher que: "WERU serve de modelo a outras organizacións sen afán de lucro que son socialmente responsábeis. Poden emularnos e colaborar connosco." *Peppers-pray Productions*, formado pouco despois dos grandes protestos en Seattle contra a Organización Mundial do Comercio<sup>30</sup> cando o *Independent Media Center*<sup>31</sup> dixo "*don't hate the media, be the media*" ['non odies os medios de comunicación; sé ti os medios de comunicación'] e mantén unha organización sen afán de lucro, con material con *copyleft*<sup>32</sup>, á disposición de quen quixer utilízalo para efectuar cambios sociais de maneira gratuíta. Chris Stark afirma de modo optimista que: "Coido que sempre haberá interese neste planeta na radio non comercial, de base, levada por voluntarios." Pensemos, pois, que por pequena que sexa unha emisora de radio, aínda que o seu alcance de público non for moi grande, pode influír moito na opinión pública e sobre todo se sabe integrarse nunha rede nacional de emisoras e persoas que xa non admiten que se 'fabrique o acordo' da xente. Adam afirma que: "Sei que o traballar aquí pode dar pé a cambio tanxíbel, verdadeiro. É bo que os desta zona saiban que somos enxeñosos e xenerosos." É preciso irmandar os pobos de casa cos de lonxe, e cun pé no ámbito local e co outro no ámbito global, que manteñen vivos os medios de comunicación de base como WERU manteñen viva para moitos a esperanza de que haxa efectivamente cambios na maneira de facer política. Di Matt Murphy, o responsábel: "Teño a esperanza de que no futuro WERU siga a ser un foro radiofónico para a diversidade e a democracia e que chegue a ser un recurso multimedia para a comunidade, empregando o internet e as novas tecnoloxías para construímos e celebrarmos a comunidade nosa aquí no este de Maine." ■

despois de pedir axuda, rematou o discurso co comentario "*George Bush doesn't care about black people*", cousa que desconcertou o xornalista que o acompañaba. O "*doesn't care*" converteuse en "*doesn't like*" (moito máis forte) na canción. <http://www.spike.com/video/kanye-west-attacks/2678975>

<sup>2</sup> <http://www.youtube.com/watch?v=UGR-cEXtLpTo>. Vídeo producido por submedia.tv e cantado polo dúo *The Legendary K.O.* 'Una película de Franklin López' abre o vídeo.

<sup>3</sup> *The Daily Show*. <http://www.thedailyshow.com/> >

<sup>4</sup> *The Colbert Report*. <http://www.colbertnation.com/home> >

<sup>5</sup> [http://www.nbc.com/Saturday\\_Night\\_Live/](http://www.nbc.com/Saturday_Night_Live/)

<sup>6</sup> *Outfoxed: Rupert Murdoch's War on Journalism*. Director: Robert Greenwald (2004). Di Amazon.com que *Outfoxed* "uses the inflammatory tactics of the Fox News Channel to demonstrate the conservative bias that's handed down by Fox's owner, media mogul Rupert Murdoch". <http://www.amazon.com/Outfoxed-Rupert-Murdochs-War-Journalism/dp/B0002HDXTQ>.

<sup>7</sup> A *National Education Association* vén de se preguntar: "What does it say about America that we are the only industrialized nation that routinely graduates high school students who speak only one language? Frankly, it says that if you want to talk to us [...] you'd better speak English. The fact that we're woefully behind in world language skills has long registered somewhere between, "Hmmm," and "yeah, so?" on the national priority gauge." <http://www.nea.org/neatoday/0810/worldlanguages.html>.

<sup>8</sup> Noam Chomsky e Edward S. Herman, *Manufacturing Consent: The Political Economy of the Mass Media*. NY: Pantheon Books, 1988.

<sup>9</sup> O Director Xeral é Matt Murphy. Emite en 89.9 FM Blue Hill ou 102.9 Bangor, Páxina web: <http://www.weru.org/> onde se pode escoitar por internet nas zonas onde non chegan as ondas da radio.

<sup>10</sup> *Office Manager & Volunteer Coordinator* ['Responsábel do Persoal e Coordinador de Voluntariado']

<sup>11</sup> *Underwriting & Publications Manager* ['Responsábel de Promoción e Publicacións']

<sup>1</sup> Nun chamamento ao público a facer doazóns á Cruz Vermella. West tiña un pequeno guión que debía seguir. No entanto,



O militarismo é o mal endémico fundamental dos USA. O chamado complexo militar-industrial que se reflicte tamén nunha cultura de masas que é combatida polos movementos democráticos e pacifistas

<sup>12</sup> <http://www.amarc.org/> (Asociación Mundial de Radios Comunitarias)

<sup>13</sup> <http://www.fsrn.org/>

<sup>14</sup> <http://www.democracynow.org/>

<sup>15</sup> Segundo a súa páxina web: "Democracy Now!'s War and Peace Report provides our audience with access to people and perspectives rarely heard in the U.S. corporate-sponsored media, including independent and international journalists, ordinary people from around the world who are directly affected by U.S. foreign policy, grassroots leaders and peace activists, artists, academics and independent analysts. In addition, Democracy Now! hosts real debates—debates between people who substantially disagree, such as between the White House or the Pentagon spokespeople on the one hand, and grassroots activists on the other. <http://www.democracynow.org/about>.

<sup>16</sup> <http://shows.weru.org/archives/specials/weru-special-amy-goodman-in-bangor-on-91308>.

<sup>17</sup> *Democracy Now!* tamén ten unha edición en castelán.

<sup>18</sup> <http://www.blackwaterusa.com/> ou [http://topics.nytimes.com/top/news/business/companies/blackwater\\_usa/index.html?inline=nyt-org&](http://topics.nytimes.com/top/news/business/companies/blackwater_usa/index.html?inline=nyt-org&)

<sup>19</sup> <http://www.globalresearch.ca/index.php?context=va&aid=8837>.

<sup>20</sup> <http://www.indymedia.org/en/index.shtml>

<sup>21</sup> Nome dos movementos de esquerda dos anos 60 e 70, de activismo social. Nos EUA están asociados co *hippie movement* das universidades e da esquerda radical. Entre os moitos estudos deste movemento ou movementos podemos citar: McMillian, John e Buhle, Paul (eds.). *The New Left Revisited* (Temple University Press, 2003); William O'Neill. *The New Left: A History*. Wheeling, IL: Harlan Davidson, 2001; Douglas Kellner, ed. *The New Left and the 1960s*. Vol. 3 Collected papers of Herbert Marcuse. Londres e Nova York: Routledge, 2005.

<sup>22</sup> <http://www.mofga.org/>

<sup>23</sup> <http://www.pica.ws/>

<sup>24</sup> <http://www.pica.ws/history/index.html>

<sup>25</sup> <http://www.pica.ws/ss/index.html>

Carta en español de Carasque a PICA: <http://www.pica.ws/ss/carlr1-16yrs-esp.html>

<sup>26</sup> [http://www.geocities.com/lia\\_hernandez/Perfil.html](http://www.geocities.com/lia_hernandez/Perfil.html).

"La Fundación para la Cooperación y el Desarrollo Comunal de El Salvador, CORDES, fue fundada el 20 de Junio de 1988 y es dirigida por las comunidades rurales excluidas de los bienes y servicios del Estado. Nace como una entidad no gubernamental de carácter humanitario y sin fines de lucro, en el marco del acompañamiento a los procesos de repoblación que realizaba la población desplazada y refugiada altamente afectada por la guerra. Se funda jurídicamente en abril de 1991, como una institución de utilidad pública, con carácter de servicio, apolítica, humanitaria, no lucrativa ni religiosa."

<sup>27</sup> [http://elsalvadorsolidarity.org/joomla/index.php?option=com\\_content&task=view&id=62&Itemid=65](http://elsalvadorsolidarity.org/joomla/index.php?option=com_content&task=view&id=62&Itemid=65)

"The Association of Communities for the Development of Chalatenango-CCR was founded in June of 1987 during the armed conflict in El Salvador, as an answer to the need to repopulate the communities of the North-eastern part of Chalatenango that had been destroyed by the armed conflict. Thanks to the work of the CCR the people who were exiled in the refugee camp in Mesa Grande Honduras, refugee camps inside the country and in other countries were able to repopulate the communities devastated by the war. With the signing of the Peace Accords in 1992, the CCR re-oriented its work to organize and facilitate the reconstruction of the communities, and advocate that the Peace Accords be met and the process of democratization of the country move forward. Today the CCR works with 100 communities in 22 of the 33 municipalities of Chalatenango, promoting community organization and development through popularly elected community boards, legal representatives of their communities".

<sup>28</sup> Logotipo: K. Martul-March.

<sup>29</sup> Segundo un informe de hai dous anos, medrou a poboación latina de Maine de 39,4% entre 2000 e 2005.

<sup>30</sup> <http://www.peppersprayproductions.org/>

<sup>31</sup> <http://www.indymedia.org/en/index.shtml>

<sup>32</sup> Xogo de palabras con *copyright*, sendo 'left' expresión da política de esquerdas desta grupo.



# proba en galego

Merca, agasaílla, felicita... pero proba a facelo en galego,  
verás que as cousas teñen outro sabor.



www.concellodepontevedra.es

# O canto das pedras

“Canto mundo hai que non se sabe!”

Escoitaba dicir ao xastre de Quian, que era meu pai, cando conectaba coas emisoras da diáspora e bebiamos na “arradio” prohibida e mais na xeneralista dos anos cincuenta.

E nesta angueira de sabedoría andamos aínda hoxe, e poida que sempre, a itinerancia que nos vén de lonxe. O tempo que transmuta tamén deixa a pegada do seu paso, a labra imaxinativa e imaxinaria, á beira dos “camiños da vida”, en afortunado título de Ramón Otero Pedrayo para unha obra feita no laxedo coas palabras.

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, exerce como profesor de Ensino Medio en Pontevedra. Como escritor cultiva a poesía, a narrativa, o ensaio e o teatro. O seu labor literario ten sido recoñecido con numerosos premios. Moi vinculado á escena, colabora con frecuencia na radio e na prensa



E UN COLLE o costume e os afectos aos decámetros, tal afiador de Auria antiga (“*cun bocado de paxaro na boca*”), para saber que existe e dar recado das marabillas que se ofrecen a quen vai engorde e repara nas imaxes que son de seu natural ou cómplices, posuídas de encanto, para que a pedra fale.

Neste percorrido pola saudade e os anos escoitamos a voz e os ecos do sámago e do cerne da Terra que posuímos en habitación perpetua. Ninguén nos vai negar que a paisaxe é dos nosos ollos, aínda que a barbarie denigre e asoballe as cento unha mil árbores do reboredo, as pitas do monte sementan aquí alá aló e acolá os acivros e as cerdeiras sen outro pago que enguliren os froitos no seu tempo e hora tal comandan as estirpes nas herdanzas. Un cuarto hai en cadaquén que nos acouga en soño e viaxamos Exipto nas pirámides das formigas, coma en Formigueiros a Serra oulea no bater do ferro mineral que nunca vence ao mazo e ás mans de quen o quenta e doma en días-noites de labor na forxa primixenia. Teimudos, resistentes. Iso somos. Tal a pedra que non cesa nas sorpresas e arestora é o que xamais coidamos nos ollares de perfil e lóstrego. Reparade nas formas, que son xestos, xeitos, compadreo de convivios coas atmosferas de noso, noite e día, séculos e milenios. A primeira vez que ollei o mar era no Orzán bravío da Coruña, eu neno de nove anos, nacido en enterríos da Terra

do Medio. O mar! E as penedías da cidade emerxían despois de cada asolagamento: eran furelos, eran ovelas, eran burros, eran capoeiras nos brinquedos, eran xigantes que vencían... e o mar cansaba, cedía en berros, deitaba na mañá para sempre volver na noite do meu cuarto, sempre así.

Na andaina, un vai sabendo que o mineral é máis que aqueles sacos de lenzo con barriga branca que se botaba á terra para que o pan de centeo e millo e as patacas fosen moitas na casa labrega. Agora sei que o mineral está tamén nos cumes e nas valgadas da paisaxe, dando conta e sendo portavoz das anunciadas do tempo que transmutan en milenios, en cesantía á forza da intemperie. Nesta tarde de fulgores, reparo nas estampas da materia que nos honra como espectadores das pedras do sol, “solares”, onde bate a consciencia do astro, e así sabemos da medición do tempo que non cesa.

Na costa de Paradela, na parroquia de Carmorga (Carmoega), que xa estaba na toponimia dos máis antigos mapas, case cerne, case carnocha de sobreira, case de todo (arestora é microclima que Europa aloumiña desde lonxe), está soterrada na sombra dos toxais e dos piñeiros invasores, a **Pedra do Sol** da miña segunda infancia. É un corpo de granito que se olla ao lonxe, unha das táboas de Moisés, un soberano panel das horas e mandados do xigante Lithos, que esquecera aquí a memoria e deu nos

A Ponte dos Cabalos, do ano 970, sobre o río Arnego, no camiño real que ía dende O Reino ata Betanzos, lindeira dos concellos de Lalín e Agolada

Pendellos de Agolada



Cruceiro de Melide, o máis antigo de Galiza, segundo Castelao



Lugo na noite fría

desvaríos e contratas até aborrecer o Val que viste o inverno e primaveras coma unha cunca de manteiga. Cada día, en hora punta, medía o seu rostro a luz do facho solar, coma en espello. E todos eramos informados das 12:00, agás os cegos e a xente con discapacidades da vista panorámica, para quen falaba entón a campá dos avisos desde a espadana barroca ou neoclásica das parroquias da contorna: *"Nesta metade é cando rompe a luz / todas as miserias, cando o arco da vella loce máis / e alguén permite o paso / ata a cámara marmórea. / Cando neno, aquí neste segundo exactamente / o sacristán turraba do badal / para o anuncio dos rezos / e parábanse os labregos coma autómatas con Deus / de cara a cara, tuteanto as barbas / brancas que os iconos definían nas igrexas. / E ollei rezar sobre a terra unha muller / tan meritísima que se chamaba Mercedes, / coas maus agradecidas e os labios serenísimos / a dar vivas ao*

*seu christo de nácar. / E logo viñan Concha, Xerardo, Alfredo, Antonia / desde o silencio, a prantar firmes os pés no trigo. / Pasaron anos, tantos que a memoria / négame a senrazón da súa ausencia. / E manca."* (*Rotación violeta, 1996. Espiral Maior. Poesía*).

Envexosa deste lucidez da pedra montesía, a curia romana seica deu nas cavilacións dun reloxo de sol á vista e fronte ao astro: pedra informante, preocupación dos corpos e das almas, minuto de silencio, as avemarías. Era un rito. Outrosí xa os párrocos visten dixitais e o sacristán emigra. Fun onte, de madrugueiro, na esperanza, polo carril das ovellas. Porén, só existe no meu mapa de neno antigo –arestora gastan GPS de papá.

– Seica vas tirar unha foto ao aire! - quixo saber un dos filósofos labregos que aínda están aquí.

–

– A pedra xa estará comida, meu amigho.





Castelo de Pambre (Palas de Rei); ollada panorámica dende O Castro do mesmo nome

–  
– E se aínda vive, mellor lle vale o aghocho; alomenos non a rouban os ricos.

O río Toca toca Toques até beber toda a auga levada que disque hai no silencio eremita do Bocelo, o monte que alcanza no picouto do Pilar o ceo da Provincia da Coruña, a meirande estatura, que xa comen nela en sombra as tarabelas do vento electricista. Andei en paso de galgo o camiño que vai de Castro de Lobos á Moruxosa: tarde de sol de agosto, sábado comeán que dorme as doce. Nin can nin gato, só galiñas e un quiquiriquí que bate esporas no valado, amo e señor da antiga eira. Vou na procura do **Forno dos Mouros**, a mámoa. No cimo está a **Pedra Moura** e vista panorámica de Cova da Serpe, o respiro da Lagoa e do Convento de Sobrado, O Careón, O Farelo... Son bancadas, tallos de sentar a néboa, o lume que recacha neste día 2 do mes das Festas de Galiza, todas. A **Pedra** titán, o Ovo do Lagharto, impón os medos e o respecto. Recuar non podo e vou levado polo carreiro dos *quads*, polo paso das bestas e das vacas. Andar é pouco. Se se vence o mundo, a **Pedra** esmaga o Sísifo de Quián e de Melide, irresponsábel. A sombra pode e aconsellan os sabidos que o sol manca e coce a quen non gasta pucha nin sombreiro de palla. Lisco en medo até onde a Mámoa está en desproveito, case unha indulxencia prega aquí ao Cristo da Capela para

que Patrimonio recolla a súa alma que xace nos temperos da ferralla. É unha herdanza dos anos dos remendos: dos *si, quero, e máis non se pode*. E o tempo canta coma un cuco, nunca minte. Vergoña é que monumento megalítico sexa en desamparo: bula, corra calquera oportunidade na súa pronuncia de máis e mellor vista de respectos. No corredor da mámoa cagou un lobo unha migalla de pelica de ovella, case corno de boi que ninguén quere ollar nin saber. O túmulo foi convencido nas intemperies dos milenios e a miña vista axexa os ortostatos, por se houbese aquí uns curmáns de lonxe co dolmen dos Muíños, en Agro de Voda, na parroquia de Ferreiroa d'Agolada. Por acaso as pinturas. Non as manque quen ama! Nin coas cámaras dixitais! Levar consigo o galano e os afectos por este espazo que era das alturas da Terra do Medio, miradoiro, camposa, camposanto. Memoria de nós.

En Melide campa coma un músico o **cruceiro** máis antigo do noroeste peninsular, na Gallaecia. Castelao dixit. E sempre hai un desconfiado paporroibo que apunta unha chiscadela cara ao rianxeiro, que non dorme sono tranquilo en Bonaval até que a Terra de Abeancos trone o pandullo no seu mar de castros, na súa gándara cernil. Pois hai un niño de silencio aquí, que se escoita o paraíso das etnograffas. Silencio cómplice para que aquela noite "...el rei Carlos I e V, empera-



Fachada románica da antiga igrexa de San Pedro de Melide, hoxe na Capela do San Roque

A Nosa Memoria Histórica: monolito na cuneta de Saa (Palas de Rei-Lugo), na lembranza de Camilo Díaz Baliño e de Sixto de Rianxo



dor..." tivese leito en xergón de carocha caladiña cara ao seu soño de alcance universal: señor das terra e dos mares; que finara en Yuste, gota e gota, e para Melide nin chica nin real. O románico medra en harmonía neste corazón xeográfico que me dera acubillo, en chegado á vida polo santo André. E fico namorado de ser e de estar aquí papando a mosca do inverno, sedente, feliz, detrás da Capela de San Roque, que viste de **pórtico románico** (s. XIII) da antiga igrexa parroquial de San Pedro; detrás do **Cruceiro** (s. XIV), que é melindre e museo etnográfico a un tempo, identitario. Brinquedo e merlo son, ave sen pés que voa co maxín e soña os canteiros melidenses facendo pedra labrada nos canzorros, nas bases, nos fustes, nos capiteis, nas gárgolas, nos arcos e nas bóvedas dun ceo que canta e ri no bater da maceta no punteiro e no cicel: o repenique dun máxico alalá. Por aló no Leboreiro chouta a lebre dos séculos na pontella do seu nome e métense nas casas da aldea de lonxe os furelos da vida tras a ponte medieval con ollo grande, por onde o río colle acougo e nome, vai. E don Gaiferos toca pedra toda nos casarellos que abeiran o **Camión** aquí, en medras de saber que a **torre** que hai á vista de media légoa é a do **Convento do Sancti-Spiritus** (s. XIV-XVII), tesa e firme coma un torgo na gándara: pedra que canta máis cós sinos, máis alto e máis alá. Na Praza, o laxedo escoita os pasos da

laverca que agora sinte en madrugada o instinto de chamar e rechamar, peteiro en man, na **Casa do Concello** (s. XVII), tras o sono breve dunha noite en festa na **Capela do Santo Antón** (s. XVII): niño de citas e de cifras clandestinas de canta alimaña é feliz e rebuldeira. Soñea o soño dos milenios no que fora **Hospital de Peregrinos** (s.XV), hoxe Museo. Bebe a cabalería do Señor de Abeancos na fonte antiga da vila, no pío que recibe das bocas a abundancia e o balbordo da achedousó en xeito de cantor de freiras e de abades despois das mexericas da noitiña breve: un son de bóveda; coma en Santa María hai nas pinturas (s. XVI) de dentro da igrexa. **Santa María de Melide** (s.XII): arcos, canzorros, ábsida, o panteón que garda o primixenio do que eu son... Sento aquí ese tempo que dura ler o salmo dos convivios máis fermosos: pronuncio os nomes da estirpe de Estevo e de María, Casa da Ponte de Penas, e a recalada non é até que a dona velliña da laverca fai camiño xacobeo nos pasares do río Catasol; abeira no muro en pedra de sentar:

- Vaite xa, que é día claro.
- Para onde hei de ir?
- Sábelo ben.

A **Serra de Órrea** rexouba ao lonxe coma un músico da aldea, saxo tenor, cando é inverno pecho ou cando hai néboa de edredón no leito que arrequecen o Arnego e o Ulla en amoríos desde hai séculos, sen que a voda sexa ao fin alcance. Os ríos non casan, ámanse. E por acaso así debeu nacer aquí a **balea** que se olla vindo polo mar do Carrio, en rebotadas e refachos de auga do trebón.

-Velái tes o "mar en terra".

O dramaturgo das aldeas de Galiza ficou tímido e lanzal a un tempo de mo dicir con causa na distancia da súa morada de Cercio, por acaso a parroquia máis frieira no seu topónimo, por acaso o berce e a raiola de Nuno Eanes de Cerceo, quen fora meu xograr e trovador nas **cobras** e



*palabras* máis belidas da nosa Festa Medieval, de hai uns poucos séculos, non máis. Pois era entón Varela Buxán un neno zoqueiro e músico con residencia no seu canastro das Pallotas, ollando ao lonxe das brétemas, cara á Melide e á Terra Chá e a Miranda, en pasando todas as alturas e as altezas que foran residentes nas pedras da Moureira. O teatreiro das Américas tiña afouteza en mo dicir nas cen mil veces: “aí está a balea gris ou negra, nunca moura, que a pedra non é das estirpes coma nós”. E eu non deixaba de ollar de todos os xeitos aquela compostura do cabezo; e soñaba un chafariz tan alto coma un medo; e viñan barcos de cazaría que nunca puideran coa súa vida, nunca; e foi así medrando a diferenza naquel peito de cuarzo-feldespato-mica insubornábel, rexo, Señor da Serra granítica. **Pena Guntín** ten arestora as arestas dos milenios de tanto bater coas ondas e coas xerfas dos nuboeiros. Ninguén houber que ouse mancar o punto, superficie seminal ou o ventre de femia que soñaran, soñan os galegos desde Saefia: hai un corredor de galos no seu bandullo que non cesa a navegación na noite con regreso; aínda que non semelle a súa movida; gasta un móbil e manda un SMS de ida e volta ao seu destino, que será un día nos océanos con pouca, os tempos líquidos, as outras mareas, os ventos irados, o rebulicio dos barcos baleeiros que virán do trinquete de Niponia, predispostos á súa

carne e graxa; balea distinta de Mar-Terra, coma un nimbo, coma un túmulo, coma un peito de lobo ou boi de sempre, en insubmisos.

- Olládea!!!!
- Nunca destino!

En **Curro de Eguas**, reside o Galo de Amarante, un quiquiriquí que viste esporas; triunfador dos “**corredores dos mouros**”, galernas galerías no sochán dos intestinos da montaña do frío que é o **Farelo, Monte Summio**, carrapucho illado na Terra do Medio, solteiro e comeán das brétemas que viaxan das Azores até Artabria e Normandía, beireando os señoritos até Pena Trevinca, que disque é noivada de vello cunqueiro, facedor de copas e de bastos, espadas e ouros, ases e treses, para que a brisca mate a flor do tempo dos ourizos, cando o vento recacha e morde nas arestas da montaña máis velliña, a que mancan as maquinolas do negocio e cargan nela as mechas de rebentar a Vida. Bebe cunqueiro as esencias que hai nos ventos cando dormen e na Trevinca déixase ao recacho a xenerosa entrega da paisaxe das alturas: toda historia, toda literatura, toda todo.

En cada curota de Galiza hai un figurino alzado de maxia para que nel saibamos as olladas do maxín, esa recreación que non soporta as evidencias e fai lume de achas na consciencia, ou desvaríos. Pois desvaríos hai aquí: pedras in/formes que escarranchan no aire, que foron labradas polo buril do vento, pola sarabia (que dicía

Seguimento na descuberta do Santuario do deus Berobreo, no Facho de Donón, parroquia d’ O Hío, en Cangas, fronte ás Illas Cíes, a Costa de Soavela e Cabo Home

Detalle do remate dun hórreo na parroquia de Brántega (Agolada)



Parafita en homenaxe a Xohán de Requeixo, unha das cinco que rodean a capela do Monte do Faro, en Chantada

o meu amigo Antón Tovar), polas nevaradas e os pedreiros do miúdo: enigmas do sochán e das atmosferas que aínda non sabemos. Pedras cabaladas, preguizosas laxes que semellan arrandeos cando a distancia é tanta e muda a vista en re-visión: cabalo, can, home da pucha, lagarto, boi, Beethoven (tamén alá lonxe en Cans, onde O Porriño mera e o Músico de Bonn senta na peneda e interpreta no piano a Sonata nº 14, Opus 27, nº 2: o "Claro de lúa", que compuxo para o lecer nas Gándaras de Budiño, no pórtico de Mar), a tartaruga... Hai que saber. E todos sabemos distinto de aprendices, somos sabidos, case sabios na contribución das conversacións, para que apampe o mundo e as herdanzas digan o que nosoutros/nós. E engula así a memoria e sexan mitos e proveito onde ir. Vinde aquí. Sentade cu. Abri-de ollares no cimo e saberedes da roda de amolar, da "tarazana" dos afiadores, crebando as distancias,

achegando a paisaxe dos cento un quilómetros na redonda: O Cebreiro, Courel, Manzaneda... ponde vós os nomes sacros, máis que o mapa papaleisón que os cronistas seguidores da lei das tarabelas eólicas deixaron sobre do chimpín onde comandar a nao do **Farelo**, que navega en solitario no *grand-sole*. Botade un cabo de voz en ousadía e de certo que ha chegar onde a Ciencia soubo dicir e decidir polo punto equidistante da Terra que agora temos: na aldea de Nugallás está, Concello de Antas de Ulla. E cesan así as outras variantes das disputas: Pambre, Amarante... Nada de torres nin castelos. O punteiro non quer máis sona e pouca, ancora, deixa mérito na soma dun rego, nas aradas dos milenios, un recanto do noso mundo, o tal quilómetro cero, légoa cero, paso e peso sen medida onde se escoita un aturuxo que medra en espiral e nacen asubíos. Estou na agarda do monolito que remarque en pé de pedra e canto esta sendistancia da xeografía que amo e que non sei senón dicir que é miña, miña, miña.

– Nosa!

– Miña!!

Onde hai laxedo hai as permanencias dos pasares de ave ou can ou lobo e xabaril, centos de cabras e coellos; pousadoiro de mantenza. Na intemperie foi a gravado das esencia, a primixenia, as coreografías. Na **Pedra das Alabardas** en Axiáz de Ventosa están as enciclopedias das batallas; pedra que encara o sol e non se vai despois das noites e dos fríos; sempre está. Dinlle prehistoria, símbolo, adoración, defensa, ataque, aviso. Eu non sei nin digo ren. Escoito as aves que fan agosto para se ir, fóronse xa e sempre volven a esta beira manuscrita. Na **Ermida de Couso** de Borraxeiros outras mans con forza deran gravura ás crónicas do día que son mil anos e mil anos e mil anos... de resistencia e conta. E o tempo semella un repenique, coma se onte. Paso dedo e ollos, deixo chover e escam-

par, remexo dentro dos indicios, fago mentes na espiral grandísima e nas cazolas e nos puntos e nas serpes e nas cruces e camiños de pedra e de máis pedra que non di e só anuncia, predica profecía, maxín e ciencia contra a resignación.

– Estiveches algunha vez na Ermida?

– Por dúas veces.

– E nunca máis?

– Nunca.

– Conviña saber

–

E un remexe a infancia, cando o Coteimil estaba inzado de *ghozofellos* que deitaban nas mámoas, antes e despois de faceren os debuxos a riscar nas pedras máis garridas; e cando era noite clara de xaneiro e viñan á man para comer o pan centeo deixando unha restrá de cóxegas como agasallo:

– A min fixéronme rir moito, dicía en nós o antigo panadeiro, xa velliño e serriote para a ocasión da infancia.

– E como son de grandes?

– Así coma uns cinco centímetros.

– E como é así?

– Hai que velos.

Nunca ver. Sempre soñar. Sempre. E pasou a escola e o instituto, e case o superior do ensino para nada saber máis claro de nós; só Altamira, Guisando, Quéops, Moisés, David e Salomón, Ramsés, Fenicia, Illa de Pascua, Machu Picchu...

En cada casa do lugar un pallote, un cabaceiro, un **hórreo** ("canasto")... E veñan chantos, palla, tella, pedra. O espectáculo das eiras (airas...) era a medida dos ferrados de mantenza: un claro, dous, tres, catro, seis... así até chegaren a Carnota, onde están as dimensións do *record*. O hórreo da casaña labrega de Quian era o meu xogueite, onde nunca estaban os furelos e si o queixo da nabiza cara á primeira seca; as espigas de millo, coa raiña no cimo, coma un éxito; o centeo e o trigo, axiña da malla e da limpa; os brinqueados da casa das nenas e dos nenos; o



A Pena Moura, lindeira cos concellos de Sobrado dos Monxes e Toques

galo túzaro, que se pasaba coas galiñas; o vento asubiador nas mañás frías e a invernoada; a poliña da oliveira bendicida polo hisopo do "domingo de ramos" na Xerusalén mediática das parroquias; a nabiña e as sementes; as cebolas e os allos; as cousas e as causas da sorte; o tallo de pedra, onde os avós pronuncian o discurso das súas vidas; o mundo en paraíso.

Nos días de borraxeira o **hórreo** medra, estarrícase, pendura. E velaí vai o barco en pedra navegando a paisaxe. Soñamos mares e unha cheminea que bota fume branco; e recende a peixe; e o cruceiro espétase no ceo. Vou dentro e son capitán, pirata, gai-voteiro...; goberno a nao dos mamíferos, coma baleas que veñen de lonxe: Pena Guntín a primeira. Collo medo e baixo, arrío o petate e lisco para a coctina vella, onde a lareira ferve e son axiña as voces da mamá quen chama:

– Vaite ao anllar e tráeme uns rachsóns daqueles, que o lume se apaga.

Vou fóra. A eira molla e o barco está varado. Fica teso.

O noso hórreo é pequeniño e clásico, na Terrado Medio teñen **mos** de pedra en rectángulo, labrada ou "rústica" que casa coa madeira; os "tornarratos" son así unha marabilla intelixente. Na beiramar a pedra é dominante e os **mos** son redondos coma unha bola de pantrigo.

Son así a parte luminosa dos **celeiros** da casa. Nas distancias sábese ben quen recolle máis e mellor: está nesta arquitectura de encarga. Os *canastos* máis ricos non gastan



Roda do carro, no centro da vila de Rodeiro: o orgullo da estirpe na memoria

tella, cóbrense con sopenas, labradas por canteiros que debuxan tamén os remates en cruces distintas e filigranas artesanais e artísticas que daban sona aos amos e aos mestres da labra.

Na evolución pragmática dos tempos, o hórreo fíxose tamén modernidade no reparto do seu uso: xorden os **hórreos corredor**: expositores e celeiros a un tempo, non muda a dimensión e si a estética: a metade aberta ás intemperies. Neles multiplícase o uso. Nunca soñar tal travesía cando a infancia. Neles, arestora, os vellos da casa beben o sol e secan roupas da memoria, camiñan e viaxan nos ollares da paisaxe: outros piratas que compiten.

Xa conformei, nas páxinas pasadas, con Castelaio no recoñecemento dos moitos anos para o **Cruceiro de Melide**. O polígrafo rianxeiro soubo dar a cadaquén os seus méritos e deste xeito foron en medras as auto-estimas. O Cruceiro é así un valor melidense (ou "melidao"; lembrar neste *a propósito* xentilicio que "Ribeirao" era o nome antigo dunhas das estirpes de máis sona na vila, capital da Gándara) que acaroa ao pórtico románico da desaparecida igrexa parroquial de San Pedro, arestora, Capela de San Roque. Porén Galiza é un mosaico de **cruceiros**. Artistas e artesáns da pedra fixeron labra nas encrucilladas dos camiños, nos adros das parroquias, nos cantís do mar, nos rueiros, nas ermidas... Alí onde houbese unha data para a me-

moria está a parafita en cruz. Base, fuste, capitel. E aló no cimo, outeando os mares e as ventadas, os devotos e o pan das ánimas; un noso pai, as ave mariás; un xeito, un respecto; unha marabilla ou a chambonada do cicel salientando o feísmo; o encravado e a súa nai; o calvario. E no **Calvario do Hío**, en Cangas, está a man do artista Ignacio Cerviño para que o mundo axexe, sinta máis alá dos libros e alce os ollos en desmesura polas páxinas da historia cara ao desencravo: criatura é que rompe a canseira de tanto simbolismo.

-Ignacio, de onde é que chegaras, ou estás aínda?

-De alalóooo - e o eco sinala a Terra de Montes, toda ela, a eito, en pdraría.

-E o Pepe da Pena?

-Baixou tomar unha "fecha".

Saben no Morrazo que o Pepe da Pena, gastaba viño e canto de obra-doiro; era benquerido. Nesta simbiose da persoa e obra pasaron anos en que a autoría do Calvario era obra súa - repetían as voces dos camiños. A peza pasa por ser a obra mestra dos tres séculos, XIX, XX, XXI, en pouso do Mar e Terra que respira.

Hai pedras que, de pouco ou nada labradas, teñen o corazón grande e falan de lonxe e para lonxe: son distancia e permanencia. Espazo e tempo sen mensuras. Velaí as parafitas, pedróns, monolitos, placas... Voces, ecos. De cando en vez reciben o alumiño do vento; porén as máis das veces son visitas madrugueiras dos invernos e dos soles. Intemperie en pé de oficio. E non cesan elas de seren **Pedras da Memoria**.

Hai nelas a descarga do maxín que voa por enriba da realidade, sobreponse a dose da lembranza e do cariño. As tribos de antigo tiñan así a certeza dunha prolongación das causas vitalistas, solidarias. Eran referencia. Son referencia. Nelas pouso o *crono* das idades e verdea a sombra do norte, que é así a face máis frieira: a páxina sen libro. Neste perfil da pedra pouso a man para o refresco e sinto as



outras voces do silencio, aquelas que son palpación, sístoles; e cómpre adiviñarmos entón esas desmedidas, os rexistros. E un le as outras vidas pequeniñas, as que nunca están de máis alá dos anos e das horas, apenas un aí! e xa se apagan para a historia de noso: vagalumes, sen máis fulgor cá noite, que é un cinema curto, esa película. Non hai **Pedra** que non saiba do meu paso por este seu corredor que non recibe senón lapas da vexetación, vernices do vicio, comichura, sombra. Os canteiros e escultores prefiren que o granito fale de fronte ao sol, nese abano que vai do leste á pousa do astro nas enxivas do mar de noso. E as pedras son así noticia permanente, luz en claro, nunca candil.

Estamos de sempre afeitos a ler os nomes que aquí hai, en letra maior ou inicial minúscula. Algúns dos textos son transparentes, xenerosos; outros hai da levidade, minimalismo, amosa en \$cativerio. Velaí a riqueza da que son estas pedras testemuño. As feiras de mostras, onde máis e mellor aparecen as diferenzas enmarcadas, están nos cemiterios urbanos e das parroquias. Eran textos de rebumbio e afouteza; de caladiños da Terra e do Mar; de crences con fianzas; de laicos sen lauda, só unha herba que viña de seu en cada primavera e resistía as pegadas do zapato esmagador, outro ano máis. Os da Casa de Vila de Quian eramos soterrados debaixo dunha lousa velliña, escasa, comida polas intemperies, mancada do cadril dereito,

coma se un pisón batese alí para a desfeita. Cada mes de novembro pousaba nela un ramallo de flores madrugueiras deste tempo coas sinaturas das mans labregas que vivían de caseiros. Segue aí; e pouso nela a punta dos meus dedos para asinar, en cada vez que vou e veño.

A "Recuperación pola Memoria Histórica", trae consigo a forza mineral no canto das palabras, para que o Tempo espelle e sempre sexa día e luz sobre a Terra que nos soña en permanencias. Desagradecidos hai que pasan de lixeiro sobre elas, tripando os nomes e os rostros, co sorriso laverco das idades do odio e maldicir: son a tristura. A maioría dos humanos senten a Historia como aprendizaxe e pousan os ollares da reflexión cara ao progreso: len, aprehenden, saben recibir a herdanza, respectan, aman, agradecen vivir.

*Cando a Memoria cese, se é que cede  
ao repenique das baiuras, nunca  
será morte para a vida de nós,  
que somos músicos en pedra e groría  
coma no Pórtico de Mestre argina:  
aquelas voces de organistrum e arpa  
a se pousar no claustro de oliveiras.  
Rexos corpos de fragancia e apelidos  
sodes cando abeiramos coma aquí  
aquela nosa Casa das benvidas.*

*Estamos dentro e todo é pan, sabor  
da Terra que vos garda en temperanza,  
coma soñar das aves, mia senhor,  
no mar alzadas:  
Amigas e Amigos ■*



Ruinas na Casa labrega

Mausoleo no cemiterio de Cangas; obra do mestre canteiro e escultor Ignacio Cerviño

ORCHESTRA BAOBAB 31 XANEIRO

KEREN ANN 29 MARZO

28 FEBREIRO LURA

SONS"09 da diversidade

Auditorio de Galicia Santiago de Compostela

MIGUEL POVEDA

PROYECTO 26 ABRIL

30 MAIO

ANNE CLARK 14 XUNO



Organiza  
CONCELLO DE SANTIAGO  
Concellaria de Cultura

www.compostelacultura.org  
http://sons.compostelacultura.org

Patrocinan  
DEPUTACION

CONSEJO DE SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE  
Dirección Xeral de Cultura e Difusión Cultural

Colabora  
CASA DE GALICIA

Venda de entradas  
WOLFEAR





Familia Rosalía-Murguía cos seus fillos

# Rosalía-Murguía

## Sesquicentenario do seu matrimonio

### **Rosalía de Castro-Murguía**

María Pilar García Negro

### **Rosalía de Castro**

Manuel Murguía

### **Ignotus**

Manuel Murguía

### **Para lermos axeitadamente a Rosalía no terceiro milenio**

Aurora López e Andrés Pociña

### **Rosalía, matrimonio e opción afectivo sexual**

Francisco Rodríguez Sánchez

### **Sombra do meu asombro**

Marica Campo

dosior

# Rosalía de Castro-Murguía

María Pilar García Negro



Rosalía de Castro retratada por Modesto Brocos

Hai cento e cincuenta anos, no 10 de Outubro de 1858, contraían matrimonio, en Madrid, na igrexa de San Ildefonso, Rosalía de Castro (1837-1885) e Manuel Murguía (1833-1923). Ela chegara a esta capital na primavera de 1856, xusto despois da celebración do banquete de Conxo, que reunira, en xantar fraternal, estudantes e obreiros de Compostela. El procuraba abrirse paso como xornalista e escritor, a despeito dos desexos de seu pai que quería para o fillo a mesma carreira de farmacéutico que el desempeñaba. En 1857, en páxinas de *La Iberia*, Murguía fará a recensión do primeiro libro da súa compatriota e futura esposa: *La Flor*. É ben chamativo como se ve impelido a dar conta dunha curiosa dicotomía que tan marcante resultará na personalidade e na obra da escritora fundacional da literatura galega contemporánea: ela é muller pola altura dos seus sentimentos, mais home pola franqueza con que os expresa... Así, en simbiose de urxencia, o Murguía de 24 anos vai intentar resumir ou explicar o que constituirá, andando o tempo, motivo de admiración, de estrañeza ou de crítica represiva: para Eduardo Pondal, será moito máis do que "poetisa": "poeta insigne" é para o bardo bergantiñán. Posuía dun xenio

"viril" (naturalmente, na connotación positiva da estereotipia tradicional) será para Unamuno ou para Salvador de Madariaga. A propia autora, para alén de facer do cuestionamento e crítica da División Sexual do Traballo -e de todas as súas consecuencias e adherencias- columna vertebral de toda a súa produción, vai plantexar a pregunta fundamental, no prólogo da súa obra capital, *Follas novas* (1880): "Daquelas que cantan ás pombas i ás frores / todos din que teñen alma de muller; / pois eu, que n'as canto, Virxe da Paloma, / ¡ai!, ¿de qué a terei?".

En *Terra e Tempo* facémonos eco deste sesquicentenario, agradecéndonos moi cordialmente a colaboración experta e entusiástica de rosalianistas ben coñecedores da obra da nosa escritora. Incluímos neste monográfico dous textos fundamentais do propio Murguía: o retrato de Rosalía de Castro que forma parte de *Los Precursores* (e que ela xa non puido chegar a ler, pois faleceu antes da súa publicación) e o relato "Ignotus" que cerra este libro e que, con Murguía como amanuense ou transcritor, espella claramente un episodio da vida de Rosalía en Compostela, no terríbel ano da fame de 1853. A tradución ao galego débese a **Diego Pardo Amado**, xóven investigador cuxa magnífica Tese de Licenciatura, que versa sobre a institución do matrimonio e o seu reflexo na obra rosaliana, en breve verá a luz. **Aurora López** e **Andrés Pociña**, coa súa sapiencia proverbial na nosa autora, esclarecen, máis unha vez, aspectos cruciais da vida e personalidade dela, adoito aqueloutrados ou esquecidos e cuxa comprensión resulta imprescindible para a adecuada interpretación da súa produción. **Francisco Rodríguez**, autor da monumental Tese de Doutoramento sobre Rosalía de Castro que marca, nos estudos sobre a nosa escritora, un antes e un despois, tal e como afirmou hai vinte e un anos Claude Poullain, ilumina nesta ocasión aspectos dos menos e peor tratados no

universo ideolóxico e afectivo de Rosalía. **Marica Campo**, en fin, pon o ramo in mellorabelmente a esta recordación monográfica cunha tetraloxía poética dedicada á nosa autora, de quen se declara devota filla literaria e continuadora do ronsel aberto por ela hai cento cincuenta anos.

O traballo de Murguía como historiador, etnógrafo, crítico literario, xornalista, patriota irredutíbel... é inxente nos seus case noventa anos de vida. Nos cuarenta e oito que Rosalía de Castro alcanzou en vida mortal, compuxo, a pesar de tantas dificultades e penurias da súa vida, do acoso sufrido polas súas posicións avanzadas e a súa rebeldía, unha obra en verso e en prosa que segue a ser un manancial inesgotábel, viveiro e estímulo de novas abordaxes, de novas pesquisas e, sobre de todo, a rentes do chao, precisado dunha lectura integral. A Galiza pola que ambos dous tanto traballaron, e da que tanto se doeron, aínda non os colocou, malia todas as aparencias, no lugar acorde á súa dedicación e á súa entrega patriótica. Estas páxinas, por tanto, aspiran a avanzar un chanzo máis no coñecemento e aprezo de parella tan significativa da nosa historia contemporánea, na intelixencia de que publicacións como a presente e, aínda, o nacionalismo galego contemporáneo todo o deben a personalidades como as que aquí recoñecemos e celebramos ■



Recanto do Río Sar no cal a publicación "Vida Gallega" sitúa a inspiración dunha das obras de Rosalía

Manuel Murguía

[Tradución de Diego Pardo Amado]

# Rosalía Castro

– Quen es ti e que che falta?  
 – Son un bardo alemán; cando falan alí dos primeiros pronuncian o meu nome. Fáltame o que a moitos na Alemaña; cando falan alí dos desgrazados, repiten tamén o meu nome.

H. HEINE

O viaxeiro que baixando de Santiago a Padrón, deixase á súa dereita a antiga colexiata de Iria e seguise polo agreste e solitario camiño que, flanqueando pequenos outeiros e a través de prados eternamente verdes, conduce á aldea da Arretén, situada nunha aba do Miranda, chegaría ben axiña ao portón que dá entrada ao patio e casa señorial dos Castro, e é valo e límite e cabeza da rústica poboación que se estende aos seus pés. A nova vivenda, fiel reflexo do *manoir* bretón, ocupa, sen dúbida ningunha, o mesmo espazo que a vella fortaleza, desde a cal se defendían aquelas gargantas e vixiaban ao mesmo tempo os vasalos levadores das contiguas herdades. Pouco se precisa, vendo aquel edificio, para comprender que máis dunha e máis de vinte xeracións se criaron baixo os seus teitos.

A nova morada, que conserva aínda a disposición, os pormenores, o ar da casa nativa da décimo sexta centuria, é o que se di un pazo campesino do século XVIII. Nel as dúas arquitecturas, renacemento e estilo restaurado, danse a man a través de douscentos anos. A arcada que sostén o espazoso balcón de pedra que corre ao longo da fachada ten o selo característico das construcións galegas de mediados do século pasado. A mesma capela en que campá o escudo da familia e leva a data de 1585, é tamén do estilo que denominei dos mestres de obras. Mais o novo e o vello, o que pertence a tempos máis afastados e o que case nos corresponde, uníronse e compenetraron de tan íntima maneira e tomaron tal ar de vetustez, que o seu só aspecto delata á primeira vista a vella e gloriosa casa feudal, grata ao poeta e ao historiador, porque como ser



Manuel Murguía de mozo

vivo fala do pasado con voz máis eloquente que as mesmas crónicas ás cales se fiou a lembranza dos que habitaron as extensas salas, as vastas soidades e os lugares confiados ao seu paternal goberno.

Ao entrar no patio e subir a escalinata que dá entrada á xa esquecida vivenda, gáñannos de golpe as tristezas que producen sempre na nosa alma os supremos abandonos. Reina o silencio apenas turbado polo chío dos paxaros, que ao vovos entrar abandonan espantados a vella cornixa por onde paseaban gravemente. Áchase alí algo de austera e santa soidade, só posíbel dentro dos antigos mosteiros, dos cales eran irmáns polo destino, os castelos e vivendas señoriais. Mais ¡ai! cando o home se achega a semellantes ruínas –en pé ou non, tanto tenses como tocado da tristeza de que están cheas. Flotan sobre elas non se sabe que de frío e morto que aflixe profundamente. A nada das glorias humanas é máis que nunca visíbel. E en van os altos carballos enchen de sombra e de rumores o bosque umbrío ou se recortan no horizonte; en van a fonte desborda sobre a pía as súas augas e os ventos suspiran nas grandes salas, noutrora poboadas de voces harmoniosas; nada turba aquela paz soli-

taria que é o seu nimbo, mais nada é capaz tampouco de apagar a penosa impresión que a súa soa vista desperta nas almas sensíbeis. Ocorre preguntarse que ficará de nós, cando os que parecían eternos non son xa máis que cousas que dormen no esquecemento.

Contan os mariños, que cando un buque está próximo á súa ruína, as ratas que poboan a bodega abandonan o vello casco: así fixeron os nobres de segunda orde. Deixaron de vivir entre os campesinos, que eran os seus fillos, e do seu amor, que era a súa forza, perdendo deste xeito un poder que descansaba no ben que facían e en non permitir que se fixese o mal. Aqueles lares en que durante séculos se prendeu un mesmo lume, e que eran refuxio dunha familia que non se extinguía xamais; aquelas casas de onde non se saía senón na procura da gloria e ás cales non se voltaba máis que en demanda da paz e da morte, están hoxe baleiras e desertas. Faltan as aguias, e no niño abandonado non se quentan os pitiños. Batidas por todos os ventos e todas as desgrazas, están en pé, como para nos dicir que aínda hai maiores soidades, que aínda hai ruínas máis tristes e elocuentes que as que aquelas mudas pedras encerran e delatan, e son as que se aniñan no corazón do home, é igual que as vingativas Euménides, devóranos e atormentan. Porque se non é para iso, para que daquela? Que fan en pé?

Esta antiga casa, como todas. Ao desprendérense os seus fillos dun poderío que xa non exercían, perderon até o instinto de conservación. Fuxiron asustados da súa propia tumba. Inútiles xa, mudaron de fogar para morrer máis descoñecidos, e nada, nada os lembraría, se unha muller da súa raza –reunindo en si todas as perdas enerxías e renovando as pasadas aptitudes– non tivese feito inmortal aquel antigo apelido, e sagrada aquela orixe, pois éncheo e cobre cos resplandores do seu xenio.

Mais isto non foi sen tomar para si tamén todas as desgrazas propias das familias que perecen. Desde os

seus primeiros anos, estivo xa, materialmente, entre a vida e a morte; parecía levar no seu corazón os secretos terrores que sentiu a súa nai todo o tempo que a tivo nas súas entrañas. Baixo estes ceos que lle son tan propicios, nestas risoñas chairas de Iria Flavia, ao pé dos outeiros que as cercan, e beiras das correntes que as fecundan tería pasado a súa vida, se os primeiros contratemplos non a obrigasen a marchar á triste cidade en que nacera' e á cal tornaba para facer dela a súa única patria e a patria dos seus fillos. Atrás deixaba as lembranzas da infancia e os seus primeiros ceos risoños. Sempre que as durezas do inverno compostelán, os seus fríos aires e continuas chuvias a puñan á beira do sepulcro, en que tantas veces tivo posto o seu pé, tornaba ás alegres veigas e bañábase nas súas morezas e vivía dos seus claros resplandores. Respirando estas brisas, que levan a un tempo nas súas ás o perfume do campo e o das ondas, os feridos pulmóns renovábanse e tomaban nova forza; e a que chegaba semellante a unha planta que se inclina e agosta, erguíase e reverdecía, tornando á vida, ás ilusións da mocidade, a todo canto de risoño enche á súa hora o corazón das doncelas. Parece que aquí, baixo este mesmo ceo onde, como noutro tempo, procurou agora o seu doce refuxio, tiña que realizarse sempre o prodixio da súa infancia, e que estas chairas, -como o vello sepulcro sobre o cal a puxeron moribunda e devolveuna viva- tiñan para ela a mesma virtude e renovaban, cando era preciso, o antigo milagre.

A existencia é, na verdade, ben dada para todos aqueles a quen as contrariedades da vida non fatigan demasiado; mais ¡que pesada carga para os que persegue a desgraza, e canto maior aínda para os que marchan suspendidos sobre o afán dos seus propios pensamentos! E se a alma atormentada é a dunha muller?... Ben pode dicirse daquela que os seus sufrimentos non han de ter límite, que as penas se duplican ao caer sobre o seu corazón, que as súas bágoas, lonxe de



Retrato de xuventude de Rosalía de Castro

seren para ela un consolo, chaman con dobre forza as novas bágoas. Quen as coñece? Quen as conta? A quen interesan? Quen é nin que importa, así sexa a máis ilustre, así a máis coñecida? Que outro camiño, senón o da morte, ve ante os seus ollos? A mesma notoriedade, non é para ela un perigo?.

Por máis que a comparación sexa vulgar, sempre se dirá da muller que, como a violeta, tanto máis agochada vive, tanto é mellor o perfume que exhala. A muller debe ser sen feitos e sen biografía, pois sempre hai nela algo a que non debe tocarse. Limitada a súa acción ao círculo da vida doméstica, todo o santifica desde que entra no seu fogar. Ten na terra unha misión dos ceos, e a súa felicidade debe consistir en enchela sen vangloria nin remorsos. Trasládase toda enteira aos seus fillos, vive no seu corazón, sen que as súas penas sexan outras que as que os feren ou con eles se relacionan.

E se isto é verdade, ¿Qué dicir de quen non fixo outra cousa que sopor-

tar os múltiples golpes que a maltrataron e a canto máis amaba na terra? Se se referisen coa súa terrible verdade os sufrimentos experimentados, antes, agora, en todo tempo, ben se vería que poucos días de felicidade contou, que longo e duro foi o seu cativoiro, e de que maneira inusitada os contratemplos dobraron alma tan enérxica e apaixonada. ¡Como a foron procurar ao silencio da súa casa e ao apartamento do seu voluntario desterro, feríndoa no medio dos seus fillos, ausente o que era o seu amparo, cando crían que o golpe que lle asestaban era o único que lle faltaba para morrer!

Dise que así proba o ceo os seus escollidos!...

Esta vida de dor comezou axiña para ela, porque física e intelctualmente a súa precocidade foi grande. Contaba apenas once primaveras cando compuxo os seus primeiros versos e tivo que mudar o seu traxe de nena polo da muller. Con el íanse as alegrías da infancia e chegaban os

primeiros coidados, aqueles que asaltan as mozas tan axiña se arriscan nos sendeiros do mundo. ¡E que amargos e tristes para os que, tocando apenas nos límites da mocidade, teñen xa que loitar coa tristísima realidade! Fica sempre no seu corazón un non se sabe que de baleiro, que nada enche. Isto teñen os prematuros desencantos: cando se sentiu todo o seu peso, xamais se esquecen. Pasará o mar sobre eles, como di o poeta, e non será quen de apagar a mancha que deixan no noso corazón.

Isto foi casualmente o que aconteceu á nosa escritora: levou sempre aberta a ferida causada polos primeiros desencantos.

Os ventos da desgraza, que tan rudamente se desataron contra ela, comezaron por afastala de todo canto amaba; da súa terra, da súa nai, das súas esperanzas e até dos soños, ben modestos por certo, posíbeis a unha moza de provincias. Nela non ficaba xa en pé, nos seus mellores anos, senón a firmeza da súa alma e a bondade sen límites que a enche. A mesma poesía que encantara as súas horas solitarias foi esquecida por completo: non parecía outra cousa, senón que se preparaba para a morte, agardándoa coa doce voluptuosidade de quen sabe que só así poderá escapar ás tribulacións que a esperan.

Lonxe da súa casa e dos coidados maternos, sufrindo como poucos as inclemencias do ceo madrileño, as íntimas dores que a aflixían —e que só podía facer tolerábeis unha branca luzada de xuventude, —as incertidumes que enchían a súa alma sen horizonte nin esperanza, as tristezas da ausencia rendíndoa ao seu peso, ferírona tan sen piedade, que houbo momentos en que puido esperar confíada que as horas da súa dor serían breves e que axiña as portas da eternidade se abrirían de par en par.

E canto tardaba para ela esta hora da suprema liberdade!

Das sedutoras promesas que unha prematura xuventude se compracera en despregar perante os seus



Retrato de Manuel Murguía realizado polo seu fillo, Ovidio Martínez-Murguía

ollos, non ficaba unha soa que non tivera erguido o voo na procura doutras almas máis felices en que facer o seu niño. A realidade facíaa coas súas espiñas; as asperezas da vida, cos desenganos en que son tan pródigas. Ás súas grandes tristezas engadíanse as dores materiais, as inacabábeis angustias que lles son propias e os acerbos presentimentos que enxendran.

Estas horas solitarias formaron o seu corazón e impregnárono para sempre da profunda melancolía que baña as súas composicións. As musas necesitan tocar coas súas ás a realidade; a este prezo comprarán sempre os seus triunfos; mais ¡ai! ela podía moi ben pasar sen tan amargo cáliz, porque non o ambicionaba. Coñezo cantos inmortalis, di o poeta, que son un puro xemido. A que amaba a serenidade da alma e dos ceos, a que pedía tan só paz e silencio, algunhas primaveras máis, os horizontes da patria, as rosas dos seus cam-

pos e os tornasoles dos mares do seu país, non merecía por certo poder dicir tan axiña e con tanta verdade como ela, que baixo os seus loiros cabelos aniñaba a dor.

*Car sous cheveux blondes je connais la douleur.*<sup>2</sup>

O mesmo coidado que outros poñen en se deixar ver e conquistar un posto no mundo literario, puxo ela sempre en fuxir aos vans ruídos e perigosas facilidades. Os versos que en horas de tristeza escapaban dos seus labios, eran esquecidos ao día seguinte. Ninguén os coñecía. Foi necesaria unha serie de circunstancias fortuítas para que algunhas desas composicións traspasasen os límites do fogar e se desen á estampa. Non a levaba a tanto o máis pequeno entusiasmo, nin menos o amor que puidesen inspirarlle as pobres fillas do seu corazón e das súas horas solitarias. Porque desde os primeiros pasos díxérase a si mesma que nin buscaba a gloria nin a amaba en maneira



Entrada na fábrica de Fiados Barcón, Ferrol a finais do XIX. Empregadas formando en fila agardando ao patron

ningunha. Así compréndese que, grazas a esa mesma indiferenza, saísen á luz as súas primeiras poesías, sendo mans alleas as que lles prodigarón os coidados que toda publicación reclama dos autores. Ignorándoo, e non importándolle, sen esperanzas e tamén sen amor propio, deixounas ir á ventura, sen se coidar máis delas nin pensar que puidesen interesar a ningunha alma, nin menos durar máis alá do que duran as rosas, as súas irmás na fermosura e tamén na brevidade da vida. Así o desexaba ao menos.

E tiña razón! Non porque aquelas breves páxinas non fosen acreedoras aos eloxios que, sen coñecer a súa autora, tiveron o doce consolo de lles prodigar, senón porque non todas merecían as honras da impresión. Na súa inexperiencia da vida literaria, da cal tan afastada se achaba, non podía comprender que os primeiros dons da musa deben ser coidadosamente preparados e escollidos pola man do autor, pois deciden ás veces dunha vida, e rompen ou afirman unha vocación. Calquera, ao ler aqueles versos, sabendo que a súa autora aínda non fixera vinte anos, tería dito que a atormentaban as ansias do aplauso público, cando o seu libro era casualmente a proba do ningún aprezo que facía de tales cousas e do lonxe que se achaba de crer que con el se abría o camiño que debía conducila aos triunfos que a agardaban. A ilusións que sobre este punto puidera abrigar, ficaban á porta da casa en que esperaba concluír os seus días sen ambición, enchendo os deberes de esposa, nunha grata medianía e nun santo e perpetuo esquecemento. Talvez pensaba que non os sobreviviría, grazas, xa á morte material que tan perto de si vía, xa a aqueloutra gloriosa e

que tantas mulleres de grandes dotes aceptan, o día que entran no fogar conxugal para ser a súa éxida.

A malaventura de Galiza, que en máis dunha ocasión viu malograr os seus mellores enxeños, non quixo por esta vez que enmudecese aquela voz, nin se rompese aquela lira. Foi unha desgraza para a nosa escritora? Estou tentado a crelo así. Conservándose para a súa patria, conservouse así mesmo para os seus grandes infortunios.

Non os vou contar. Para que? Un día veu formar comigo o novo fogar e crear unha familia. Desde entón unha é a vontade e un o amor baixo deste teito, visitado por cantas aflicións poden caer sobre as almas feridas perpetuamente. Sós deixounos a nai querida, e sós tamén aquel fillo amadísimo, que non viviu máis que o tempo necesario para facer no noso corazón eterno recordo, inconsolábel a perda. Entre estes dous sepulcros, todo un mundo de contrariedades. Breves os días do sol, aladas as ditas, fugaces as alegrías, sós constantes e duradeiros os rigores da fortuna. Consólannos os fillos que nos rodean, en cuxos ollos brilla xa un raio daquela intelixencia que co sangue recibiron no seo de súa nai, e cuxo corazón parece formado coas mesmas xenerosas fibras. Refléctese nelles, que prometen ser coroa da súa ancianidade, consolo dos seus derradeiros días.

Unha verdadeira noite reinaba no ceo literario de Galiza. Os soldados andaban dispersos, os combates eran imposíbeis. De todo aquel rumor, de todas aquelas esperanzas nadas á calor da revolución de xullo, non ficaba máis que un eco, unha esperanza que vivía e se manifestaba nas columnas de *El Miño*, o xornal que dunha ma-

neira máis decisiva influíu nos destinos do noso país. Nel refuxiárase canto conservabamos de vivaz e fecundo, nel reflectíase o espírito dunha xeración que parecía ter traído ao mundo como única tarefa, a de crear unha nova Galiza e fecundar os xermos de vida que este pobo encerra. Perseguíase un imposíbel? Non é doado dicilo, aínda que pola miña parte aseguro que ninguén acreditaba en semellante cousa. Tiñan fe na virtualidade da súa obra: crían nos seus milagres. Tentar a rexeneración a que aspiraban, era unha proba de que se ía a algo sólido e durábel. Non quería morrer sen ter combatido naquel especialísimo torneo, en que a dama dos nosos pensamentos era a pequena patria. E pois todo o que vive se resiste á morte, aceptouse a loita, como unha proba de que aínda viviamos.

Cada un escolleu o seu posto, e a nosa escritora, que, como a muller gala, seguía aos seus ao combate, coñecendo que podía axudalos, colocouse resoltamente nas primeiras filas.

Como medio máis eficaz de voltar á vida a un pobo que á forza de desgrazas apenas se tiña conciencia de si propio, tratábase por todos de penetrar nos seus limbos, alumealos con aquela luz necesaria, para que canto nos pertence tomase corpo e fose visible aos ollos dos demais. O pasado coas súas sombras, o presente coas súas dúbidas e desalentos, canto fora Galiza, canto era aínda, ou podía selo, pedíannos unha ollada e un pensamento. Sentiamos como por instinto, que antes de nada era preciso rehabilitar o país galego, realizar as súas esperanzas e traducir en feitos o que aínda non puidera pasar da categoría de tentativas máis ou menos afortunadas. Esta dirección puramente provincial, non era na verdade cousa nova, mais tomaba nas nosas mans maior forza. Por máis que puxésemos nisto a nosa alma e o noso sangue, outros antes quixeran o que nós: non era a primeira vez que se



Ofrenda floral na tumba de Rosalía nos anos 20. Este espazo será un lugar fundamental de peregrinación galeguista

perseguían tan nobres ideais, proba da vitalidade dos pensamentos que nos animaban. Se antes non se realizara, era porque faltara a unidade nos traballos, e unha máis clara noción en todos da obra emprendida. Así resultou estéril, pois só podía ser fecunda sendo completa.

As novas correntes tiñan polo tanto maior eficacia, pois dirixíanse a unha fin, clara, definida, concreta. Consagradas polo suceso, alentadas polo dobre interese da curiosidade e cariño con que eran recibidas polo país, compréndese que, pois a empresa era aceptada, fose máis fácil. Todos querían poñer a súa pedra no templo que se levantaba e aportar á obra común o seu esforzo ou o seu sacrificio.

Nunca por tanto se sentían máis vivamente eses desexos, nin tomaban máis corpo, nin eran máis firmes tan nobres propósitos, como cando, lonxe da patria, e en medio das soidades castelás, pensábase nos cam-

pos paternos e críanse ver os horizontes que os limitaban. Así era, que entre o ausentes se falaba deles como os profetas *super flumina Babilonis*. Pensade agora que pasaría no corazón dunha doente nova e soa, que deixando en Galiza a nai e a filla, sentíase de novo languidecer e morrer baixo o ceo para ela sempre inhospitalario da España central.

Era unha morna tarde dos primeiros días da primavera castelá. O sol alumeaba a vasta extensión, o ar era puro e tibio, apenas sentíase pasar como un suspiro. As plantas en xerme exhalaban os aromas que anuncian os fermosos días: o ceo era claro e transparente, o temple suave, os horizontes dilatados; só faltaba para animar aquel cadro as árbores, as nosas amadas árbores, as ondas cristalinas, os perfumes dos prados e os seus verdes intensos, os ruídos de que están poboados os vales e os outeiros galegos. Rodeábanos a desolada estepa, sen unha sinuosidade que

rompese a liña igual e extensa, sen máis tons que os quentes e enteiros propios daquelas chairas. Só aló, ao fondo, o vello Guadarrama, en cuxo bico branqueaba a neve, recortaba o horizonte que os últimos raios do sol encendían e fermoseaban.

Contemplando este cadro, e lembrando en presenza de semellantes esterilidades a exuberancia dos campos galegos, sentiui a nosa escritora a necesidade de escribir e publicar un libro en que se reflectisen con toda a súa poesía e pureza, as paisaxes e a vida enteira da xente do noso país. E querendo romper con canto a rodeaba e era tan pouco acepto, prometeuse a si propia escribilo en lingua materna. E aquela mesma noite, presa a alma das profundas tristezas de quen, sen tocar nos seus vinte e catro anos, se cría xa cun pé no sepulcro; sospeitando que xa non voltaría a ver de novo o ceo da triste Compostela, baixo o cal a agardaban, trazou coa man rápida e coa brevidade da improvisación, aqueles versos tan tristes e tan fermosos que levan por glosa a canción popular máis en consonancia co estado do seu espírito, *Adios rios, Adios fontes*, versos que viviron daquela a luz en *El Museo Universal*.

Tal foi a orixe dun libro que tan especial influxo exerceu na literatura galega contemporánea. Fillo do exaltado amor do país, concibido en hora da máis fonda melancolía, reflectiu nas súas páxinas algo do inocente e xuvenil dunha alma que non vivira aínda e a amargura dos que non esperan vivir moitos días e están perpetuamente cun pé no insondável.

Ela como ningún outro!... porque preparándose a acometer a súa empresa, sentiui que se recrudecía os seus males e que se achaba máis perto que nunca do sepulcro. Talvez desexaba xa penetrar nas súas tebras e que acabasen para sempre as incertidumes que a tiñan constantemente esperando o seu fin. Talvez ansiaba aquel momento en que, como ao irlandés que sucumbe nas soidades do



Emilio Castelar y Ripoll (Cádiz, 1832 — San Pedro de Pinatar, Murcia, 1899). Autor do prólogo a "Follas Novas" de Rosalía. Político e escritor español, último presidente da Primeira República Española

Novo-Mundo, lle fose dito ao enterrala:

-Ea! Volta a Galiza! Volta á túa patria!- Porque o certo era que lonxe da súa terra se sentía acabar sen remedio.

Foi, pois, necesario voltar ao país. Só os aires natais podían salvara. E na súa procura veu confiada, cando todos crían que non vería caer máis follas que as que comezaban a agromar nas árbores das avenidas, gratas ao seu corazón e aos seus ollos, tan poboadas para nós das máis doces e santas lembranzas. Mais ¡ai! que outras cousas queridas viu caer antes para non se erguer máis, pois a pouco de chegar á súa casa, a súa nai morreu de golpe nos seus brazos e cando menos o esperabamos. Aquel corazón, ferido por tantas ausencias, quebrouse ao fin ao peso dos antigos sufrimentos. Deus non quixo negarlle o supremo favor de que a filla máis que amada, estivese ao seu lado para recoller o seu derradeiro suspiro e a mirada postrema.

Esta dor das dores foi para ela profundo e inapagábel. Como Leopardi, para dicir tamén, "que o mal que a privara do uso da vida, non lle daba sequera a esperanza da morte", pois nin chegaba o consolo, nin o esquecemento era posíbel, nin acababa de romperse o fráxil vaso da súa existencia. Ao fin triunfou a xuventude e gozou algunhas horas de paz; mais apenas se dirixía aos seus sonhos doutros días unha mirada indiferente. O proxecto que abrígaba de consagrar a

Galiza as primicias da súa musa, podía darse por abandonado, pois nunca como daquela se sentiu máis disposta a se sepultar por completo e para sempre na escuridade do fogar e vivir nas súas apacíbeis quietudes. Non abrigando desexo ningún de gloria, ¿para que escribir? Dícbase. E na verdade que para interromper aquel fondo silencio, para dar vida aos mortos de entón, parece como que se precisaba algo máis que a voz dunha muller e os acentos dunha musa do bremente feminina.

Mais foi así. Impreso o primeiro prego dos *Cantares*, sen que diso tivera nova, viuse obrigada a escribir o resto do libro a medida que as caixas demandaban orixinal. Á présa, sen dar tempo a que secasen as cuartillas, sen corrixir nin ler ao día seguinte o escrito a véspera, fecunda, abundante, espontánea sobre toda ponderación, foi dando, hoxe unha, mañá outra, a maior parte das composicións que forman aquel pequeno volume. Dun só golpe e case sen erguer a pena do papel, escribiu as sesenta oitavas do *Conto de Vidal*. Pastor Díaz, a quen a morte non permitiu escribir as páxinas que debían precedelos, aseguraba non ter lido nada máis corrente, nin máis puro, que aqueles versos. Engadía, que se compracería en dicilo así. Que lle agradaba aquela nova aurora e aquel fresco ar da patria, que viña encerrado nas estrofas máis completamente populares a lle falar dos floridos campos de Galiza. Que así como ao fronte das poesías de Zorrilla fixera a defensa do romantismo -polo inaugurado antes, na súa cela de colexial- faría o eloxio do movemento provincial, que tantas cousas novas traía á superficie, que tantas e tan nobres revelacións facía e do cal tivera, así como unha visión e un presentimento. Porque aquel grande home de Estado, a quen non agradaba a unidade de Italia, casualmente porque rompía tradicións e esfarelaba pobos, aseguraba que as provincias españolas estaban destinadas -pola gran diversidade do seu

sangue- a reconstruírense e recobren a súa fisonomía nun período non moi afastado. Contra o que algúns espíritos superficiais aseguran, sostíña que a tendencia a crear a pequena patria é o que ha de salvar dun completo esnaquizamento a canto hai de vital nos pobos europeos. É o único vivaz e orixinal que posúe a sociedade moderna, atacada como ningunha outra, do mal nivelador da unidade e da centralización.

Mais o que máis a agradaba era ter escrito o libro naquel docísimo dialecto que falara na súa infancia. Ponderaba por demais achalo desposuído de voces bárbaras e xiros prosaicos con que tantos lixaron a lingua e a poesía galega. Os versos cadenciosos e fáciles irmanábanse ao fin cunha dicción propia e sen afectación nin pretensión ningunha, tan conforme coa índole dos asuntos e que semellaba a corrente dun río, cando arrastra con rapidez o que se confía ás súas ondas. Até entón ninguén falara a nosa lingua con máis pureza nin mellor acerto. O noso idioma saía dos seus labios completo e feito, tanto que se os cantares populares que glosa non fosen en itálica, ninguén sabería distinguilos dos que se debían á súa inspiración. Eis a verdadeira pedra de toque en que se ha de avaliar o enxebre da súa linguaxe, non empregado aínda na produción literaria. O día en que un completo coñecemento da poesía popular faga posíbeis tales comparacións, verase que a nosa escritora, non só tiña o instinto, o candor e a expresión dos sentimentos populares, senón que falaba a lingua do seu pobo, coa mesma sinxeleza e afecto que o noso perdido canteiro.

¿Fixo ben en empregar o galego nun libro destinado a describir as paisaxes, os costumes, as supersticións, nunha palabra, as cousas de Galiza e das súas xentes? Hai quen o dubida, por crer a cousa filla dun pasaxeiro capricho e non dun movemento reflexivo; porque se pensa que o emprego dos dialectos<sup>3</sup> é un re-



## ¿Fixo ben en empregar o galego nun libro destinado a describir as paisaxes, os costumes, as supersticións, nunha palabra, as cousas de Galiza e das súas xentes?

troceso; porque se teme a canto fala á provincia do que perdeu, e en fin, porque hai moitos a quen non lles importa sacrificar ao Moloch moderno, a centralización, estas pequenas agrupacións ao parecer tan insignificantes e estériles, que tendo unha historia, unha lei, unha lingua e unha raza, conservan aínda todos os elementos constitutivos dun Estado. Ademais fálase da patria!...

Con só lembrar, que entre todas, a idea e noción da patria é a menos susceptible dunha verdadeira definición, fica indicado que difícil será dar a entender coa claridade debida o que sexa semellante entidade. Fixando a mirada no sereo horizonte, vendo como tremen ao paso do vento os salgueiros que medran ás beiras do seu río, e como o pequeno outeiro cerra o paso aos homes e aos rumores lonxanos, o campesiño—como o cruzado que a cada cidade que vía preguntaba ao seu amo: “Señor, ¿non é esta Xerusalén?”—abranxendo cunha ollada os límites da súa aldea, pode preguntarse: -Non é esta a miña patria?.

Pois ben, a despeito de todo, iso dinse hoxe as provincias, e moi en especial as de linguaxe propia; o mesmo en España que na Francia, en Italia que en Austria, en Rusia que en Inglaterra. O poeta, que é sempre o que anuncia a boa nova e consagra os seus triunfos, non se nega á resurrección deses pobos, non mortos senón esquecidos, antes iníciama, proclámaa e santifica, pódose ao servizo de tan nova causa. *Novus rerum nascitur ordo!* dinse, a repetir as proféticas palabras do seu mestre Virxilio.

Non fixo outra cousa a nosa autora, ferida polas inxustizas de que era vítima o seu país. Á súa voz de inspirada, fixo xurdir canto era de Galiza e recobrar o seu antigo predomínio. O popular, o primeiro: ¿E que máis propio e máis íntimo que os seus sentimentos e a súa lingua? A que tan nova foi enalzada por ter refrescado a poesía nas purísimas ondas da inspiración popular, e aberto á lírica española un novo camiño<sup>4</sup> ¿Por qué se ha

de negar o dereito de erguer da súa prostración a fala materna e colocala á altura dunha lingua literaria? Enténdese acaso que todos son, a pouco que o tenten, capaces de levar a cabo tan grandes, tan gloriosas resurreccións?


Díxose dos *Cantares* que se os poetas se agrupasen por familias, a súa autora debía formar ao lado de Roberto Burns, na dos poetas populares: e cando foi cuestión de *Follas Novas*, sinalouse o seu parentesco con H. Heine. Hai nisto contradición? Non na verdade. Cada libro pertence a unha época da súa vida e responde a un estado do seu espírito. No primeiro, o obxectivo enche e alimenta unhas páxinas consagradas por completo á descrición do país e a ser a fiel expresión dos costumes e sentimentos da súa xente. No último, o subxectivo recobra todos os seus dereitos e móstrase tan poderoso, que mereceu por isto ser considerada como un insigne poeta lírico, e en especial como un grande elexíaco. Mais nun e outro libro resulta unha personalidade e vese un fin. Completándose, dan realizada a obra de redención que se propuxo a autora, por máis que xa nos *Cantares* se ache resolta.


E na verdade que sen a precipitación con que foi escrito este libro, cegadas certas lagoas<sup>5</sup> e dispostas e enalzadas as composicións dun modo tal que formasen un todo correlativo, como así o pensara, teriamos desde entón un afortunado equivalente de *Mireya*, sen a monotonía que imprime a esta obra a combinación métrica usada polo poeta da Provenza e sen os inconvenientes dunha acción a cuxo relevo e movemento se sacrifican ás veces pormenores e trazos, que non está ben pasar en silencio cando se trata de dar a coñecer o elemento poético dun pobo calquera. Por fortuna, puido ben axiña completar e rematar en *Follas Novas* a obra tentada, e isto con tal forza e dun modo tal, que até nas poesías máis persoais e en que os sentimentos da autora se presentan con toda a súa enerxía e ex-

clusivismo, puido ver a crítica un modo delicado e novo de contar as penas que aflixen a Galiza e á súa xente campesiña. De tanta vida están dotadas as ardentes estrofas, e de tal modo o poeta soubo confundir e amalgamar os seus propios sentimentos e dores cos da rexión cuxas belezas describe e cuxas desgrazas conta!

O suceso acadado polos *Cantares* foi grande, en especial fóra do país para o cal foran escritos. Aínda dura, pero máis que noutro sitio en Catalunya. Diríase que era un libro seu. Os seus críticos dedicáronlle extensos artigos, os seus poetas traduciron a maior parte das composicións. Era natural que así sucedese. Iniciábase para Galiza nos *Cantares* o movemento que alí estaban levando a cumprimento termo. Era un soldado que viña a combater nas súas filas: xa non se podía dicir que só de labios cataláns saía a protesta.

As múltiples e entusiastas felicitacións que con tal motivo recibiu daquela terra de homes libres, contrastaban dolorosamente cos profundos silencios doutras xentes.<sup>6</sup> Van era o indisputábel triunfo, inútiles os aplausos recollidos baixo outros ceos. O desencanto teríaa gañado, tería dubidado da súa obra e de si mesma,





Busto de Manuel Murguía na Coruña.

se non estivese convencida de que habían de pasar anos, antes que a semente deitada no suco, puidese xermolar, crecer, ondular ao paso dos ventos propicios e por fin madurar a espiga aos raios dun sol de liberdade.

Caracteriza a poesía desta escritora, o ser eminentemente persoal, elexíaca, ora chea de abismos, ora casta e inocente como deusa que apenas desata o seu cinto de ouro nin descinxe a túnica. Natureza por esencia sensíbel, é como harpa suspendida en que xemen os ventos; organización moral que das máis nobres, todo canto toca imprégnao da rectitude da súa alma compasiva.

Aquelas estrofas, breves e cadenciosas, que parecían ter agromado dun golpe baixo o ceo de Grecia, encerran os apaixonados acentos dunha musa entre xermánica e do mediodía. Están cheas da *esencia das súas dores*. A súa graza e ondulación feminina témplanse e colorean ás veces cos trazos dun humorismo en que desabafa as angustias dun corazón eternamente aflixido. Sinxela e pura, até reproducir en todo o seu candor e realidade a produción popular, ten acentos apaixonados que saen do íntimo e comunica aos demais o lume que abrasa as súas entrañas: semellante ao raio, que

O mesmo amor á terra natal que inspirou os seus versos galegos, anima tamén os que escribiu en castelán. Todo é neles igual, a nota, a cor, o perfume, a luz, mesmo o triunfo acadado

fende os espazos e encende e queima canto encontra ao paso. Por isto non se acha nada de indeciso nos seus versos: fillos dunha inspiración real, levan o selo do seu enérxico carácter e da súa alma chea de tenrura. A expresión é sempre exacta, poética abundante; o movemento natural; a forma pura, sen énfase, simple e grandiosa no medio dunha sinxeleza purísima. A versificación fluída; o metro rico e variado, caprichoso case; a rima espontánea. Pódese dicir que xamais poeta ningún na nosa terra posuíu, en máis alto grao o poder da forma.

É esta condición esencial en todas as obras marcadas co selo poderoso dunha personalidade poética. Non hai ningún gran escritor que non posúa a forma en máis ou menos grao, nin ningún poema famoso que careza dela. A pureza e serenidade de Goethe transparentase nuns versos que teñen a limpidez das claras correntes e dos ceos azuis. Byron coloreas as ardentes estrofas, rápidas, nerviosas, coa luz que escintila da súa alma de lume.

Nunha palabra, o fondo e a forma alíanse de tal maneira nas obras do xenio, que son como a alma e o corpo; non poden separarse sen perigo de morte, nin existir cada unha de por si. Aínda que non en tanto grao como nas artes plásticas, a forma é un elemento esencial na produción literaria: a mesma poesía non pode pasarse sen os encantos da medida e da rima.

Non o dubidades, pois; cando un poeta posúe a forma en toda a súa variedade e riqueza, posúe tamén o vigor e a forza necesaria para animar o bloque inmaterial e producir as obras, xa que non se digan inmortais, duradeiras ao menos.

A nosa escritora publicou tamén algúns libros en prosa. Os principais son; *Ruínas*, *El caballero de las botas azules*, e *El primer loco*. Cada un pertence a un xénero dado, mais en todo se descobre a poderosa orixinalidade da súa autora. Non se parecen a nada; non teñen antecedentes, nin hai moitos capaces de seguilos.

No primeiro, unha case visión dos tempos en que viviron os nosos avós, permítelle describir tipos e costumes que parecen tomados do natural e no seu tempo. Tanta é a verdade e tanta a graza con que están trazadas figuras, paisaxes, escenas e sentimentos, que o lector acredita ter coñecido os heroes do relato e telos aínda diante dos ollos. É unha triste historia doutroa, bañada por un plácido raio de sol e alegrada con algúns sorrisos. Os descendentes dos heroes pasean aínda polos mesmo lugares ca eles. O drama das dores resignadas desenvólvese con todo vigor nas animadas páxinas. Vese desde logo, que as boas almas de que se trata viviron en realidade e pasaron por este mundo tan só para gañar o outro.

En *El caballero de las botas azules*, son máis notorias estas cualidades e vese que están levadas a un grao de perfección, que acusa un verdadeiro progreso nas facultades do escritor. Están estas ben de manifesto; moi cego ha de ser quen non as vexa. Unha fábula nova, curiosa, que obriga a pensar nalgo máis que no que se le, unhas escenas habilmente presentadas, un diálogo inimitábel e uns tipos acabados; eis o que se encontra n aquel libro, ao cal faltou tan só nacer a tempo para ter a fortuna que acadaron outros, ben distantes por certo do seu valor e transcendencia.

Neste irmán menor de *El doctor Lañuela*, a máis fría ironía sazona as súas páxinas, mais moi en especial o diálogo entre o home e a musa, que vai no libro á maneira de introdución. Non creo que se escribira entre nós e nos nosos días cousa que o iguale. Non parece obra dunha muller. A non ser por algúns toques delicados e por completo femininos que o esmaltan, diríase fuxido da pena de H. Heine. Non hai máis sarcasmo en Atta Frollni, tampouco máis poesía.

No seu conxunto o libro presenta algunhas desigualdades, polo xeral fillas do asunto e maneira de o tratar; mais capítulo por capítulo e personaxe por personaxe, é dunha unidade e



Última foto coñecida de Manuel Murguía

dunha realidade tal, que seduce e encadea. Casualmente nisto estriba todo o seu encanto, e que o lector estea constantemente esperando o imprevisto. Que ao final se pregunte estre dubidoso e confiado, se é verdade que o comprendeu e aínda que pretenda saber o que quixo facer a autora, neste, por algo chamado conto estraño, nada importa. Outro tanto sucede con *El doctor Lañuela* e con todos os fillos lexítimos do humorismo; pérdense no inexplicábel. O mesmo agridoce de que se di posuidora a burlona musa que inspira o home que ha de pór o axóuxere ao gato, baña as páxinas todas deste libro por completo orixinal. Que sexa o bo cabaleiro a personificación do século presente, ou que sirva tan só para agrupar ao seu arredor e facer resaltar algunhas figuras dun cómico perfecto; que unha constante ironía non permita distinguir ben o que hai de transcendental na obra, non é cousa que deba preocupar a ninguén, pois ficando aberto o campo á curiosidade non satisfeita, cumpre de todo o programa que a musa burlona trazou ao das botas azuis. —Que será? Que non será? Pregúntanse a cada momento os personaxes todos da obra: non conclúe tan mal esta, cando o lector ao pechar o libro ten tamén que se preguntar. —Que será? Que non será?

Non se dá igual caso ao ler as ardentés páxinas de *El primer loco*: traballo breve, apaixonado, cunha finalidade, e aínda puidera dicirse cun obxecto práctico que escapou á crítica. Máis que un conto, é un estudo psicolóxico, en que, á maneira que empeza agora a se entender que deben ser escritas as novelas, descríbese un estado da alma e estúdase unha paixón. Non hai verdadeira fábula polo tanto, e a que hai estorba. Flota o heroe entre o real e o ideal, entre o que é e o que cre ser, entre o sentimento da suprema xustiza que o anima e goberna, e a inxustiza declarada dalgunhas das súas accións. Mais no fondo, aparece en toda a súa plenitude e sufrindo as consecuencias do seu estado moral, como un home que toma as súas visións por realidade,

des, e cuxa diaria e viva exaltación, raiana da loucura, non lle permite portarse como cordo.

As contadas páxinas en que se desenvolve a acción, son ás veces dunha elocuencia magoante. A alma vehemente do heroe preséntasenos atormentada por unha constante visión: para el non hai no mundo máis que unha idea, un punto claro e brillante, ela. É un atleta que loita brazo a brazo cun inimigo imaxinario, ao cal non é posíbel que venza. Porque este inimigo invisíbel, mais sempre presente, é o seu propio corazón.

O mesmo amor á terra natal que inspirou os seus versos galegos, anima tamén os que escribiu en castelán. Todo é neles igual, a nota, a cor, o perfume, a luz, mesmo o triunfo acadado: triunfo que xa non pode ter aos seus ollos os dourados resplandores doutrora, pois achouna de novo triste, ferida polo mal, prostrada e sen consolo. Estas poesías, escritas ao pé do río que baña os campos en que pasou a súa infancia e nos cales se reflicten como nas ondas as paisaxes que bordan as súas beiras, están cheas das antigas amarguras que parecían presaxiar as dores que hoxe aflixen. As rosas da súa infancia medran nas roseiras que coida baixo os ceos amados, os ventos da ría deloíran a veiga, os montes que ve desde a súa xanela son os mesmos que vía noutros tempos; todo é igual, só que faltan ao seu arredor algúns seres, e no seu corazón moitas esperanzas; só ela, sendo a mesma, é distinta. Nos seus ollos non se reflicte xa outra luz que a do mal que a consome e aniquila.....■

<sup>1</sup> Naceu na casa do Camiño Novo, que fai esquina á estrada de Conxo, casa que,

sendo propiedade dos avós do Sr. Romero Ortiz, é posíbel que nacesse nela tamén aquel home público. En Padrón viviu na rúa que leva o nome do poeta máis insigne que produciu esta vila, do autor de *El siervo libre de amor*.

<sup>2</sup> Ernestina Dronet. - *A un sceptique*.

<sup>3</sup> O galego non é dialecto do castelán, senón idioma. Se se quere considerar como tal dialecto, faise forzoso dicir que o é do portugués.

<sup>4</sup> F. de Paula Canalejas, no seu artigo crítico dos *Cantares*, saudou a autora como unha esperanza da lírica española. *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*, dirán se aquel ilustre e malogrado escritor se equivocou no seu xuízo.

<sup>5</sup> Tamén detiveron á autora os límites impostos polo editor, que non quería arriscarse a máis do posíbel, cun público ao cal se daba por primeira vez un volume de versos en galego. A non ser por esta especial circunstancia, o seu libro tería acadado aquel desenvolvemento necesario, para que respondese por enteiro aos propósitos que abrighaba a autora, que non eran outros que os de dar vida e acción ás múltiples escenas, paisaxes e mariñas de Galiza, así como a todo canto se refere ás cousas dos homes que a poboan e ás paixóns que os dominan.

<sup>6</sup> Non hei de calar que moitos dos seus versos pasaron de tal xeito ao dominio público, que entre os contos populares que recollín viñeron bastantes dos seus, atribuídos xa á musa popular. Nun sermón de entroido na Coruña, intercalando o seu autor nel a glosa de S. *Antonio bendito*, a moitedume, que descoñecía semellantes versos, desatouse en aplausos, e pediu unha e dúas veces a súa repetición. E digo descoñecía, porque aínda non se fixera a segunda edición do libro, e a primeira apenas corría máis que entre uns poucos. Outro tanto aconteceu en Madrid. Representábase o sainete de Don Juan de la Cruz *Las castañeras picadas*, e ao que facía o papel de mozo de corda ocorréuselle recitar en certa escena, no canto dos versos do autor, os de *Adios rios, adios fontes*, que se fixeron repetir catro veces por xentes alleas ao país galego.

# Ignotus

## A. R. C.

Manuel Murguía

[Tradución de Diego Pardo Amado]

Toda a miña vida lembrarei aquela inesquecible noite en que se deu a primeira representación de *Dalila*, drama inmoral segundo uns, moral até non sei onde, segundo outros, mais para ti, para min, fermoso sempre e completo no seu conxunto e os seus pormenores, e sobre maneira grato ás nosas almas polas lembranzas, que nelas erguían e pola doce auréola de poesía que o circunda. A obra de Octavio Feuillet, era entón analizada e discutida con igual encarnizamento que hoxe as de Zola. As mesmas queixas, os mesmos argumentos, a mesma defensa. Non se dirá que os tempos cambian, nin que o home é un animal mudábel por propia vontade.

Eu falárame xa do *Proverbio* e o drama non era máis que aquel, descartado dalgunhas escenas imposibles no teatro; polo mesmo, cando concluído o primeiro acto me acheguei ao teu palco e a conversa se fixo xeral e falouse, como se falaba daquela da obra, puiden preguntarche.

-Que che parece?

-Gústame moito! Dixéchesme, e entón ocupámonos do primeiro acto e as nosas observacións dirixíronse aos personaxes do drama, ao que coñeciamos de antemán, eu polo *Proverbio*, ti o que del che falara.

Desde logo conviñemos en que a filla de Sertorio o mestre de música, é unha fermosa e xemente figura que pasa sobre o libro como unha branca sombra, prestando o perfume e castidade necesarios ao cadro terrível que se desenvolve nas súas páxinas e ao cal, faltando ela, falta a poesía, falta todo o bo, a alma purísima daquel corpo corrompido.

Falamos de Carnioli, innobre figura, a un tempo de bufón e de insensato, destinada polo autor a derramar sobre as máis tristes escenas un raio de alegría, a lle dar o seu forte claro-escuro, a pór unha nota sorrinte naquela grave sinfonía. Ao ouvirlo non sabe un dicirse, se debe chorar ou rir, se ha de se queixar ou non, cando as súas palabras lixeiras como o epigrama grego, e punzantes




Cadro de Murguía conservado na Casa-Museo de Rosalía

como unha verdade desconsoladora, caen rápido sobre o noso corazón deixando nel cravada a vivente frecha da súa ironía. Da princesa... da princesa dixemos pouco e esquecémola axiña: mais ao pronunciar o seu nome, lembramos a Roswein, artista a quen o luxo e a fermosura embriagaron un momento. E digo un momento, porque o xenio pode pór o pé no abismo e deixarse tragar por el, mais iso, só de repente, cando os ollos ce-

gos para o perigo non o visen, cando a súa alma non se teña podido dar a si mesma a voz de alerta.

Carnioli achara o artista nas montañas de Albania cando Roswein non era outra cousa que un pobre pastor de ovelas, un rapacete bastante torpe para que, a pesar dos doces sons que arrincaba á súa frauta, deixasen de se afastar do seu carón e de esquecerlo; porque nin atraía o gando, como os pastores das églogas, nin detiña os



viaxeiros que cruzaban polos salvaxes e poéticos desfiladeiros albaneses. Precisábase un Carnioli, un monomaniaco, que arrincase á miseria e ao esquecemento, aquela perla cuberta de terra e abandonada no corazón dunhas montañas descoñecidas.

-Meu Deus! -díxenche cando falamos da verosemellanza e realidade daquela primeira figura do dramacantos xenios como Roswein se terán perdido, por non ter achado no seu camiño ninguén que os comprendese, e soubese o que valían, e moitas veces porque eles mesmos non se coñecían sequera! - Tanto é iso certo, respondeches, que che vou contar o que presenciei en Santiago no tristísimo inverno de 1853, ano fatal para Galiza, en que a fame fixo baixar ás nosas cidades, como verdadeiras hordas de salvaxes, homes que xamais pisaran as rúas dunha poboación, mulleres que non coñecían outros horizontes que os que se estendían perante as choupanas erguidas na máis afastada soidade: verdadeiros lobos que non abandonan o seu tobo, senón nos días das grandes desolacións. Todos os días, novas horas de angustias traían ás nosas prazas e rúas, bandas de infelices famentos, que de porta en porta, ían deman-

A prensa da emigración estivo sempre atenta á figura de Rosalía e Murguía polo que representaban de recuperación da identidade e autoestima dos galegos

dando pan para os seus fillos moribundos, para as súas mulleres extenuadas pola miseria e o duro da estación. Os seus xemidos chegaban ao máis fondo e conmovían os corazóns máis insensíbeis. Era unha escena de dor que se renovaba a cada momento, unha ferida que o tempo ensanchaba, recrudecía e facía insoportábel. Caían polos camiños, e nas rúas da cidade. Outros morrían na soidade da súa casa deserta. Fai falta velo para saber o que era aquela multitude, sempre crecente, sempre famenta e escualida, que, como as ondas do mar, ruxía xordamente erguendo as mans en aceno de súplica, mostrando desesperada as chagas que a cubrían. Nin un anaco de pan para se sustentaren, nin un farrapo para cubrirírense, nin unha esperanza no seu ceo para se animar e soportar o azou-te que a dezmaba. Repetíase a eterna lección na nosa historia, e as herbas dos campos voltaban a servir de alimento á xente campesiña. A gran caridade dos seus irmáns non era suficiente. Aos que perdoaba a fame, dezmáboas a febre; aos que Deus daba forzas para resistir, non lles deixaba bágoas nos ollos para chorar as diarias aflicións. Non sei como puido resistir o noso país tan supremas do-

res. Fai falta pensar que este pobo sufrido encerra tan gran dose de enerxía e de recursos que lle é permitida a seguridade de non sucumbir xamais ao dobre flaxelo da fame e da peste: que é tan sensato, que sabe soportar as maiores desgrazas sen que a ameaza veña aos seus labios. Porén, confeso que se durase máis tempo todo, non sei o que vomitaría aquel preñado de tempestades; o que darían de si aqueles días sombrizos e sen consolo posíbel. Queira o ceo que non volten a amanecer para Galiza! porque estou seguro que acabada xa a paciencia, se os indecisos chegan a se arriscar, darán ao mundo un terríbel exemplo e dirán con dolorosa elocuencia do que son quen, cando estouran as cóleras dos pobos que sen se queixaren, sufriron tanto como o noso. Asegúroche que é posíbel describir, con toda verdade, aqueles rostros descoñecidos, aqueles seres que falaban unha xerga<sup>1</sup> inintelixíbel, até para os que falabamos galego. Comprendo desde aquela, o estupor da Europa romana, cando os bárbaros se desbordaron sobre ela, igual que un río caudaloso saído da marxe. Traxes, costumes, fisonomías, modulación de voz, todo era novo para nós. As montañas de Galiza, ben o sabes,



Fai falta pensar que este pobo sufrido encerra tan gran dose de enerxía e de recursos que lle é permitida a seguridade de non sucumbir xamais ao dobre flaxelo da fame e da peste



son un deserto a onde non se chega nunca e do cal todo se ignora. Dixéronme que alí se garda en toda a súa pureza os nosos antigos costumes, e créoo: ouvín daquela cantos populares que daban a coñecer un pobo poeta. Cantos cheos de sensíbel tenrura, descoñecida entre nós. Ouvín os seus aires ¡que música máis en consonancia coa letra! e que máis ben dixese aos que saben sentir, de que lugares era orixinaria! Flotaba ao noso arredor como o rumoreo da tarde, xemía como o vento que pasa por un desfiladeiro; tiña toda a frescura daqueles cumios cubertos de neve, era misteriosamente sinxela, como os costumes das xentes que as habitaban. Que novos mundos se descubri-

ron ás miradas investigadoras que todo o observaban, mídeno todo e nada esquecen!... Aqueles días de loito serviron moito ao noso país: acostumárono a confiar menos na providencia, que sen ser menos xusta por iso, púxoas máis unha vez á beira do sepulcro.

En tan amargos días achábame eu na miña casa, onde se reuniran algúns amigos da familia, e falábase daquela dos temores que se abrigan de que unha nova desgraza viñese a facer maior a que estabamos a sufrir. Despois da fame, a peste a súa irmá xemelga, despois delas a emigración.

Sorpredeunos aquel día, cando máis enguedellados estabamos na

conversación, unha música estraña e nunca ouvida. Os sons saían dun instrumento máis descoñecido que a mesma música. Parecía unha frauta, mais os seus acentos eran máis apagados, non parecían modulados por un ser humano. Escoitamos todos; era aquilo un verdadeiro tesouro de inspiración. Notas arxentinas, caendo como perlas sobre un escudo de metal sonoro, vibraban, estendíanse, semellaban o vento a xemer entre as pólas, ondas que batían contra as rochas en solitario lugar, paxaros que cruzaban polo oculto dun bosque que non pisa pé humano. Música ideal, fresca, nova, que tomaba as súas imaxes da natureza, mais dunha natureza virxe e descoñecida para nós. Asomamos á xanela, porque os estraños sons viñan da rúa, mais a rúa estaba deserta; ollamos as xanelas das casas de enfrente, mais estaban abertos e baleiros os cuartos. Voltamos a escoitar e desta volta crimos que a música soaba dentro da nosa mesma casa: novas e inútiles investigacións case nos fixeron desistir do empeño de achar o misterioso modulador de tan sublimes cantos. Houbo un momento en que nos dixemos. –É forzoso saber de onde veñen tan harmoniosos sons!

E asomámonos á xanela. A rúa estaba deserta, só un neno farrapento, un aldeaniño de quen ninguén facía caso, acurrunchado ao pé da nosa porta, tendía a sucia man aos transeúntes. Non dicía unha palabra, parecía faltarlle a un tempo a vontade e a voz para demandar a esmola, no nome daquel que tanto ama as súas criaturas.

Non sei quen dixo: -Será ese neno?

Estas palabras chamaron ao meu corazón dunha maneira tal que me dixen: -Si, ese é!

Deixei a sala, baixei sorrindo e achegueime ao pobre neno, e tocándolle no ombro pregunteille. –Que fas aí?

O pobriño volveu a cabeza e fitoume cos seus grandes ollos. Xamais esquecerei a expresión de estra-



ñeza e de ansiedade que se reflectiu na súa mirada. Apenas puido erguerse, e murmurou, mellor dito berrou algunhas palabras das cales só entendín, *pan, nai, Deus*. Santa Trindade en quen o desventurado puxera toda a súa esperanza.

Collino da man e subín con el, máis contento que se acabase de atopar un tesouro. Metino na cociña, fíxeno tomar algúns alimentos, e aquel pobre neno sentiu que a vida voltaba a animalo.

-De onde es? pregunteille.

-Da montaña, -respondeume.

-Quen te trouxo aquí, meu fillo?

-Ninguén! Morreu miña nai *que andaba a pedir*<sup>2</sup> e nós viñemos porque na aldea ninguén nos daba.

Díxome despois que tiña un irmán que menos idade ca el; desgrazados nenos, fillos da miseria, que amargamente mercan as vosas nais o pracer da maternidade!

-Que facías á porta?

-Nada!

-Non pedías?

-Non señora. Púxenme a asubiar como facía na montaña para que nos desen pan. Mais ninguén se achegou a min. Tiña fame e sono e non puiden seguir asubiando: non me daban nada... E os ollos daquel infeliz asolagáronse de bágoas. -Tiña medo, lembrábame de miña nai, proseguíu...

Eu non puiden resistir a tan sinxela expresión de dor, e chorei tamén. Aquelas palabras, triste queixa dun inocente e dun desamparado,



caeron sobre o meu corazón como pingas de lume.

Presenciei despois escenas conmovedoras, en que o sufrimento era tan grande que parecía que o corazón ía estourar en mil anacos, mais ese sufrimento só trouxo á miña alma o medo, nunca aquela doce simpatía, aquela santa compaixón e vaga tristeza que se apoderou da miña alma á vista daquel infeliz... Apenas se os farrapos cubrían as súas carnes queimadas pola intemperie,... mais dixeran mal as súas carnes, cando el na realidade non era máis que un esqueleto, cuberto con algo que o fixese menos repugnante á vista.

Cando entrei na sala, todas as olladas se dirixiron cara a min como a preguntar:

-Que é iso?

-Aquí está señores, dixeran daquela, o músico sublime a quen hai pouco desexaban coñecer.

E erguéronse e arrodeárono e fíxéronlle mil preguntas, e o que foi para el máis axeitado apresuráronse a deixar na súa manciña, algunhas moedas de cobre que poucas veces vira xuntas e outras de prata que non vira nunca. Foi para el a mellor colecta da súa vida; estou seguro que non volveu ter outra igual na vida.

Era preciso velo para saber os sentimentos que podía inspirar. A súa figura traía o riso aos labios a pesar da gran compaixón que a súa soa vista facía nacer nas nosas almas. Era pequeno, fraco, a cabeza máis desenvolvida do debido, a mirada intelixente, viva aínda que envurullada por un non se sabe que de precoz que afundira nas súas órbitas os grandes ollos negros que tanta expresión daban ao seu rostro. O nariz era fino e ben delineado, a boca grande, pálidos os labios, a cor indefiníbel. Mais

o que lle daba un verdadeiro aspecto salvaxe, -e non creas que exaxero eran os seus cabelos encrespados como as púas dun porco espiño. Pobre neno!

Vestido xa coa roupa que lle demos, e o que era mellor para el, repostado algún tanto o seu estómago, fíxémolo asubiar, cousa doada para o inocente, cando iso era o seu oficio. Daquela foi cando voltamos ouvir aquela música nunca ouvida que tanto nos sorprendera, aqueles sons docísimos que non criamos puidesen saír de semellantes labios. Que notas! Que ritornellos! Que vibracións! aseguro que non ouvín xamais cousa parecida. Os aires máis populares do noso país tiñan dobre encanto ouvíndollos a el. Os das súas montañas, eran melodías fresquísimas, que a un corazón sensíbel, levábano, atento, comprimido, anhelante, dun lado ao outro seguindo as ondulacións do canto.

Mais o que nos conmoveu profundamente, o que fixo sentir algo máis que a compaixón que inspiraba aquel pobre aldeaniño, foi, cando esquecendo todo, o sitio e a ocasión, cren-do acharse nas súas soidades, soñando con elas talvez, tivo un momento de inspiración e deixou ouvir as ignotas e melancólicas harmonías. Nada había nelas que lembrase outros motivos, era unha música nova, un verdadeiro tesouro de agarimo, de vaguidade, de tristeza. Así a deberan compor as súas primeiras melodías os primeiros músicos de todos os pobos! Que sinxeleza! Canta poesía naquelas notas soltadas ao acaso por aquel paxaro errante que unha vez fóra do niño, soña con el e deixa fuxir o seu queixume, a súa pregaría, o seu cántico de amor, para que o home non o esqueza xamais.

-Estas son cousas que eu fago! Respondeu sinxelamente aos que pasmados de ouvido, preguntábanlle quen lle aprendera todo aquilo. Así debeu de responder Zurbarán, cando era pastor aos que lle fixeron igual pregunta ao ver os seus debuxos.



E porén, estrañáronse da súa resposta, ollándose os uns aos outros, como quen pide permiso para crer nas palabras daquel neno, que descoñecía a gloria do xenio e a necesidade dos que queren pasar por tales. Eu pola miña banda non dubidei, era demasiado neno e demasiado salvaxe, para coñecer a vaidade. Ficaba porén unha dúbida na miña alma.

-Será un inspirado, díxenme, víronse tantos que empezaron deste xeito!

E para me asegurar separeime do seu carón e collendo unha guitarra inglesa que tiña ao lado preludei a fermosísima barcarola da Estranxeira. Naquel instrumento máis sonoro que a nosa guitarra, as notas parecían vibrar sobre a auga adquirindo así dobre flexión e por tanto maior harmonía e encanto. Ao escoitar as primeiras notas, o salvaxe rapaz estremeceuse como asombrado, buscando coa vista o que tocaba, e vendo que era eu púxose resoltamente cabo de min, sen que o detivese o receo do sitio e das xentes entre quen se achaba. Escoitando atento e con visíbel emoción, mirábame cos seus grandes ollos, e parecía dicirse algo a si mesmo, caéndolle as bágoas unha

a unha, ao longo das súas descarnadas meixelas.

Ah! Suspirei entón, este neno é un verdadeiro músico!<sup>3</sup> E para me convencer máis puxen sobre o sofá a guitarra e fixen aceno a todos para que o deixasen só.

Sáímos e el ficou na sala. Ben axiña vímolos ollar atentamente pero sen atreverse a pór sobre ela as súas mans, aquela caixa sonora onde acababan de resoar os conmovedores sons, despois feriu de golpe as cordas e lanzaron estas o seu longo queixume. Un movemento nervioso axitou os seus músculos, as bágoas saían dos seus ollos máis abundantes e cando a última onda sonora se apagou e ficou todo en silencio, voltou a ferir unha corda. Vibrou esta, un son longo e cadencioso deixouse ouvir, o salvaxe artista escoitou atentamente, e despois voltou a ferir outra corda e tornou a escoitar e así bastante tempo.

A miña proba era segura, para min aquel aldeán era un verdadeiro músico.

Houbo entre os circundantes quen falou de que semellante tesouro non debía perderse, que debía ficar na cidade e aprenderlle que sei eu cantas cousas máis!... O único que sei é que ao saír da miña casa xa se esqueceran.

Só nós lle dixemos:

-Virás xantar aquí todos os días.

E voltou, mais estou tentado a crer que non tanto na procura de alimento, como para ouvir aquelas estrañas melodías que tanto o encantaran. Porque entre todas nós, a min era a quen procuraba e prefería. Éme imposible lembrar agora as palabras e as súplicas con que me rogaba que tocase, nin a atención con que escoitaba, nin a fidelidade con que gardaba na súa memoria a música que lle faciamos ouvir; só lembro que téndolle preguntado nunha ocasión a quen quería máis de todas nós, respondeu sen vacilar que a min. Excusado será dicir o porqué da súa predilección.

Unha mañá veunos dicir, adeus!

Non sei que vaga tristeza se apoderou da miña alma, pois todo me dicía que era a última vez que o vía. Non dubidei un momento de que aquel xenio inculto, que arrebolado polas ondas, chegara unha vez ás ribeiras do mundo, se perdía para sempre, o día en que voltase ao seu mar, ás súas montañas, ao seu esquecemento eterno.

Queres saber a onde ía co seu irmán cativo, aquela alma poética, aquel artista vagabundo?

A apañar espigas, como Ruth, no campo do rico!... ■

<sup>1</sup> O Sr. D. Xoán Manuel Pintos, que merecía, polos seus grandes coñecementos, ser o autor, do noso descoñecido *Diccionario gallego*, confesábame, que xamais fixera maior acopio de voces que naquel tristísimo *ano da fame*. Se esta ocasión tivese sido aproveitada para coñecer o noso Folk-lore, seguramente que teríamos hoxe podido presentar á consideración de todos, un pasado poético, superior até ao dos mesmo pobos que pasan por poéticos por excelencia.

<sup>2</sup> Frase peculiar con que os mendigos das nosas catro provincias dan a entender que viven de esmola.

<sup>3</sup> Non é este de quen falamos, o único músico, que puidera chamarse inculto, que produciu Galiza. En Santiago, cuxo cabido custeou unha cátedra de música, vive talvez a estas horas, mais de todos modos vivía cara a 1880, un rapaz como de catorce anos de idade, cuxa graza e sentimento para o canto e cuxo volume de voz era tal que chamaba grandemente a atención de cantos o ouvían. Por se vive aínda en dita cidade, direi que por aquel tempo tiña a súa cova na rúa dos Lagartos, e que daquela coidaba dos cabalos dos coches, na Tenencia. Os soldados dábanlle do seu rancho e os rapazotes da súa idade do pan que tiñan, para que cantase. Non se dirá que falta ao pobo o instinto da arte e que non gusta das súas dozuras. Lémbrense os principios de Gayarre, de Uetan, e no noso mesmo país os da Cepeda, e pénsese no que puidera chegar a ser o rapaz compostelán de quen falamos.



Aurora López e Andrés Pociña  
Universidade de Granada

# Para lermos axeitadamente a Rosalía no terceiro milenio

1. Que a poeta galega Rosalía de Castro (1837-1885) foi a máis preclara figura da poesía en lingua galega ata os nosos días, e, a carón da cubana Gertrudis Gómez de Avellanada e da estremeña Carolina Coronado, cima da poesía feminina do século XIX en lingua española, é cousa que xa ninguén discute. As incontábeis edicións que das súas obras poéticas fundamentais, tanto en galego (*Cantares gallegos*, 1863; *Follas novas*, 1880) como en castelán (*En las orillas del Sar*, 1884), ou das súas novelas, ou do conxunto da súa escrita, seguen a ver a luz un ano tras outro son testemuña incontestábel da pervivencia de Rosalía, con independencia do seu inmenso significado como representante exemplar e guieiro ideal de todo un pobo, a nación galega, dende o seu tempo até hoxe en día.

Rosalía segue interesando, aproximadamente un século e medio despois da xestación e publicación das súas obras. Segue a ser lida, e segue a engaiolar as mentes. No entanto esa lectura debe facerse á luz dos moitos avances que a investigación sobre ela experimentou nos últimos cincuenta anos. Nese tempo foise superando a famosa queixa, repetida unha e mil veces, de que non posuímos unha biografía fiable da escritora, debido por riba de todo á existencia de grandes lagoas de información, que se refiren entre outros aspectos á nenez de Rosalía, certos pormenores da súa mocidade, vicisitudes dos primeiros tempos de matrimonio, natureza e cronoloxía das múltiples e diferentes enfermidades que poboan a súa existencia, penurias económicas do seu lar. Moitas destas lagoas na información deron pé, por moitos anos, a teorías máis ou menos verosímiles, e máis ou menos importantes, que van dende os momentos en que se especulaba encol da data auténtica do nacemento de Rosalía, da identidade de seu pai, un crego, do número e do nome dos fillos e das fillas que tivo, etc. Non é preciso lembrar que son



moitos os aspectos que agora podemos coñecer con seguridade, sobre todo grazas á procura e descubrimento de documentos orixinais por parte dunha serie de fervorosos e fervorosas rosalianistas, cuxos nomes e títulos aparecen sempre en publicacións da nosa autoría sobre Rosalía de Castro, porque a honestidade na investigación sempre nos pareceu unha norma primordial e inescusábel; pero aquí só recordaremos tales

nomes en casos imprescindibles, por razóns de espazo.

Imos presentar e comentar somente unha pequena selección de datos novos, coñecidos nestes últimos anos, e que proceden da investigación que vimos facendo en colaboración dende hai máis de trinta anos, e, por suposto, tamén da realizada por outros colegas. De nosa colleita lembraremos, polo seu carácter xeral, os tres longos volumes bibliográficos



Casa museo de Rosalía de Castro

Rosalía de Castro. *Documentación biográfica y bibliografía crítica* (1837-1990)<sup>1</sup>, a nosa edición crítica, a primeira e única até o presente, da súa *Poesía galega completa*<sup>2</sup>, e de forma especial o noso libro *Rosalía de Castro. Estudios sobre a vida e a obra*<sup>3</sup>. Das achegas doutros salientaremos de momento, como esencial, a publicación dos dous primeiros volumes das *Cartas de Murguía*, editados por X. R. Barreiro, actual Presidente da Academia Galega, e X. L. Axeitos<sup>4</sup>, investigador e Académico: nelas atopamos, a miúdo por primeira vez, cantidade de datos sobre a vida de Rosalía e a súa familia, acontecementos privados, publicación das súas obras, opinións de personalidades contemporáneas, etc. As contribucións deste material deben obrigarnos a desmentir, a cambiar, a matizar, velas afirmacións sobre a vida e a persoa Rosalía, que axudarán para construírmos unha imaxe máis auténtica da muller e da escritora e para modificar en aspectos fundamentais a interpretación da súa escrita.

2. Con relación á sempre chea de interrogantes, problemática e controvertida nenez de Rosalía, contamos agora cun dato fundamental, descuberto hai só dez anos e aínda non suficientemente divulgado, que podemos resumir dicindo que en data de 17 de setembro de 1842, cando Rosalía era unha meniña de só cinco anos, vivía xa coa súa nai, dona Teresa de Castro y Abadía, na vila de Padrón.

Este precioso dato foi descuberto nun rexistro de poboación do Concello de Padrón, no ano 1996, por Manuel Pérez Grueiro, bibliotecario do Concello de Neda (A Coruña); alí aparece rexistrada como residente en Padrón unha unidade familiar composta por estas tres mulleres: D<sup>a</sup> Teresa de Castro, a súa filla Rosalía de Castro (*sic*), e a criada María Martínez; indícase tamén que o estado civil de Dona Teresa é o de solteira, e que conta 36 anos de idade.

Daquela é obrigatorio corrixir o error tradicional de afirmar como verdade incontrovertíbel que a meniña, despois de ser bautizada no Hospital dos Reis Católicos de Santiago, naquel tempo hospicio da cidade compostelá, pasara ao coidado da familia do seu pai, criándose en Ortoño, até que anos despois, en data imprecisa, se fixera cargo dela a súa nai. Sabemos agora con absoluta seguridade e sen discusión posíbel que ós cinco anos vivía Rosalía xa coa súa nai, que probablemente nin sequera chegou a separarse da pequena; e coa mesma seguridade é falso que Dona Teresa non a recoñecera como filla e non a levara a vivir con ela até os dez, doce ou máis anos de idade, como decote se dicía e se escribía. Este error sobre a nenez de Rosalía, sobre a suposta covardía e dureza da súa nai (que contrastaba tanto co inmenso cariño que lle profesaba a poeta, posto de manifesto, por exemplo, no libriño poético *A mi madre*, publicado no 1863 con motivo do pasamento de dona

Teresa), e sobre supostos traumas infantís derivados da privación de pai e de nai durante a maior parte da infancia, son moeda corrente nas biografías sobre Rosalía, e mesmo en publicacións recentes, xa que logo moi posteriores ao importantísimo descubrimento de que falamos, cousa absolutamente inadmisíbel.

Deste modo, tocante á nenez de Rosalía segue vixente o serio problema de ser filla de solteira, e para colmo froito dunhas relacións cun crego, mais de ningunha maneira filla dunha nai inhumana, que por vergonza e covardía a abandonaría nos anos decisivos da nenez. Moi ao contrario: aos cinco anos vivía Rosalía coa súa nai, que a fai constar como filla auténtica no padrón do Concello de Padrón, e coa súa filla, aínda moi nova, muda dona Teresa a súa residencia a Santiago, quizais coa razón fundamental de que a nena poda recibir unha educación axeitada, moi superior á que naqueles tempos era normal nunha muller, mesmo de familia fidalga. Moitas afirmacións sobre o carácter de Rosalía e aspectos da súa escrita deben corrixirse á luz destes datos.

3. Até hai pouco, sabíamos da gran afición de Rosalía polo teatro, posta de manifesto por algunhas actuacións dramáticas súas, xa dende moi nova. En 1916, no seu *Discurso de ingreso en la Real Academia Española*, que versou sobre a nosa escritora, Augusto González Besada escribía (segundo a tradución de María Pilar García Negro): “Deron-lle unha educación moi superior á que se costumaba dar ás xovens do seu tempo, aínda ás de nobre estirpe e posición moi folgada, e ela, esta educación. permitiu-lle, en idade moi temperá, coñecer correctamente o francés, debuxar con facilidade, tocar o piano e a guitarra e cantar con afinación. É fama que aos quince anos fixo parte nunha función teatral, que, para fins benéficos, organizou a Sociedade “Liceo de Santiago”, e aos dezasete interpretou o pa-



*La hija del mar*, primeira novela en Castelán

pel de protagonista da *Rosmunda*, de Gil y Zárate, arrebatando ao público, que lle botou frores e pombas”<sup>5</sup>.

Ademais das dúas representacións aludidas, tiñamos moi ben documentada<sup>6</sup> unha famosa actuación de Rosalía, no ano 1860, un ano e tres meses despois da voda con Manuel Murguía e cando Alejandra, a primeira filla da parella, tiña tan só sete meses de idade. Foi en Santiago, o 31 de xaneiro, actuando Rosalía no drama histórico *Antonio de Leiva*, de Juan de Ariza, representado a prol dos feridos en África. O xornal *La Joven Galicia* de Santiago, do día 5 de febreiro, relataba acontecemento deste xeito: “La autora de ‘La Hija del Mar’, la notable escritora gallega ha dado en la noche del martes una cumplida prueba de su talento artístico que el público ha sabido apreciar con repetidos aplausos, llamándola al final al foro a donde se le arrojaron palomas, coronas y le leyeron un bellissimo soneto del joven señor Paz y una composición del señor Seijas que fue unánimemente aplaudida. Leyéronse también una notable composición del señor Castro Pita, que se repartió impresa, y otra del señor Alonso”. Aínda podemos ver agora o *Programa* da representación (por exemplo, na Biblioteca da Fundación Penzol en Vigo).

Até o ano 2000, isto era canto se sabía sobre as actuacións teatrais de Rosalía. No entanto, nesa data, un estupendo descubrimento realizado pola investigadora María Victoria Álvarez<sup>7</sup>, deu á luz o dato importantísi-

mo de diversas actuacións de Rosalía, situadas en datas imprecisas, mais dentro do bienio 1855-1856: en E. H., comedia nun acto, adaptada a escena española por Mariano Pina; queda a dúbida se Rosalía fixo o papel de doña Casta ou o de Luisa; en ¡¡*Vaya un par!!*, comedia nun acto, adaptada do francés por Manuel García y González; a poeta desempeñou o papel de Luisa, único personaxe feminino da obra; en *Un par de alhajas*, comedia nun acto, de Enrique de Cisneros, deu vida ao personaxe da protagonista, doña Petra; en *Un dómine como hay pocos*, comedia nun acto, adaptada por Juan del Peral; Rosalía fixo o papel de Julia de Mendoza; en *El preceptor y su mujer*, comedia en dous actos, adaptada do francés por Luis Olona; Rosalía interpretou o papel de Clara; en *La verdad en el espejo*, comedia en tres actos e en verso, de Antonio Hurtado; Rosalía encarnou a protagonista, doña Isabel de Velasco. Daquela, na actualidade, sen necesidade de supor nada nin facer arriscadas conxecturas, sabemos que Rosalía non só amaba o teatro, senón que subiu moitas veces ós escenarios cando era nova; sabemos, tamén, da estupenda acollida das súas interpretacións polo público.

Isto lévanos a unha conxectura de moito interese biográfico: segundo é sabido, no mes de abril de 1856 Rosalía marchaba para Madrid, onde ía vivir na casa da súa parente dona Josefa Carmen García Lugin y Castro, na rúa da Ballesta, número 13, baixo, perto do actual edificio da Telefónica. Algunhas veces pensárase que quizais Rosalía fora a Madrid coa intención de probar fortuna no teatro como actriz. Agora pensamos con maior razón que é moi posíbel. É certo que non era unha profesión axeitada para unha rapaza de boa familia, de casta fidalga para sermos precisos exactos; mais cómpre non esquecer que Rosalía foi sempre unha adiantada de fronte ás normas do seu tempo.

De todas as maneiras, malia non conservarmos obra teatral escrita por

Rosalía, a súa habelencia para a expresión en diálogo, tanto na obra en verso como en prosa, cadra moi ben nunha escritora que, como sabemos agora con toda seguridade, amaba profundamente o teatro, e a miúdo subiu aos escenarios como intérprete.

4. Tocante á formación cultural de Rosalía de Castro, resulta claro que é asunto de enorme transcendencia, sobre todo dende que, xa ao pouco do seu pasamento en 1885, comezou a desfigurarse a súa imaxe auténtica, que sempre resultou politicamente perigosa, para convertela na “santiña”, na cantora inspirada das belezaas de Galicia, na mulleriña puro sentimento e pouca formación, que escribía insuperábeis poemas só por pura intuición e inspiración divina, etc. Belezas deste teor escribíronse en moitas biografías e ensaios sobre Rosalía; o peor e que aínda seguen escribíndose, mesmo en publicacións de data moi recente.

No ano 1959, aparece en Lugo un libriño, *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*, que era o Discurso de ingreso na Real Academia Galega, lido o día 17 de maio de 1958, por don Ricardo Carballo Calero<sup>8</sup>, o meirande investigador de Rosalía de todos os tempos. O insigne profesor estuda e rastrea na escrita da nosa poeta a pegada das súas lecturas destes autores: Espronceda, Aguirre, Murguía, Trueba, Camoens, Heine, Bécquer, Campoamor, Selgas, Hoffmann, Ros de Olano, Byron, Lérmonov, Poe, George Sand, Díaz Corbelle, Ferrán, Ruiz Aguilera, e aínda algúns máis. Daquela, despois do documentadísimo Discurso de Carballo Calero e despois da súa publicación, ninguén que tivese, ou que teña, un chisco de sentidiño podía ou pode seguir falando da incultura de Rosalía.

Xa naquelas datas sostiña Carballo Calero, moito antes de ser achado o documento sobre a nenez de Rosalía que antes comentamos: “Hai un intre en que dona María Tereixa da Cruz de Castro e Abadía asume púbri-

## Dende sempre sabemos que o máis culto dos tres grandes poetas do Rexurdimento da literatura galega, Eduardo Pondal, tiña verdadeira devoción pola persoa e pola obra de Rosalía



Rosalía segue a ser un punto de referencia central da nosa cultura

ca e valerosamente os seus deberes de nai, e Rosalía reside en Santiago. Bouza Brey cree que denantes de 1852 debéu de comenar a recibir educación en Compostela, e sospeita que durante a súa estancia nisa cidade poido frecuentar as aulas da Sociedade Económica de Amigos del País, que sustentaba, con moitas outras, cadeiras de música e deseño. En 1853 Rosalía sabía tanxer a guitarra, segundo a testemoia de Murguía, e amosaba grande interés pola música. Sabemos tamén que deseñaba, afeición que transmitiu aos seus fillos Aleixandra e Ovidio. Rosalía frecuenta o Liceo de San Agustín, onde se relaciona con Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Luis Rodríguez Seoane, e, segundo iste derradeiro, co propio Manuel Murguía [...]. Se é verdade que escribía versos dende os oito ou os once anos, é natural que continuara escribindoos ininterrompidamente<sup>9</sup>.

Daquela non a menor dúbida sobre a gran cultura de Rosalía, semellante á dos escritores-homes do seu tempo e, dende logo, moito máis grande do que era normal nunha muller do século XIX. Isto que estamos a dicir xa se sabía a mediados do século XX, e que algunha xente persista en escribir que Rosalía era unha po-

bre aldeá de escasas letras, mais de inmensa inspiración, produce vergoña e rabia.

Agora dispomos, ademais do testemuño principal sobre a súa cultura que é o conxunto da súa escrita, de moitos datos que amosan o respecto que espertaban nos tempos de Rosalía as súas obras, a súa cultura, a súa autoridade literaria. Proceden en boa parte das *Cartas a Murguía* de que falamos antes, sobre todo do volume II, que comprende as cartas correspondentes aos anos 1868 a 1885.

Dende sempre sabemos que o máis culto dos tres grandes poetas do Rexurdimento da literatura galega, Eduardo Pondal, tiña verdadeira devoción pola persoa e pola obra de Rosalía. En *Cartas a Murguía* atopamos varias dirixidas por Pondal a Rosalía e ao seu home nas que o bardo bergantiñán confesa o respecto e admiración que sente pola autoridade literaria de Rosalía. Recordaremos só dúas mostras:

Carta do 31 de marzo de 1864 (Pondal a Rosalía): “Por lo demás, mucho deseo que U. siga buena, curada completamente de sus antiguos males, para que U. pueda ser feliz y dedicarse a trabajar en nuevas pro-

ducciones; pues por lo que a mí toca (y mi juicio valdrá poco), doy a U. el primer lugar entre los jóvenes gallegos que se dedican a la literatura y también entre la mayor parte de los hombres que en nuestro país se dedican a ella. Si está pues buena, y no le hace daño, trabaje, y denos a leer buenas cosas”<sup>10</sup>

Carta do 18 de maio de 1884, pouco despois de publicarse *En las orillas del Sar* (Pondal a Rosalía): “Mi muy estimada y distinguida amiga: ávidamente, y con un placer indecible, he leído las estrofas de su última colección poética, *En las orillas del Sar*. / Excuso decir a V. que todas, todas, me parecieron muy bellas; y aun cuando sus brillantes trabajos anteriores no vinieran en su abono, el que ahora nos presenta, bastaría por sí solo a manifestarla, no como poetisa, sino como poeta insigne. / Da a V., pues, su mas cumplida enhorabuena y las más expresivas gracias por su fina atención este su sincero amigo”<sup>11</sup>.

Desta consideración tan devota de Pondal, pasamos á expresada por dúas mulleres moi significativas no panorama cultural español do século XIX. A primeira delas é nada menos que Pilar Sinués de Marco (1835-1893), escritora que ten o mérito, relevante sobre todo para o seu tempo, de dirixir a famosa revista *El Ángel del Hogar*, publicada en Madrid. Véxase con canto interese pide a Murguía que interceda ante Rosalía para que lle mande unha colaboración para a súa revista, en carta do 18 de marzo de 1866: “Terminado ya este asunto, quiero pedir a U. el favor de que me envíe alguna cosa para *El Angel*, y será doblada la merced si la acompaña alguna otra de su apreciable Sra., cuyo talento he admirado siempre que he visto alguno de sus libros y tiernas poesías: suplico a U. ofrezca mi consideración y amistad e interponga sus buenos oficios para que favorezca alguna vez mi pobre semanario, que enviaré a Ustedes”<sup>12</sup>.

A outra muller importante á que aludimos é Emilia Serrano, Baronesa

de Wilson (1845-1922), escritora e unha das mulleres máis destacadas do seu tempo no eido cultural e político. Nunha carta a Murguía do 20 de marzo de 1867, loaba deste xeito os *Cantares gallegos* de Rosalía: “He tenido ocasión de leer algunas entregas de su notable Historia de Galicia y también en Lugo, tuve un gran placer en leer los cantares gallegos de su esposa, en los cuales y en particular en su introducción, hay mucho amor a su país y nobles y elevados pensamientos”<sup>13</sup>.

Poderíamos seguir moito tempo amosando casos de escritores e homes famosos na vida cultural galega e española do século XIX que gaban a Rosalía como muller esencial na literatura e na cultura daquel tempo. Non temos o espazo preciso, mais lembraremos dúas testemuñas ignoradas ata agora, que corresponden aos cultos pais de dúas figuras primordiais da literatura española, Ramón del Valle-Inclán e Antonio Machado.

Entre xuño e xullo de 1867 aparece en Lugo a mellor das novelas de Rosalía, *El caballero de las botas azules*, na que a escritora brilla como excelente coñecedora e crítica da sociedade española non galega e do Madrid do seu tempo. Aa novela supuxo un avance moi importante da narrativa española do século XIX, e agora, cada vez máis, acadada eloxios nos estudos de historia da literatura, malia que segue a ser unha obra de lectura non sempre comprendida. Por eso, resulta moi sorprendente a loanza que lle tributa, medio ano despois de publicada, Ramón del Valle Bermúdez, o pai de Valle-Inclán, nunha carta a Murguía do 24 de xaneiro de 1868; nela, con moito tino, supón que a novela vai resultar polémica: “Mi muy querido amigo: al acabar de leer ayer noche la interesante novela *El caballero de las botas azules*, que no había tenido el gusto de ver antes porque sepultado en este destierro he ignorado mucho tiempo esa publicación, había formado el propósito de escribir a U. hoy, [...] tenga la bondad de felicitar a su Sra. por el excelente libro que aca-



Pondal escribindo a última estrofa dos Eoas. Sinala a revista na que sae a foto a curiosidade de que este autor escribía de pé as súas composicións poéticas


ba de publicar. Ignoro cual pueda ser la acogida que halle en el público y cual fuese el juicio que de él hubiesen hecho los críticos, lo que importa muy poco tratándose de expresar la impresión que he sentido al leerlo, en lo que por lo demás no hubieran influido aquellas circunstancias ni poco ni mucho; pero creo que si no me ciega el afecto o no soy muy negado, ese libro tiene que alcanzar un éxito extraordinario”<sup>14</sup>.

Doutra parte, no volume II das *Cartas a Murguía* temos estupendas mostras da gran amizade epistolar que manteñen Manuel Murguía e Antonio Machado Álvarez, pai do famoso poeta homónimo. Desas cartas lembraremos só unha, do 20 de abril de 1881, escrita en Sevilla, que reflicte a súa crítica positiva do meirande libro poético de Rosalía, *Follas novas*, aos poucos meses de ser publicado: “Recibí a su tiempo su larga y afectuosa e instructiva carta y bastante después el magnífico libro *Follas novas* que hice anunciar repetidas veces en la Enciclopedia y que trasladé a un distinguido literato amigo mío para que hiciese un extenso juicio de ella, siendo esta la hora en que ni ha hecho el juicio ni fuera devuelto el libro. Dé U. en mi nombre un millón de gracias a su Sra. y pídale un millón de perdones por mi falta de energía de no haber arrancado el libro de mi amigo y haber hecho yo su crítica, aunque fuera más desautorizada”<sup>15</sup>.

Rematamos este aspecto, anque pagaría a pena falar moito máis del,

pois non debe aturarse tantas inexactitudes e parvadas que seguen a dicirse con relación á cultura de Rosalía. A este propósito, preguntamos aos que dúbidan dela e, cousa aínda peor, atrévense a dicilo por escrito: ¿que figura literaria “inculta”, do século XIX, colabora, ou é obxecto de recensións eloxiosas, xa en vida, en tantas revistas literarias e culturais como o foi Rosalía? Velaí senón a lista cronolóxica das revistas nas que publicou, ou que faloron dela e da súa obra: *La Discusión* (Madrid), *El Museo Universal* (Madrid), *La Iberia* (Madrid), *Galicia* (Madrid), *El Contemporáneo* (Madrid), *El Avisador. Diario independiente* (A Coruña), *La Soberanía Nacional* (Madrid), *El Angel del Hogar* (Madrid), *Revista de España* (Madrid), *Lo Gay Saber* (Barcelona), *El Correo de Galicia* (editado en Ourense), *Revista Galaica* (O Ferrol), *El Heraldo Gallego* (Ourense), *La Renaixensa* (Barcelona), *La Ilustración Gallega y Asturiana* (Madrid), *Revista de Galicia* (Santiago), *Faro de Vigo* (Vigo), *Gaceta de Madrid* (Madrid), *Gaceta de Galicia* (Santiago), *La Ilustración Catalana* (Barcelona), *La Voz de Galicia* (Montevideo), *Los Lunes del Imparcial* (Madrid), *La Nación Española* (Buenos Aires), *Época* (Madrid), *El Porvenir. Diario democrático-progresista* (Madrid), e, por último, a revista italiana *La Rassegna Nazionale* (Firenze), que publicou o 1 de xullo de 1885 unha noticia moi gabanciosa de *En las orillas del Sar*, que chegou á casa de Rosalía, en Padrón, o mesmo día do seu pasamento, segundo relata Manuel Murguía.

5. No ano 1985 celebrouse o Centenario da morte de Rosalía cunha serie de homenaxes, entre os que brillou de modo especial o “Congreso Internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo”, tido os días 15 a 20 de xullo en Santiago de Compostela e outras cidades galegas; as *Actas de Congreso*, publicadas en tres volumes, quedan como testemuño imperecedoiro da importancia daquel acontecemento, e como xoia da bibliografía



Manuscrito de poemas de Rosalía

rosaliana. É por aqueles tempos cando estudiosos, mais sobre todo estudiosas, do mundo enteiro comezan a insistir na reivindicación do feminismo de Rosalía, moi presente na súa obra, cousa que agora, vinte anos despois, xa conta con moitos estudos serios e profundos. Falta aínda, en cambio, unha revisión máis ampla e axeitada do papel de Rosalía como propulsora de ideas nacionalistas. Digamos algo a este respecto.

Xa dende a publicación de *Cantares gallegos*, en 1863, Rosalía comezou a ser obxecto de unha mitificación e unha deformación moitas veces recordadas, porque ela resultaba politicamente “perigosa”. Nós tivemos a fortuna de que nos fose confiada a edición crítica, realmente a primeira edición crítica, de toda a poesía galega de Rosalía, que foi publicada en dous volumes por Edicións Sotelo Blanco, en 1992 e 2004. Pois ben, *Cantares gallegos* sae en Vigo, en 1863, mais o cantar 15, “Adios, ríos; adios, fontes”, aparecera dous anos antes en Madrid, na revista *El Museo Universal*, onde levaba por título “¡Adios qu’eu voume!”. No poema, o eu-poético que lamenta que ten que abandonar Galiza, na edición de 1863 di:

Mais son probe e ¡mal pecado!  
A miña terra n’é miña,  
Qu’astra lle dán de prestado  
A veira por que camiña  
Ô que naceu desdichado.

No entanto, no texto publicado en *El Museo Universal*, a queixa era moito máis dura, pois a continua-

Xa dende a publicación de *Cantares gallegos*, en 1863, Rosalía comezou a ser obxecto de unha mitificación e unha deformación moitas veces recordadas, resultaba politicamente “perigosa”

ción desta estrofa ía outra que resultaba absolutamente crítica da situación social do pobo galego. Dicía así:

Por xiadas, por calores  
Desde qu’amañece ó día  
Dou á terra os meus sudores,  
Mais canto esa terra cria  
Todo... todo é dos señores.

Sirva como exemplo e testemuño da moita e profunda denuncia social que hai non só en *Follas novas* e *En las orillas del Sar*, mais tamén en *Cantares gallegos*, que, non obstante, acostuma presentarse como un libro meramente folclórico. En tan supostamente folclórico libro atópase a declaración nacionalista máis grande e máis sentida que se escribiu nas poesía galega do século XIX:

Probe Galicia, non debes  
Chamarte nunca española,  
Qu’España de ti s’olvida  
Cando eres ¡ay! tan hermosa.  
Cal si na infamia naceras,  
Torpe, de ti s’avergonza,  
Y á nay qu’un fillo despreza  
Nay sin corazón se noma...

Veñamos agora aos nosos días. Ollando cara a un pasado non moi remoto, as bases do nacionalismo galego atópanse, entre outros escritores e ideólogos, en dúas figuras de principios rexionalistas, dun lado Manuel Martínez Murguía, doutro Alfredo Brañas, autor do libro *El regionalismo*, Barcelona, 1889. Pois ben, dende a perspectiva política actual, a figura de Murguía é admirada, defendida e reivindicada polas forzas progresistas, e de modo salientable polo BNG, mentres que a figura de Brañas parece a veces terse convertido en “propiedade” da dereita máis cavernícola, sobre todo do PP. Por contra, resulta curioso comprobar de que maneira lóxica e natural tanto Murguía como Brañas senten un fondo respecto e admiración pola obra de Rosalía, pois ven nela un vehículo das ideas rexionalistas que, cada un á súa maneira, defenden e propugnan. Agora, despois da publicación das *Cartas de Murguía* e outros documentos, teremos que estudar de novo de que maneira Mur-

guía influíu en aspectos da obra da súa dona, porque sabía dende sempre que por medio dela podían espallarse de modo moi axeitado aquelas ideas rexionalistas, defensoras dunha patria galega propia, que compartían e defendían Rosalía e Murguía ■

<sup>1</sup> A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza Conde de Fenosa, 1991-1993.

<sup>2</sup> Rosalía de Castro, *Poesía galega completa I Cantares gallegos*, Edición de Andrés Pociña e Aurora López, Santiago, Sotelo Blanco, 1992; *Poesía galega completa II Follas novas, Poemas soltos, traducións*, Santiago, Sotelo Blanco, 2004.

<sup>3</sup> Santiago, Edicións Laivento, 2000. Datos novos ten a versión española, publicada pola mesma editorial en 2004.

<sup>4</sup> *Cartas a Murguía I*, Edición, introducción e notas Xosé Ramón Barreiro Fernández e Xosé Luís Axeitos, A Coruña, Fundación Barrié, 2003; *Cartas a Murguía II*, Ed., intr. e notas X. R. B. F. e X. L. A., A Coruña, Fundación Barrié, 2005.

<sup>5</sup> Texto galego segundo a edición de M<sup>a</sup> Pilar García Negro, Vigo, Promocións Culturais Galegas, 2004, p. 41; o orixinal é: A. González Besada, *Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del Excmo. Sr. D. Augusto González Besada el día 7 de mayo de 1916*, Madrid, Impr. Clásica Española, 1916, p. 36.

<sup>6</sup> Vede o noso Rosalía de Castro. *Estudios sobre a vida e a obra*, cit., pp. 36-37, onde comentamos a abundante documentación existente sobre esta representación.

<sup>7</sup> M<sup>a</sup> V. Álvarez Ruiz de Ojeda, “Rosalía de Castro, actriz: noticias e documentos”, *Rev. de Estudios Rosalianos I* (2000), pp. 11-43.

<sup>8</sup> R. Carballo Calero, *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*, Lugo, Ediciones Celta, 1959.

<sup>9</sup> R. Carballo Calero, *Op. cit.*, pp. 23-24.

<sup>10</sup> *Cartas a Murguía*, cit., vol. I, pp. 231-232.

<sup>11</sup> R. Carballo Calero, “Referencias a Rosalía en cartas de sus contemporáneos”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 18 (1963), pp.303-313.

<sup>12</sup> *Cartas a Murguía*, I, p. 363.

<sup>13</sup> *Cartas a Murguía*, I, p. 493.

<sup>14</sup> *Cartas a Murguía*, II, p. 18.

<sup>15</sup> *Cartas a Murguía*, II, pp. 389-390.

Francisco Rodríguez Sánchez

# Rosalía, matrimonio e opción afectivo-sexual

Manuel Murguía, ao contrario que Rosalía, tivo unha longa vida, adentrándose 23 anos no século XX. O prolífico historiador, ensaísta e arquivista, conviviu en matrimonio cunha muller de “enérgico carácter”, segundo el (*Rosalía de Castro*, en *Los Precursores*, 1885). Perseguida pola desgraza, camiñou sobre “el abismo de sus propios pensamientos” (*ibidem*). O esposo non poupou clareza en termos abstractos, recoñecendo os poucos días de felicidade dos que a súa muller desfrutou en vida, os contratemplos e golpes de maltrato que padeceu. Nun momento histórico no que as mulleres debían ser “sin hechos ni biografía”, admitía que Rosalía era unha alma feminina “atormentada”, tormento que, tratándose dunha muller, sempre resultaba maior por incomunicábel socialmente. As mulleres de grandes dotes intelectuais, como era a súa esposa, tiñan que aceptar unha “muerte gloriosa (...) el día que entran en el hogar conyugal para ser égida” (*ibidem*)

Murguía aludiu ao mar de contradicións que perseguiron a Rosalía, especialmente após 1877. Nós podemos constatar que, a partir desa data sobre todo, hai fenómenos políticos e económicos, sucesos familiares que contribúen a que a sensación rosaliana sexa de maior derrota e desesperanza. Estamos no réxime da Restauración, previo fracaso do sexenio revolucionario. Entre moitos desencantos, Rosalía ve como se esvae a posibilidade dun Estado Español plurinacional. O seu corazón é atravesado pola dor derivada da morte en accidente do seu fillo Honorato Alejandro, antes de cumprir os dous anos. As dificultades económicas para facer fronte ás necesidades familiares abren o umbral da pobreza sen requilorios. Murguía afástase por máis tempo do fogar. Malia o seu silencio e recolleto, padece ataques de menosprezo como muller e escritora. Sente o deterioro físico progresivo e irreversible: a súa última filla, Valentina, nace morta, pasados



A morte de Rosalía (cadro da súa casa-museo)

a penas tres meses do accidente mortal de Honorato. Murguía recoñece que as adversidades acabaron por dobregar “alma tan enérgica y apasionada” (*ibidem*). Desafortunadamente non escribiu o libro que Rosalía merecía, malia ser consciente de que os escritos entusiastas a ela referidos descoñecían o que fora a súa alma. Así o afirmaba á altura de 1917 (*De la importante influencia que en su tiempo tuvo en Galicia la obra literaria de Rosalía de Castro*, en *La Temporada en Mondariz*, 22 de xullo 1917).

Xa que logo, Murguía era consciente da dignidade persoal, da poderosa capacidade intelectual, da bondade e enerxía da muller con quen casara. Asemade subliñou a disposición rosaliana a recoñecer a Galiza como “la única patria y la patria de sus hijos” (*Los Precursores*). Para Rosalía a única saída non convencional estaba na profesión de escritora, tendo en conta a súa capacidade poética. Murguía é reiterativo indicando o

desencanto sentimental sufrido por Rosalía na mocidade. Alude ao seu desamparo nun Madrid no que non vía horizontes. O seu status socio-económico, a falta de contactos adecuados, o seu carácter nada proclive ao disimulo e á notoriedade, coutaba as súas ansias de intervir socialmente. O coñecemento persoal mutuo acabou en matrimonio, xa encinta Rosalía. Como lembraba Augusto González Besada (*Rosalía Castro. Notas biográficas*, 1916), a parella estaba tan sobrada de capacidades intelectuais como escasa de recursos. Nestas circunstancias, ela estaba abocada a unha especie de ansiedade autorial: tiña dificultades para publicar e sempre por intercesión do marido; era proclive a indagar ou desvendar o que había de estraño ou anormal na realidade, actitude que era fonte de conflito, a comezar pola súa adhesión patriótica a un país, a un pobo, desprezado. Proclive a expresarse con intencionalidade na escrita, como in-

## Rosalía conxugou sempre o abismo do seu pensamento, o desacougo e a dor propias cunha grande capacidade de identificación e comunión coas dores e os sufrimentos colectivos



Manifestación contra a escolas laicas en Santiago a principios de século. A atmosfera de fundamentalismo relixioso afogar á creatividade aínda durante décadas logo da morte de Rosalía

tervención pública rexeneradora, estaba á vez premida polo coidado e as necesidades dunha familia numerosa, nada menos que seis fillos a alimentar e educar. Independente no seu criterio, era sensíbel ao dardo maledicente e á ameaza social, cando evidenciaban inxustiza e hostilidade contra a dignidade de Galiza e a capacidade de pensamento libre da muller. Consecuentemente, a comunicación de Rosalía con Murguía producíase no campo das ideas, no activismo das urxencias a prol da rexeneración do país e da restauración da súa lingua e literatura, papel no que ela tiña un valor relevante e insubstituíbel. Nesta función sempre contou co amparo intelectual e o respeito do marido, que admiraba a súa capacidade e talento artísticos. En Madrid, lonxe da patria, ela con sensación de desterro e sen perspectivas, coñecéranse, seguramente tendo noticias un da outra previamente. Rosalía non era precisamente unha moza vulgar no Santiago da década dos 50. Actriz, recitadora e cantante, de comportamento aberto e sen prexuízos, incluíndo a amizade con mozos, non pasaba inadvertida nos círculos democráticos ou conservadores santiagueses. Rodríguez Seoane, Aurelio

Aguirre, Eduardo Pondal, entre outros, partillaban con ela actividades e amizade.

O inconveniente para Rosalía, como muller que non quería limitarse a “ocupaciones propias de su sexo”, tal e como o padrón e a documentación pública aludían ás mulleres casadas, non desapareceron pola comunión espiritual e a axuda social de Murguía. As limitacións e inconvenientes proviñan dun sistema instaurado socialmente e de grande peso obxectivo. A comezar polo feito de que, actuando Murguía como mascarón de proa perante as casas editoriais para lograr a publicación da obra da súa muller, alimentaba a opinión de que era el quen a inspiraba e mesmo quen a escribía. Convertíase así Rosalía no seu produto, opinión que foi mesmo debidamente contestada, con ironía punzante, por ela (“Las Literatas”, *Almanaque de Soto Freire* para 1866). En efecto, amizades do matrimonio, vinculadas ao mundo editorial, deron a luz as súas obras, inicialmente en ámbitos democráticos e progresistas especialmente: J. Compañel, *La Crónica de Ambos Mundos*, *El Museo Universal*, *Diario de La Coruña*, Soto Freire, *La Propaganda Literaria* de Alejandro Chao... Obrigados a unha convivencia familiar irregular por mos dos avatares

políticos e das dificultades económicas, esta irregularidade agudizouse sobre todo coa Restauración, desde 1875, o que coincide coa visión máis problemática do mundo e coa angustia e o desacougo máis punzante en Rosalía. Os fillos sempre estiveron a cargo dela, contando sempre ao seu carón con familiares maternos e criadas da súa confianza.

Poren, xa a partir de 1871, Rosalía detecta maiores dificultades para abrirse paso no mundo editorial, xusto no momento no que non hai censura. Lémbrese que *Follas Novas* tarda case 10 anos en ver a luz unha vez xestada, por certo, gran parte dela no desterro de Simancas, e non resulta o éxito que tiña significado *Cantares Gallegos*, cando menos nas minorías cultas e na emigración americana. Hai aquí un punto de inflexión en relación á súa participación activa na creación dunha literatura nacional en lingua galega: a célebre deserción da que tanto se ten falado e que, sen lugar a dúbidas, foi provocada pola hostilidade externa, como moi ben recoñece Murguía tamén nos dous textos xa citados. Os libros que seguen a *Follas Novas*, *El Primer Loco* (1881) e *En las Orillas del Sar* (1884), expresan a derrota, a súa posición actitudinal, a dignidade, o recolleemento social, sen renunciar a un patriotismo aceirado. Son tamén intentos de procurar ingresos nun mercado en lingua española, que tampouco lle foi nunca favorábel. Rosalía deixa de escribir prólogos en prosa para xustificar ou explicar os seus libros de poemas, porque xa non hai nada que explicar nen que xustificar. Só existe a convicción de deixar constancia dunha experiencia histórica e psico-social.

Rosalía conxugou sempre o abismo do seu pensamento, o desacougo e a dor propias cunha grande capacidade de identificación e comunión coas dores e os sufrimentos colectivos. Así se converteu nunha especie de hipótese do pobo galego como pobo negado, das súas clases populares,





Virginia Woolf

como desprezadas, das mulleres como marxinas, do anormal no terreo afectivo-sexual, do non oficial e postergado no terreo cultural e lingüístico. As circunstancias tiveron unha grande importancia na evolución de Rosalía e nas posibilidades de desenvolvemento das súas capacidades, como sen dúbida o tiveron na posibilidade dunha vida libre e feliz para moitos sectores do xénero humano. Falámos de que nela cobra moita importancia a explicación-revelación do estraño. Non se calibrou aínda debidamente o feito de que toda a súa obra está tinxida polo afán de indagación e revelación desde o pasmo perante o estraño, o ignorado, o inexplicábel, o tabú, o presentido pero non exteriorizado nen concretado. Neste aspecto falta aínda moito por clarificar. Rosalía revela con símbolos, exposición de situacións chocantes, angustias, conflitos da conciencia e externos, entre outros, o que poderíamos denominar unha terceira opción afectiva e sexual, a que non se reduce ao binomio home/muller heterosexual. Curiosamente é na década dos 60 do século XIX cando algúns intelectuais alemáns, sen dúbida para salvaren os homosexuais da persecución e do pecado, chegaron a falar dun terceiro sexo. Rosalía, concretamente en *El Caballero de las Botas Azules*, representa a Musa, a inspiradora do novo mundo, nun ser andrógino, un terceiro sexo. Ao longo da novela assistiremos precisamente a leccións de tolerancia e apertura no terreo dos

afectos, con claras insinuacións homo-eróticas entre personaxes masculinos e con potente crítica do significado dos estereotipos heterosexuais para as mulleres burguesas. Moitos misterios, moito do inefábel presente en poemas de *Follas Novas* ou *En las Orillas del Sar* está vinculado á angustia que provoca o desexo que non se asume socialmente. O amor que non se atreve a dicir o seu nome está literalmente aludido por Rosalía en "Santa Escolástica", o primoroso e potente poema claramente biográfico de *En las Orillas del Sar*: a expresión apaixonada dun amor en chave homofílica, enlevo perante a fermosura dunha santa e insinuante significado simbólico de querubíns e serafíns na imaxinaría católica. Un seu amigo e admirador, Alfredo Vicenti, na crítica a *El Primer Loco (La Ilustración Gallega y Asturiana*, número 14, 18 de maio de 1881) fala ás claras de que o protagonista é un personaxe travestido: un corpo de home que esconde alma de muller. O inefábel en Rosalía pode concretarse a través do traballo de aproximación e de esforzo desvendador representado pola súa escrita literaria.

Cantas mulleres foron capaces, como ela, de revelar os paradoxos, as contradicións e o desacougo que, a nivel persoal e colectivo, padecía a humanidade? Cantas, naquel contexto histórico, o fixeron e, en particular do seu status económico, da súa procedencia social e dentro dun matrimonio con múltiples fillos e necesi-

dades? Cantas desde unha perspectiva ideolóxica similar? Cantas escritoras padeceron os abismos da incompreensión pública e de ameaza social até tal extremo? Cantas chegaron, pese a ser tan mostrativa dun drama vivido persoalmente, a seren tan simbólicas dunha nación?. Desde logo nen Pardo Bazán no século XIX nen Virginia Woolf no XX poden comparárselle. A primeira non tiña o seu status económico-social e estaba integrada na Restauración. A segunda é doutro tempo histórico moi posterior, e polas súas posicións psíquicas e sociais máis individualista. Posiblemente si teñan puntos de contacto Rosalía e Virginia por unha certa tendencia á autodestrución, mesmo ao suicidio, e o que xa denominamos ansiedade autorial.

A biografía rosaliana vaise debuxando devagar, saíndo das brétemas da normatividade falsificadora, para pasar a exteriorizar o conflito e a estrañeza, o pasmo polo non asumido nen permitido. O desacougo polo desexado e non logrado. Estamos inmersos nunha fase crítica de longo percurso. Temos de lograr máis coñecementos biográficos externos aínda ocultos e censurados. Temos que seguir indagando na súa obra literaria. O pobre Murguía, á altura de 1862, no seu *Diccionario de Escritores Gallegos*, referíase sintomáticamente á escritora Rosalía como "madre y esposa amante, como fue hija cariñosa". Xa entón pretendía agachar o que el mesmo sabía e estaba a cada paso máis actuante na obra literaria da súa muller: os abismos do seu pensamento. Non mentía Murguía. Só ocultaba unha parte substancial da verdade. Nos derradeiros anos da súa vida, recorreu a facelo en grao máis considerábel: había que lograr recoñecemento e integración para Rosalía. Subliñando os aspectos máis problemáticos e heterodoxos non o lograría, para alén de descubrir os segredos máis dolorosos que o afectaban ou recoñecer a existencia de abismos para el inefábeis... ■

# Sombra do meu asombro

## O QUE VÍAS NO ESPELLO

*Daquelas que cantan as pombas e as frores ...*  
Rosalía

Ouh rosa, Rosalía, ao outro lado, un nome orballando palabras na ferverza das horas para dicir o abraio do que vías no espello: Estadea de escravas, toda a noite no rostro, todo o mundo nas costas, collidas na arañeira de paixóns e velenos no amor que inventaron.

Oh rosa, Rosalía, a ser alén dos mortos por fin dona de ti, do lume das avoas e das nais e das fillas por séculos infindos. Por séculos e séculos de mulleres sen nome, e tamén sen palabra, que verteron carraxe no teu cuspe e un berro no teu berro acedísimo.

Oh rosa, Rosalía, que o lume das avoas e das nais e das fillas, o que xa está contigo, sexa sempre connosco, desbote a negra sombra, asombre a noite negra da xeira desigual, do pago desigual, da vontade cativa.

E que voen as pombas e que murchen as flores: Somos donas de nós para sermos mulleres.

## VELAÍ A MULLER

*Mais ve que o meu corazón  
é unha rosa de cen follas.*  
Rosalía

Velaí a muller que baila soa no cavorco da noite: Verte entre os pés a rosa de cen follas como unha chuva maina desfollada, e ondas dun mar de cinsa van e veñen nas praias da cintura. Velaí a muller que canta soa nos oídos do vento: A gorxa ensanguentada e o alarido, o salmo e o murmurio e o salouco, o eco e o silencio, o tanxer dunha cítara sen cordas.

Velaí a muller que vai ao porto e chama polos barcos: Veñen coa proa rota no horizonte, chegan coa treboada nas enxarcias, ela sempre vixía e pon velas de soños polos mastros.

Velaí a muller que está parindo un país coa palabra:

Nai en verbo de amor a encherlle a boca que ten leite de seu para crialo, terra ou Rosalía, clara estirpe de nós cara ao futuro.

## HAI UNHA MOITEDUME

*"... i alí onde o corvo pousa  
soia enterrada está".*  
Rosalía

Tecías, tecelá, señora Rosalía, fíos de sombra para o teu asombro nun ritual sen pombas e sen flores, igual que un suicidio.

Pendurabas da lúa, como un cadro tristísimo, a canseira dos días, todo o abraio de ser, toda a carraxe de vivir nun país deshabitado polos seus moradores hora a hora.

Soa diante do espello, eras ti e eras todas a recontar moedas de desgracia ou doas dun tesouro envelenado e falso.

*Camiño do areal... e ninguén te esperaba,  
botoute fóra o mar...*

Mais somos multitude cegada pola luz da *Negra Sombra* a salmodiar un nome: R o s a l í a.

## LENDO A ROSALÍA

Se desangro o delirio no viño da palabra vés da idade distante, toda a morte vadeas. Apartando sudarios e fitas e coroas acodes ao meu porto e eu teño sobre a mesa a vida que nos deches: *Follas Novas, Cantares*, o teu sangue ancorado nesta beira da ausencia.

Chegas, falas e acendes a candeia de novo, alentas ao meu lado, dásme luz a mancheas e tamén me dás sombra, e tamén me dás medo e unha dor que me abrangue e me afoga e me medra.

E sinto que te quero, que es da miña casa, miña nai, miña amiga, a miña compañeira. E dóiome de ti e quero acalentarte, pero xa te me vas para baixo da pedra.

Non acho crisantemos para enganar a morte cando cala a túa voz ferida de camelias.

## Revista Terra e tempo

Unha das actividades da **Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas** é a edición de revistas, primordialmente da cabeceira histórica **Terra e Tempo** editada pola Unión do Povo Galego (UPG) desde 1965 até o 2003.

O **Terra e Tempo**, desde xullo de 2004, pasa a editarse dun xeito autónomo da UPG, o que lle permite un ritmo de traballo propio. Ao mesmo tempo segue a liña editorial que viña mantendo desde a súa fundación, animado polo ideario nacionalista, e de aí que recuperemos a súa numeración que, sumando os das diferentes etapas (105 na súa primeira, 1965-1994, e 24 na segunda, 1995-2003), arrancou de novo a partir do número 130. O obxectivo actual é recoller achegas para clarificarmonos na comprensión do acontecer actual das máis variadas temáticas desde unha óptica galega



A derradeira lección do mestre

CCCV, Cine Clube Carlos Varela Veiga 1945-1980 (en coprodución)

Peregrinaxes, Viaxando con Manuel María

Bautista Álvarez, unha vida para unha nación

## Producción de audiovisuais

O pensamento e as imaxes deben e teñen que complementarse na súa función divulgativa e/ou instrutora.

Xa son varios os audiovisuais que teñen saído da factoría nacionalista.

## Libros

A Fundación Bautista Álvarez quere, a través da edición da súa colección de libros, iluminar cuestións cardinais da historia do nacionalismo contemporáneo e da Galiza no seu conxunto.



Bautista Álvarez. 40 anos da UPG, 40 preguntas de María Pilar García Negro

## Os cadernos activos

Baixo este título iniciamos unha colección de folletos e DVDs sobre diversos temas que contribúan a unha maior formación nos fundamentos do nacionalismo galego. Cada folleto acompañarase dun DVD de 30 minutos que será unha entrevista co autor ou autora de cada Caderno, respondendo a preguntas que se lle faga sobre o tema tratado. Comezamos o primeiro sobre o idioma.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Comercio



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO  
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO



ARTESANÍA  
DE GALICIA

Cada pequeno detalle, cada curva, cada matiz nas cores e na suxestión que crean as mans dos nosos artesáns e artesás, leva a pegada inimitable dunha tradición inspirada nunha terra onde cada recuncho respira beleza e calidade. En cada creación dos nosos artesáns e artesás atoparás a beleza dun país único. Galiza en estado puro.

**GALIZA EN ESTADO PURO**

[www.artesaniadegalicia.org](http://www.artesaniadegalicia.org)